



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión ordinaria do 14 de marzo de 2018**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez.  
D. Carlos López Font.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Caride Estévez.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez.  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego.  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día catorce de marzo de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(212).- ACTA ANTERIOR.** Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 07 de marzo de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

## **2(213).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIAS DAS SUBVENCIONS AS ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS O ANO 2019. EXPTE. 180400/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12/02/19 e o informe de fiscalización de data 04/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 01/02/19, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política Social, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **I. INFORME**

I.1. Co obxecto de fomentar as actividades das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concillería de Política Social, pretende convocar un ano máis as subvencións para entidades e asociacións desta natureza, destinadas á realización de proxectos, programas e actividades na área dos servizos sociais en 2019.

I.2. Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2 LSG). Para tal fin elaboráronse no Departamento de Benestar social as bases do procedemento de concesión destas subvencións; subvencións que o Concello de Vigo ten previstas no seu orzamento para o ano 2019, destinando a tal efecto unha cantidade de 50.000€ na aplicación nº 2310.489.00.00 "*Subvencións a asociacións, entidades, etc.*".

I.3. O contido das Bases para 2019 é moi semellante ó do ano pasado. As únicas modificacións técnicas introducidas, froito da experiencia práctica durante os últimos exercicios na xestión destas axudas, consistiron en:

a) Suprimir como criterio de valoración o de "*poboación beneficiaria*" (Base 9ª, Apdo. B, Pto. 4 das Bases de 2018), valorado ata agora cun máximo de cinco (5) ptos., por entender que ese criterio xa estaba materialmente integrado noutro anterior, no que xa se ten en conta ás persoas destinatarias ás que se dirixen os proxectos subvencionables (Base 9ª, Apdo. A, Pto. 1). A resultas do anterior, a puntuación máxima asignada ó novo Apdo. B, Pto. 1 das Bases de 2019 pasa a ser de 15 puntos (antes: 10); incrementándose proporcionalmente as puntuacións de cada un dos seus tres subapartados: 15 ptos. - 8 ptos. - 2 puntos (antes: 10 ptos. - 5 ptos. - 1 pto.).

b) Completar a redacción da Base 9ª, Apdo. B, Pto. 2 ("*Accións que se van desenvolver, prazo de execución e coherencia na programación temporal*"), establecendo un mínimo de horas de actividade ó mes a realizar durante a programación temporal proposta polas entidades solicitantes (anual, trimestral...) e un mínimo tamén de 10 meses para as de duración anual. Reaxústase en consecuencia, para gardar a debida proporcionalidade, a puntuación concedida ós proxectos que teñan unha programación para un trimestre ou máis: de 3 a 2 ptos.

c) Modificar o contido da Base 17ª ("*Tratamento de datos de carácter persoal*") para adaptalo ás esixencias derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos



## Concello de Vigo

de carácter persoal e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

I.4. O marco xurídico no que se desenvolve este programa de axudas é o configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

I.5. A concesión destas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e entidades de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades na área dos servizos sociais, abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais, na que se prevé a colaboración municipal no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, o fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local (Art. 60.1.c) da L.13/2008), como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede, a orde de inicio do expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e o documento de Bases elaborado, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das «SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACÍONS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2019», elaboradas polo Departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Autorizar a tal fin o gasto de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 (*“Subvencións a asociacións, entidades, etc.”*) do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO: Aprobar, para os efectos do disposto nos Arts. 17.3.b), 18, 20.8 e 23.2 da LXS, a convocatoria destas axudas e o seu extracto, que deberá ser publicado no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS, con indicación do Boletín oficial no que se publiquen as Bases. Remitiranse tamén á BDNS os datos esenciais que permitan identificar as axudas convocadas (*“datos estruturados”*).

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2019».

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De acordo co Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

É precisamente dentro deste marco normativo e temporal no que se insire esta iniciativa específica de subvencións a entidades e asociacións de carácter social e sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais.



**Concello de Vigo**

## II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia atribúelle ás Corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, entre as que se inclúen as referidas á colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social e a promoción de mecanismos de coordinación das súas actuacións, evitando duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais, así como o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local.

De acordo con esta mesma norma, os poderes públicos están obrigados a fomentar no ámbito dos servizos sociais o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

## III

Precisamente coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais municipais e coadxuvar subsidiariamente ó seu financiamento, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Política Social, leva a cabo unha convocatoria anual de subvencións para entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro que actúen neste ámbito, no marco xurídico configurado pola L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), os preceptos básicos da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como os do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o regulamento da L.38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables.

A concesión destas subvencións efectuarase de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade, de acordo coas seguintes,

### **BASES**

#### **BASE 1ª.- Obxecto**

É obxecto das presentes Bases a regulación da concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais en Vigo no ano 2019, dentro dos niveis de

actuación que establece a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia e cumprindo os requisitos que nestas Bases se indican.

### **BASE 2ª.- Proxectos subvencionables**

Serán subvencionables aqueles proxectos, programas e actividades de asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se desenvolvan no ámbito territorial da cidade de Vigo no sector específico dos servizos sociais e que teñan como destinatarios a un ou varios dos seguintes colectivos:

#### A) Familia e Infancia:

-Proxectos ou actividades que fomenten as habilidades familiares a través de actividades de formación na igualdade e corresponsabilidade dos seus membros, cara á mellora da calidade da actuación parental e a vida familiar.

-Proxectos ou actividades que favorezan a participación das familias cara á súa integración social.

-Programas de apoio psicosocial para situacións de dependencia (autocoidado emocional, autoestima, regulación emocional, habilidades de comunicación e resolución de conflitos, etc.) cara á mellora da calidade da vida familiar.

#### B) Persoas maiores e persoas con discapacidade:

-Programas de información e/ou formación dirixidos a estes colectivos, familiares e coidadores.

-Programas ou actividades dirixidas a persoas maiores e/ou con discapacidade que fomenten a súa psicomotricidade.

- Programas de acompañamento ás persoas maiores que vivan soas.

-Obradoiros alternativos non coincidentes cos desenvolvidos pola Área de Política Social.

#### C) Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas:

-Proxectos socioeducativos e de promoción social dirixidos a estes colectivos socialmente vulnerables.

#### D) Persoas marxinadas sen fogar:

-Proxectos de prevención, tanto individual como familiar ou comunitaria, dirixidos a persoas e colectivos en risco de exclusión social ou desprotección.

#### E) Persoas toxicómanas (alcohólicas e drogodependentes):



## Concello de Vigo

-Proxectos de carácter preventivo, socioeducativo e de promoción da autoestima.

### **BASE 3ª.- Inadmisión e desestimación de solicitudes**

Serán inadmitidas todas aquelas solicitudes de subvención que non cumpran cos requisitos xerais e específicos establecidos nestas Bases, referidos a entidades ou asociacións solicitantes (por non estar inscritas no Rexistro municipal de asociacións) e á natureza dos programas, referido a proxectos e actividades propostas (por non cumprir as condicións da Base segunda).

Unha vez estudados os proxectos presentados e admitidos, desestimaránse aquelas solicitudes nas que o obxecto e/ou finalidade da subvención poida encadrarse nun ou varios dos apartados seguintes:

1. Solicitudes correspondentes a proxectos para os que xa se solicitase axuda a outras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
2. Solicitudes que, aínda que só se presentasen na Área de Política Social, teñan unha relación ou canle máis específica de subvención noutras áreas do Concello ou noutras Administracións, ou aquelas que, pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren exactamente dentro do ámbito de actuación dos servizos sociais.
3. Solicitudes que se refiran a programas, proxectos ou actividades que xa estean a executarse na Concellería de Política Social a través dalgún contrato ou convenio de colaboración.
4. Cando o programa, proxecto ou actividade en cuestión non reúna as condicións mínimas de interese xeral, teñan unha escasa relevancia ou repercusión e/ou non acaden a puntuación mínima esixida na valoración específica.
5. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos ou externos de carácter exclusivamente propagandístico.
6. As que inclúan actividades de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
7. Aquelas que inclúan actividades propias dos clubs deportivos, agás as dirixidas ó colectivo de persoas con discapacidade e que non sexan coincidentes coas desenvolvidas polo Concello.
8. As que inclúan actividades xa levadas a cabo por Administracións públicas, entidades ou unidades que dependen orgánica ou presupostariamente delas.
9. As que inclúan actividades de carácter docente previstas nos programas de ensino, as dirixidas ó estudo, análise ou investigación académica ou estatística e aquelas que inclúan actividades de natureza sanitario-asistencial.

#### **BASE 4ª.- Crédito orzamentario.**

A concesión das subvencións axustarase á aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.489.00.00 - “Subvencións a asociacións, entidades etc. de carácter social”.

Poderá subvencionarse o 100% do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a cantidade de 3.000 € por entidade solicitante.

#### **BASE 5ª.- Compatibilidade**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas procedentes doutras Administracións ou entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custo total do programa, proxecto ou actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006.

#### **BASE 6ª.- Requisitos que deben reunir as entidades solicitantes**

- a) Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases.
- b) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.
- c) Non estar incursoas en ningún dos supostos previstos no Art. 10 da LSG.
- d) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo. Entenderase por “*delegación permanente*” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Neste caso, esta asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ó mantemento da documentación, á contabilidade e coxestión do proxecto na súa oficina de Vigo, entendendo por esta a participación, alomenos, a identificación, formulación, seguimento e avaliación do proxecto.
- e) No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas como de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto así como os dereitos e obrigas de cada unha delas determinaranse nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación da solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha das entidades asume a





## Concello de Vigo

responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.

- f) Non se consideran agrupacións de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación a que pertenza dita asociación ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.
- g) Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes non poderá presentar máis dun proxecto á convocatoria.
- h) Que conforme ós seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes Bases.
- i) Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para cada convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- j) Que se atopen ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

### **BASE 7ª.- Prazo, forma de presentación de solicitudes e documentación**

#### 7.1. Forma e prazo de presentación:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos, que se poden consultar no enlace

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas mediante os modelos oficiais aprobados con estas Bases, que estarán dispoñibles na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

De se achegar presencialmente a solicitude ou a documentación complementaria, requirirase a súa subsanación mediante a presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a subsanación.

Así mesmo e a tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da L.38/2003 (LXS), establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións. A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado dende o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse no "Portal de Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo

<http://transparencia.vigo.org>.

## 7.2. Modelo de presentación de solicitudes:

As solicitudes de subvención presentaranse de acordo co modelo oficial que figura no Anexo I destas Bases.

## 7.3. Documentación:

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

☞ Certificación asinada polo secretario da entidade do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe ós postos de representante legal e secretario/a).

☞ Certificación asinada polo secretario da entidade relativa a:

- Representación da persoa responsable legal da entidade.
- Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade.
- NIF da entidade.

☞ Declaración responsable de estar ó corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia, en base ó réxime simplificado de acreditación do seu cumprimento para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, segundo establece o artigo 24.4 do RD.887/2006. Anexo II.

☞ Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da LSG. Anexo II.

☞ De ser o caso, declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

☞ Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais e o documento de designación do representante ou apoderado único, onde se fagan constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada asociación para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.

☞ Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que se solicita subvención, co contido mínimo seguinte:

- Nome do proxecto
- Obxectivos e fins que persigue
- Actividades por realizar



## Concello de Vigo

- Número aproximado de persoas que se beneficiarán e para as que se destina o proxecto
- Calendario de actividades
- Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.

No suposto de que a entidade presentase esta documentación, ou parte da mesma, a outra convocatoria de axudas do Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con que achegue unha declaración especificando a documentación xa presentada, así como o número de expediente no que consta, debendo anexar unicamente a documentación que falte ou non estea actualizada.

### **BASE 8ª.- Gastos do proxecto**

#### 8.1. Gastos subvencionables:

Serán gastos subvencionables os custos directos e indirectos do programa, proxecto ou actividade subvencionada. Entenderanse como "*custos directos*" aqueles que resulten imprescindibles para a posta en marcha do proxecto, vinculados á execución da intervención, e que financian a consecución dos seus obxectivos. Para os efectos da concesión da axuda teranse en conta:

- a) Materiais consumibles: considéranse os gastos consumibles en prazos inferiores a un ano, tales como material de escritorio, material informático, material de formación, reprografías e imprenta.
- b) Persoal: os gastos de persoal subvencionables poderán incluír salarios e seguros sociais do persoal afecto ó proxecto a cargo da entidade. Para o caso de que se imputen gastos de coordinación, esta actividade deberá ser realizada por persoa física distinta da responsable do proxecto. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.
- c) Servizos técnicos e profesionais requiridos para a realización de análise de necesidades, diagnósticos, capacitacións, seminarios, informes..., previstos para a realización do proxecto.

Considéranse "*custos indirectos*" os gastos propios do funcionamento regular da entidade solicitante que resultan da formulación e execución do proxecto. Non poderán superar o 5% do orzamento total do proxecto. Estes gastos imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptadas e, en todo caso, na medida en que tales gastos correspondan ó período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo acreditarse a porcentaxe aplicada mediante declaración responsable.

#### 8.2. En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables:

- Os bens e equipamentos inventariables
- Os xuros debedores das contas bancarias
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais

- Os gastos de procedementos xudiciais
- As amortizacións de bens inventariables
- Os gastos en atencións protocolarias (xantares, festas, recepcións, regalos, frores, entradas a espectáculos, etc.).

### **BASE 9ª.- Criterios de valoración**

A concesión destas subvencións terá lugar en réxime de concorrència competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Política Social para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer una prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolles as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na convocatoria e dentro do crédito dispoñible. De producirse algunha renuncia, esta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, ó incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nestas Bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os seguintes criterios:

A.- Criterios relacionados coa entidade: ata 10 puntos, desagregados da seguinte forma:

1. Segundo a experiencia no sector determinada pola maior implantación na cidade, ata un máximo de 4 puntos graduados do seguinte xeito:
  - Entidades con 10 ou máis anos de antigüidade: sempre, 4 puntos.
  - Entidades cunha antigüidade de máis de 5 anos e menos de 10: sempre, 2 puntos.
  - Entidades cunha antigüidade igual ou menor de 5 anos: 1 punto.
2. Valorarase cun máximo de 6 puntos a achega financeira da entidade ó proxecto, aplicando a seguinte regra:
  - A entidade non achega recursos propios ó proxecto: 0 puntos.
  - A entidade achega recursos propios ata o 20% do importe do proxecto: 1 punto.
  - A entidade achega recursos propios de entre o 21% e o 40% do importe do proxecto: 2 puntos.
  - A entidade achega recursos propios de entre o 41% e o 80% do importe do proxecto: 4 puntos.
  - A entidade achega recursos propios de mais 81% do importe do proxecto: 6 puntos.

B.- Criterios relacionados co contido do proxecto: ata 30 puntos, desagregados da seguinte forma:



## Concello de Vigo

1. Coherencia dos obxectivos coa problemática presentada, máximo: 15 puntos, graduados do seguinte xeito:

- Proxectos nos que se defina correctamente o ámbito de actuación, a finalidade, obxectivos, destinatarios ós que se dirixe, resultados agardados, recursos necesarios, plan de viabilidade, comunicación e publicidade, fases de proxecto, etc.: 15 puntos.
- Proxectos nos que os obxectivos están definidos de xeito máis xeral, analizando unha determinada problemática no ámbito ou colectivo para o que se solicita a subvención, sen determinar beneficiarios, pero que conteñen os aspectos máis importantes do mesmo, dos cales se deduza a súa plena execución: 8 puntos.
- Proxectos nos que se definan obxectivos e fins dun xeito indicativo sen pormenorizar ningunha das actuaciónes que se pretenden levar a cabo: 2 puntos.

2. Accións que se van desenvolver, prazo de execución e coherencia na programación temporal, máximo: 5 puntos, graduados do seguinte xeito:

- Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a actividade se realice cos beneficiarios durante todo o ano, cun mínimo de 8 horas/mes e durante un mínimo de 10 meses: 5 puntos.
- Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e teñan unha programación da actividade para os/as beneficiarios/as para un trimestre ou máis, cun mínimo de 8 horas/mes durante un trimestre: 2 puntos.
- Proxectos nos que se determinen as accións a desenvolver dentro do proxecto, que a relación custo total e programación temporal sexan consecuentes e a programación sexa inferior a un trimestre: 1 punto.

3. Coherencia das aplicacións orzamentarias cos obxectivos de proxecto: máximo 5 puntos.

- Proxectos que presenten unha estudada viabilidade, un presuposto ben elaborado, asignando e distribuindo custos por fontes de financiamento e considerando os custos indirectos que ocasiona a execución en todas as fases: 5 puntos.
- Proxectos que presenten un presuposto ben elaborado, asignando e distribuindo custos e considerando custos indirectos que ocasiona a execución: 3 puntos.
- Proxectos que presenten un presuposto de custo da actividade no que se indique só o gasto global para súa execución: 1 punto.

4. Proxectos singulares de especial interese social: outorgarase ata un máximo de 5 puntos ós proxectos presentados polas entidades sociais que incidan directamente nestes dous ámbitos:

- 1) Acompañamento e asistencia ás persoas maiores que vivan soas.

- 2) Acceso á vivenda (programas e proxectos dirixidos a facilitar unha alternativa residencial ás persoas que carecen deste recurso).

Serán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 4 puntos nos contidos do apartado A e un mínimo de 15 puntos na suma de todos os criterios.

#### **BASE 10ª.- Instrucción do procedemento**

A instrucción do procedemento de concesión destas axudas correspóndelle ó Departamento de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, se fose necesario, requirirá para que no prazo de dez (10) días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 68 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

#### **BASE 11ª.- Tramitación e resolución das solicitudes**

11.1. Os responsables da instrucción do procedemento avaliarán as solicitudes de conformidade cos criterios aplicables e realizarán a valoración da axuda a percibir de acordo con estas Bases. Tamén farán constar expresamente que da información que obra no seu poder resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas.

11.2. Rematada a instrucción do procedemento, remitiráselle á Comisión técnica de avaliación.

11.3. A proposta de resolución conterá unha relación con todos os solicitantes que participaron na convocatoria e a proposta que proceda:

- *Concedidas*: reseñarse a axuda de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.
- *Denegadas*: farase constar sempre a causa da denegación.

11.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta do instructor do procedemento e previo informe da Comisión técnica de avaliación, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do orzamento de Benestar social do Concello.

11.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

11.6. Unha vez resolto o procedemento, publicarase na paxina web municipal e no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello a información relativa ás entidades beneficiarias, axudas concedidas ou denegadas e á súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.



## Concello de Vigo

### **BASE 12ª.- Comisión de Avaliación**

A Comisión técnica de avaliación destas axudas estará presidida pola Concelleira de Política Social e integrada polos Xefes de Área e Servizo de Benestar Social e a técnica de actividades económicas do Departamento, que actuará como secretaria.

### **BASE 13ª.- Recursos**

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

### **BASE 14ª.- Obrigas dos beneficiarios**

A concesión das subvencións ás entidades beneficiarias implica a asunción de todas as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións públicas a entidades sen ánimo de lucro. En concreto, obríganse especificamente a:

- Realizar o proxecto ou actividade que fundamenta a concesión da subvención.
- Empregar a lingua galega na realización das actividades.
- Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos e na forma prevista nestas Bases (documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos), así como á realización da actividade e ó cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.
- Colaborar coas actuacións de comprobación e información, quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado nestas Bases.
- Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.
- Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.
- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento municipal do proxecto ou programa en todas as actividades e comunicacións que realicen (previa conformidade da Concellería de Política Social), facendo constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo e comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

- Cumprir coas demais obrigas consignadas nos artigos 14 da LXS e 11 da LSG.

#### **BASE 15ª.- Prazo e forma de xustificación**

Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.

A xustificación das axudas deberase presentarse, como máximo, ata o 31 de outubro de 2019. Con todo, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, este prazo poderá ser ampliado excepcionalmente e de forma motivada, sempre de acordo coa normativa orzamentaria aplicable, as Bases de execución do orzamento e as normas xerais de peche do exercicio que se acorden.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da LXS e 28 da LSG, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá Memoria de actuación e Memoria económica xustificativas.

A documentación xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e constará de:

1) Xustificación técnica: indicará, co máximo detalle, os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, así como a análise da súa sustentabilidade futura e incluirá:

- Certificación da persoa que desempeñe a representación legal da entidade beneficiaria acreditativa da total realización do proxecto e da aplicación dos fondos ó fin destinado.
- Memoria de execución dos obxectivos, actividades e resultados acadados polo proxecto. Deberá estar asinada pola persoa responsable do proxecto.

2) Xustificación económica: comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizarase mediante a forma de conta xustificativa. Presentarase utilizando o Anexo III, que inclúe:

- Unha relación clasificada de todos os gastos vinculados á subvención.
- Facturas e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, incorporados na relación anterior e polo importe subvencionado. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD.1619/2012, do 30





## Concello de Vigo

de novembro, polo que se aprobou o Regulamento regulador da obrigas de facturación. Terase en conta como importe xustificativo a base imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, a non ser que se acredite, mediante declaración responsable, que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.
- Declaración responsable sobre os seguintes extremos:
  - Que os gastos son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.
  - Que a entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.
  - Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
  - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Comunidade Autónoma de Galicia e Tesourería da Seguridade Social.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas, indicando o importe que se imputa á subvención (total/parcial).

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ó cobro parcial e redución da subvención en caso de que non se execute algunha das actividades previstas no proxecto ou de que se incumpra algunha das obrigas do beneficiario. Así mesmo, poderá reducirse a subvención cando os gastos xustificadas fosen inferiores ós subvencionados ou se obtivesen ingresos superiores ós previstos.

### **BASE 16<sup>a</sup>.- Seguimento**

O persoal técnico do Departamento de Benestar social será o encargado do seguimento da execución das subvencións así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante a emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de

manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención e a conformidade cos documentos xustificativos presentados ou, de ser o caso, aquelas circunstancias que imposibilitan a súa aprobación.

#### **BASE 17ª.- Tratamento de datos de carácter persoal**

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

#### **BASE 18ª.- Norma final**

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigos 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, do 21 de xuño; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



**Concello de Vigo**

**ANEXO I**

<b>SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANO: 2019</b>
--	------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME COMPLETO DA ENTIDADE

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

CÓDIGO POS-TAL

PROVINCIA

TELEFONO

FAX

CORREO ELECTRONICO

DATA DE CONSTITUCIÓN

DATA E/OU NÚM. INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIÓNS MUNICIPAL

**RESPONSABLE DA ENTIDADE**

NOME E APELIDOS

DNI

**DATOS DO PROXECTO**

TÍTULO DO PROXECTO

CUSTO TOTAL DO PROXECTO    SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)    % COFINANCIAMENTO POLA ENTIDADE

**FINANCIAMENTO DO PROXECTO (EN €)**

	ENTIDADE	IMPORTE
1. CUSTO TOTAL		
2. SUBVENCIÓN SOLICITADA		
3. OUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS (EUROPEAS, ESTATAIS, AUTONÓMICAS, LOCAIS)		
4. ACHEGA PROPIA		
5. ACHEGAS PRIVADAS (IDENTIFIQUESE O ORGANISMO)		
6. OUTRAS PETICIÓN REALIZADAS PENDENTES DE RESPONDA (INDTIFIQUESE ORGANISMO)		

**DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DO PROXECTO**

NOME E APELIDOS

ENDEREZO	TELEFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

## DOCUMENTACIÓN

### 1. Orixinal documento de formulación do proxecto

- Nome do proxecto
- Obxectivos e fins que persigue
- Actividades a realizar
- Número aproximado de persoas que se benefician e para as que se destina o proxecto.
- Calendario de actividades
- Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización da actividade ou proxecto.

### 2. Documentación administrativa:

#### a) Certificación asinada polo/a secretario/a da entidade relativa a:

- Representación da persoa responsable legal da entidade. A falta de certificación do/a secretario/a, presentarse poder bastante sobre a representación para o seu responsable.
- Acordo adoptado pola entidade para solicitar a subvención.
- Disponibilidade de sede central ou delegación permanente en Vigo.
- Composición do órgano de goberno da entidade (as renovacións ou modificacións da súa composición deben ser notificadas, especialmente no que atinxe ós postos de representante legal e secretario/a).
- NIF da entidade.
- Nº de socios da asociación.

b) Declaración responsable do/a representante legal da entidade en que se faga constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o modelo que figura como Anexo II.

c) Declaración responsable do/a representante legal da entidade en que se faga constar estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais, e coa Seguridade Social, segundo o modelo que figura como Anexo II.

d) Declaración responsable do/a representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas a entidades públicas ou privadas para mesma finalidade segundo o modelo que figura como Anexo II.

e) Cando varias entidades se agrupen para a realización dun proxecto, deberán xuntar o acordo de colaboración asinado entre os seus representantes legais, así como o documento da designación do representante común.

## SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

	o	de	de
--	---	----	----

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)



Concello de Vigo

## ANEXO II

**SOLICITUDE SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.**

**ANO: 2019**

### 1. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

DATOS DA CONTA DO/DA SOLICITANTE DA AXUDA

NOME DA ENTIDADE BANCARIA

Nº DE CONTA BANCARIA

### 2. DECLARACIÓNS

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son certos os datos consignados na solicitude e acepto someterme ás normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que se solicite e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiaria segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a entidade que represento atópase ó día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais e coa Seguridade Social e que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a esta entidade SI / NON se lle concederon outras subvencións para a mesma finalidade:

Relación de axudas solicitadas: Organismos públicos e entidades privadas (indicar procedencia)	Importe

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data

	o	de	de
--	---	----	----

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

S. ord. 14/03/19

### ANEXO III

<b>SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANO: 2019</b>
--	------------------

#### CONTA XUSTIFICATIVA

**NOME DO PROXECTO**

**NOME COMPLETO DA ENTIDADE**

**NIF**

**ENDEREZO**

**LOCALIDADE**

**REPOSABLE DA ENTIDADE**

**NOME E APELIDOS**

**DNI**

**DECLARACIÓN:**

a) Que a entidade que represento recibiu unha subvención de \_\_\_\_\_ euros e realizáronse os gastos que se relacionan:

Facturas:

PROVEDOR/EMPRESA	CIF	Nº FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE
			TOTAL.....	



## Concello de Vigo

### SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.

ANEXO III (segue)

Nóminas presentadas como xustificación:

TRABALLADOR	NÓMINA MES	BRUTO NOMINA	S.S. EM- PRESA	CUSTO TRA- BALLADOR	IMPORTE APLICA- DO Á SUBVEN- CIÓN

b) Que os gastos que arriba se detallan son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.

c) Que a Entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.

d) A esta entidade SI/ NON se lle concederon outras subvencións para a mesma finalidade.

Relación de axudas concedidas: Organismos públicos e entidades privadas (indicar procedencia)	Importe

<b>SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANEXO III (segue)</b>
--	--------------------------

e) Respecto á actividade realizada, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos realizados, sendo destinadas todas as achegas á actividade subvencionada.

f) Que a actividade foi realizada de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención, e que o custo total de dita actividade foi de \_\_\_\_\_ €

g) Que se acompañan as facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente esixidas na Base 15ª. Terase en conta como importe xustificativo a base impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto.

Esta entidade            SI/    NON    está obrigada a presentar declaración por IVE.

h) Que os gastos        que            constitúen rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención foron practicados, declarados, liquidados e ingresados na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

i) Que a asociación está actualmente ó corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social e Concello de Vigo

---

SINATURA DO/A SECRETARIO/A OU PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE

Lugar e data

	o	de	de	
--	---	----	----	--

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)





### GUIÓN A SEGUIR PARA A MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO

#### A. SOBRE A ENTIDADE

---

**1. Datos da entidade solicitante**

Nome da entidade, NIF, natureza xurídica (asociación, cooperativa, fundación, federación...), número de Rexistro de Entidades, horario habitual de atención, persoa responsable do proxecto.

**2. Ámbito prioritario de intervención da entidade.**

Temático, poboacional ou por destinatarios (acción social, familias, nenos, xente maior, persoas recién chegadas, poboación con necesidades específicas, poboación en xeral...).

**3. Principais proxectos e/ou servizos desenvolvidos.**

**4. Recursos técnicos e materiais.**

Recursos humanos (profesionais asalariados/colaboradores/voluntarios...); equipamentos ou espazos propios e outros.

#### B. SOBRE O PROXECTO PRESENTADO

---

**5. Identificación.**

Denominación, modalidade ou ámbito temático prioritario que aborda, lugar de realización da actividade ou servizo, persoas destinatarias, outras entidades colaboradoras, data de inicio e data de finalización.

**6. Breve descrición.**

Resumo do proxecto, antigüidade do proxecto, orixe da idea, significación dentro da entidade ou do equipo de traballo, expectativas, oportunidade de desenvolvemento, etc.

**7. Finalidade o proxecto.**

Situación sobre a que se require intervir, o reto do proxecto.

**8. Obxectivos.**

Obxectivo xeral (acción xenérica que dá sentido ó proxecto), obxectivos específicos (accións concretas e ben definidas que se queren alcanzar).

**9. Resultados esperados.**

O impacto concreto que terá a vosa acción unha vez levada a cabo. Sistemas de seguimento e avaliación previstos.

**10. Recursos mínimos necesarios para desenvolver o proxecto.**

Humanos (número de persoas que colaborarán no proxecto) infraestruturas (locais, instalacións, equipos técnicos), materiais (o que teredes que alugar ou comprar, funxible ou non), económicos (capital mínimo para poder executar o proxecto).

**11. Plan de viabilidade económica do proxecto.**

Gastos previstos, por tipoloxías (en recursos humanos, material, transporte, infraestruturas, viaxes e desprazamentos, aloxamento, dietas, seguros, publicidade e outros). Total de gastos previstos.

Ingresos previstos (os aportados pola entidade, esta subvención, outras subvencións previstas, outros). Total de ingresos previstos.

## 12. Plan de comunicación e publicidade.

Produtos que se previron (carteis, dípticos, trípticos ou outros programas de man, bandoleiras, web, outros medios de difusión). Campañas ou accións concretas de difusión.

## 13. Fases do proxecto (actividades relevantes e calendario básico).

Fases (denominación e breve descrición de cada unha), actividades relevantes de cada fase (breve descrición do que vai pasar), calendario básico (datos do inicio e de finalización de cada actividade descrita).

<b>SUBVENCIÓN A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS.</b>	<b>ANO: 2019</b>
--	------------------

### MODELO DE RENUNCIA

NOME COMPLETO DA ENTIDADE				NIF
<input type="text"/>				<input type="text"/>
ENDEREZO				LOCALIDADE
<input type="text"/>				<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELEFONO	FAX	CORREO ELECTRONICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

### RESPONSABLE DA ENTIDADE

NOME E APELIDOS	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>

En relación á resolución pola que se nos concedeu unha subvención por importe de \_\_\_\_\_ euros para levar a cabo a actividade denominada \_\_\_\_\_, esta entidade decidiu **RENUNCIAR** á mesma polos seguintes motivos:

### SINATURA DO/A SECRETARIO/A OU PERSOA RESPONSABLE DA ENTIDADE

Lugar e data

<input type="text"/>	o	de	d
----------------------	---	----	---

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos das entidades e asociacións solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións. Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do



## Concello de Vigo

tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

### CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2019. CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DELEGADA DE POLÍTICA SOCIAL.

#### **Bases reguladoras.**

As Bases reguladoras das «SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2019», aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº ..... do .....

#### **Crédito presupuestario.**

A concesión das subvencions axustarase a dotación anual da aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.489.00.00 - “Subvencions a asociacións, entidades etc. de carácter social” (50.000€).

#### **Obxecto, finalidade e destinatarios.**

As Bases aprobadas teñen por obxecto fixar os criterios cara a concesión de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais, dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

#### **Réxime de concesión.**

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.

#### **Requisitos.**

- k) Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro, que teña entre os seus fins o desenvolvemento de actividades sociais e con implantación local. Para estes efectos, os seus estatutos ou normas reguladoras deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nestas Bases.
- l) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación cidadá do Concello de Vigo na data na que remata o prazo de presentación de solicitudes.

- m) Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no Art. 10 da LSG.
- n) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente no termo municipal de Vigo.
- o) No caso de agrupación de entidades, todas elas deberán cumprir os requisitos anteriores. As entidades agrupadas asumen a responsabilidade conxunta do proxecto e designarán un domicilio único e unha cabeza de agrupación, tanto para efectos de notificacións administrativas como de interlocución coa Administración. A porcentaxe de participación de cada entidade no proxecto así como os dereitos e obrigas de cada unha delas determinaranse nun convenio que deberán xuntar cando se presente a documentación da solicitude. Neste convenio deberá sinalarse que cada unha das entidades asume a responsabilidade directa pola súa porcentaxe de participación e subsidiaria pola totalidade do proxecto.
- p) Non se consideran agrupacións de entidades aquelas que estean formadas por unha asociación e a federación a que pertenza dita asociación ou aquelas en que os órganos de goberno sexan coincidentes, total ou parcialmente, en todas as entidades agrupadas.
- q) Cada entidade ou agrupación de entidades solicitantes non poderá presentar máis dun proxecto á convocatoria.
- r) Que conforme ós seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes Bases.
- s) Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para cada convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaíse resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- t) Que se atopen ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

### **Instrucción e resolución: órganos competentes.**

O Departamento de Benestar Social será o encargado da instrucción do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión técnica de valoración e a Xunta de Goberno Local, a proposta do instructor do procedemento e previo informe da Comisión, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo a aplicación orzamentaria indicada.

### **Presentación de solicitudes e prazo.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPA-CAP), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos, que se poden consultar no enlace

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación será dun mes (1), contado desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b], 18 e 20.8.a]) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións - BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social e na páxina web do Concello de Vigo



## Concello de Vigo

[www.vigo.org](http://www.vigo.org) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>

### **Prazo de resolución e notificación.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres (3) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

### **Solicitude e documentación.**

As solicitudes das axudas, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I.

### **Recursos.**

Contra o acordo de aprobación das Bases e a convocatoria e contra as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

### **Criterios de valoración e distribución das subvencións.**

A cantidade prevista (50.000€) repartirase entre os beneficiarios proporcionalmente á puntuación obtida, para o que levará a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo aos criterios de valoración que se indican, adxudicando as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible. De producirse algunha renuncia, ésta non dará lugar a un novo cálculo das cantidades asignadas inicialmente nin, polo tanto, o incremento dos importes correspondentes ás entidades que aceptaron a subvención.

Os proxectos que cumpran os requisitos sinalados nas Bases reguladoras serán avaliados tendo en conta os criterios determinados nas mesmas (Base novena).

### **Publicidade.**

Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local, notificarase a todas as entidades solicitantes a resolución estimatoria ou desestimatoria.

Publicarase na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello a información relativa as entidades beneficiarias, as axudas concedidas ou denegadas e a súa contía. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO. CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DELEGADA DE POLÍTICA SOCIAL. 2019

De conformidade co previsto nos Arts. 17.3.b) e 20.8.a) da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o EXTRACTO DA CONVOCATORIA das subvencións indicadas. O seu texto íntegro pode consultarse na web da BDNS.

**Beneficiarios.**

As subvencións diríxense a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais dentro dos niveis de actuación que establece a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

**Obxecto e finalidade.**

Proxectos, programas e actividades presentados por asociacións e entidades sen ánimo de lucro que se leven a cabo no ámbito territorial da cidade de Vigo no sector específico dos servizos sociais e que teñan como destinatarios a un ou varios dos seguintes colectivos:

- A) Familia e Infancia
- B) Persoas maiores e persoas con discapacidade
- C) Persoas emigrantes, inmigrantes e minorías étnicas
- D) Persoas marxinadas sen fogar
- E) Persoas toxicómanas (alcohólicas e drogodependentes).

**Bases reguladoras.**

As Bases reguladoras deste Programa, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº ..... do .....

**Crédito orzamentario.**

A concesión das subvencións axustarase no seu conxunto á aplicación orzamentaria da Concellería de Política Social nº 2310.489.00.00 ("*Subvenciones a asociacións, entidades, etc. de carácter social*"), dotada cun total de 50.000€.

**Presentación de solicitudes e prazo.**

As solicitudes, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I das Bases a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos

(<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>). O prazo de presentación será dun (1) mes, contado desde o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria.



## Concello de Vigo

### **3(214).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES PARA LIBROS E COMEDOR 2018-2019. EXPTE. 153042/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 07/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 27/02/19, asinado pola traballadora social, o asesor xurídico adxunto de Benestar Social, o xefe de Área, e pola concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

#### I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 03.05.2018, acordou aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2018-2019», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 153042/301).

I.2. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados do termo municipal de Vigo, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2018 consignárase unha cantidade por importe de 1.200.000 € destinada, especificamente, a cubrir este tipo de necesidades sociais (aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 – “*Becas libros, comedor*”), realizándose posteriormente unha ampliación orzamentaria para as axudas de comedor.

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no BOP de Pontevedra nº 94, do 16.05.2018 e o extracto da convocatoria no BOP nº 103 do 30.05.2018.

I.5. Durante o prazo de presentación de solicitudes presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 3.450 que corresponden a 4.647 alumnas/os, das/os que 1.888 solicitaron libros e material escolar e 4.065 comedor, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases.

I.6. Rematada a instrución do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas de libros e comedor, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 18.10.2018).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base 12 deste Programa de axudas, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 08.11.2018

acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: Aprobar a ampliación en 29.247,64€ do RCFUT 201800041448 (714.219,20€) para facer fronte ó gasto representado polas axudas de comedor 2019 (xaneiro-xuño), que ascende a 743.466,84€.

*SEGUNDO: Axudas municipais de libros e material escolar, curso 2018-2019:*

2.1. *CONCEDER* as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.253 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª) para obter a condición de beneficiarias/os da subvención, existindo crédito orzamentario para a súa concesión.

O gasto de 106.505,00€ financiaráse con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00 - RC 201800041444 (110.000,00€) e pagarase mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605711003670 e remata co núm. 3605723004872.

2.2. *DENEGAR* as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 635 alumnas/os por incumprimento dalgún dos requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria.

Relaciónanse no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605724003278 e remata co núm. 3605701003779, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

*TERCEIRO: Axudas municipais escolares de comedor, curso 2018-2019:*

3.1. *CONCEDER* axudas municipais de comedor a 3.186 alumnas/os que reúnen os requisitos (LSG e base 6ª), que se pagarán con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, ano 2018, RC 201800041445 (375.780,80€) e RC 201800078124 (40.336,76€) RC 201800078129 (4.300,00€) e RC 201800081471 (64.000€).

As/os beneficiarias/os destas axudas aparecen relacionadas no Anexo II, que comeza co expediente nº 3605711003670 e remata co nº 3605712001930.

3.2 *DENEGAR* as axudas municipais de comedor ás/ós 879 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza co expediente núm. 3605714004299 e remata co nº 3605701003779, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

*CUARTO: Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no "Portal da Transparencia e bo goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>, con remisión da información necesaria á BDNS.*

*QUINTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse*





## Concello de Vigo

*recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».*

I.8. Contra aquel acordo da Xunta de Goberno local algunhas das persoas interesadas presentaron no Rexistro xeral municipal RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe.

### II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, os recursos potestativos de reposición presentados diríxense contra o precitado acordo da Xunta de Goberno Local do 08.11.2018, desestimatorio das súas solicitudes de concesión de axudas con cargo ás bases e convocatoria aprobadas.

III.3. Os escritos de recurso cumpren cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpóñense en prazo e forma polas persoas interesadas e diríxense fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Examinado o seu contido pola Comisión de Valoración, propón DESESTIMAR expresamente os recursos que se relacionan no ANEXO I, que comenza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36122892-N (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº 76899522-B (nº 38), toda vez que o acordo da XGL impugnado resulta axustado ás Bases do Programa de axudas e as respectivas solicitudes foron correctamente desestimadas por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos e ESTIMAR os relacionados no ANEXO II, que comenza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 39451273-V (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. nº X440648Y (nº 31), polas razóns que en cada caso se indican.

### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-119 e 123-124 da LPACAP e a proposta efectuada pola Comisión de Valoración (Acta do 26.02.2019), propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

«ACORDO



## Concello de Vigo

PRIMEIRO: Desestimar os recursos potestativos de reposición presentados contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 08.11.2018 polo que se denegaron as solicitudes de concesión de axudas ó abeiro das «Bases reguladoras para a concesión de Axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo – Curso 2018-2019» que figuran no Anexo I, por incumprir algún dos requisitos reseñados na Base Sexta. O Anexo I comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 36122892-N (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 76899522-B (nº 38).

	<b>DNI</b>	<b>NÚMERO</b>	<b>DATA</b>	<b>MOTIVO</b>
<b>1</b>	36122892N	180194701	05/12/18	f
<b>2</b>	Y0663419K	190002713	08/01/19	f
<b>3</b>	36148652N	180185890	20/11/18	f
<b>4</b>	36131312Z	180195852	10/12/18	f
<b>5</b>	36099417C	180200857	17/12/18	f
<b>6</b>	34846487S	180198540	13/12/18	f
<b>7</b>	36142262Q	180174155	30/10/18	f
<b>8</b>	36115983A	180200545	17/12/18	f
<b>9</b>	77412192B	180199863	14/12/18	f
<b>10</b>	Y3907965A	180185604	20/11/18	f
<b>11</b>	74639127X	180188057	23/11/18	f
<b>12</b>	36133160E	180193265	07/12/18	f
<b>13</b>	36101213E	180198781	13/12/18	f
<b>14</b>	34628149Q	180194907	05/12/18	f
<b>15</b>	53171488L	180197626	12/12/18	f
<b>16</b>	36156172B	180200812	17/12/18	f
<b>17</b>	36148534D	180196942	11/12/18	f
<b>18</b>	36073098J	180187981	23/11/18	a
<b>19</b>	36128587A	180182324	14/11/18	f
<b>20</b>	53184070C	190000984	03/01/19	f
<b>21</b>	53170709E	180187481	22/11/18	g

	<b>DNI</b>	<b>NÚMERO</b>	<b>DATA</b>	<b>MOTIVO</b>
<b>22</b>	16805090W	180202299	19/12/18	a
<b>23</b>	36152549E	180192625	03/12/18	f
<b>24</b>	36168205S	180200121	14/12/18	f
<b>25</b>	31715778C	180207641	31/12/18	f
<b>26</b>	44817612L	180205971	27/12/18	a

<b>27</b>	36098078S	180183570	15/11/18	f
<b>28</b>	36112565N	180195521	07/12/18	f
<b>29</b>	36118332Y	190019440	07/02/19	f
<b>30</b>	39513864W	180198704	13/12/18	f
<b>31</b>	36100448Q	180204362	21/12/18	a
<b>32</b>	36147180N	190001097	03/01/19	a, f
<b>33</b>	53177243R	180204436	21/12/18	f
<b>34</b>	36084833H	180198750	13/12/18	f
<b>35</b>	53177829N	180195503	07/12/18	f
<b>36</b>	36113367D	180192227	30/11/18	f
<b>37</b>	36137854R	180204194	21/12/18	f
<b>38</b>	76899522B	180204171	21/12/18	f

Requisito incumplido (Base 6ª):

(a) Que a unidade familiar de convivencia resida e estea empadroada no Concello de Vigo.

(f) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM.

(g) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.

SEGUNDO: Estimar os recursos que figuran no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pas. n.º 39451273V (nº 1) e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pas. n.º X4406484Y (nº 31). O gasto que comportaría a estimación destes recursos financiouse con cargo ás baixas producidas neste Programa de axudas, polo que non supón máis gasto, coa salvedade indicada no apartado terceiro deste acordo.



## Concello de Vigo

	DNI	NÚMERO	DATA	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE
1	39451273V	190003244	09/01/19	2		82,00 €
2	Y0346787F	180181940	13/11/18	1		41,00 €
3	54469746L	180194291	04/12/18	1		41,00 €
4	44476274R	180186321	21/11/18	1	85,00 €	
5	Y5828646T	180187457	22/11/18	1	85,00 €	
6	Y3903544K	180194592	05/12/18	1	85,00 €	
7	36058254G	180197647	10/12/18	1		41,00 €
8	53184146G	180194482	05/12/18	1		41,00 €
9	39490173R	180182497	14/11/18	1	85,00 €	
10	36116743E	180189290	27/11/18	1	85,00 €	41,00 €
11	54661219V	180191797	30/11/18	1	85,00 €	41,00 €
12	36119352Z	180207345	28/12/18	1		41,00 €
13	36130667J	180181577	13/11/18	1	85,00 €	
14	39450536Q	180183177	15/11/18	1	85,00 €	
15	X8037549S	180189588	27/11/18	1	85,00 €	
16	36102825R	180183466	15/11/18	3		41,00 €
17	32685491F	180185815	20/11/18	3	85,00 €	
18	44447749L	180203316	20/12/18	2	85,00 €	
19	36088116N	180192723	03/12/18	1	85,00 €	
20	36163356L	180181895	13/11/18	3		41,00 €
21	53180076M	180188594	26/11/18	1	85,00 €	
22	34959469K	180186718	21/11/18	1	85,00 €	
23	53170704V	180194520	05/12/18	1	85,00 €	82,00 €
24	Y3987359R	180183062	14/11/18	1	85,00 €	
25	54427014K	180183862	15/11/18	1	85,00 €	
26	36128826N	180187357	22/11/18	1	85,00 €	
27	53177986P	180201494	18/12/18	1	85,00 €	41,00 €

	DNI	NÚMERO	DATA	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE
28	Y3053650T	180185703	20/11/18	1	85,00 €	
29	36149303L	180180888	12/11/18	1		41,00 €
30	Y1620721V	180197197	11/12/18	1	85,00 €	
31	X4406484Y	180183393	15/11/18	1	85,00 €	
<b>TOTAL</b>					1.870,00 €	615,00 €

Códigos:

- (1) Corrección de erro material.
- (2) Presenta certificado de discapacidade con validez en periodo ordinario.
- (3) Deterioro situación económica.

TERCEIRO: Aprobar o gasto de 340,00€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 – “Becas libros, comedor” dos orzamentos de 2019, para realizar o pagamento das seguintes axudas de libros e material escolar incluídas no Anexo II que se atopan pendentes de pago:

	DNI	NÚMERO	DATA	MOTIVO	LIBROS: IMPORTE	COMEDOR: IMPORTE
18	44447749L	180203316	20/12/18	2	85,00 €	
27	53177986P	180201494	18/12/18	1	85,00 €	41,00 €
28	Y3053650T	180185703	20/11/18	1	85,00 €	
30	Y1620721V	180197197	11/12/18	1	85,00 €	
<b>TOTAL:</b>					340,00 €	

CUARTO: Notificar ás persoas recorrentes, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**4(215).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO PRESENTADO NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE BOUZAS E TOMÁS ALONSO. EXPTE. 21847/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 11/03/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 48/2019 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 44/2019, iinterposto por D. José Luis Rey Parente actuando en nome e representación de COLEGIO LOS MILAGROS S.L. contra o acordo de exclusión da súa oferta do procedemento de licitación da xestiónparcial das escolas infantís de Tomas Alonso e de Bouzas, expediente 21847-332 . Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por COLEGIO LOS MILAGROS S.L. contra o acordo de exclusión da súa oferta do procedemento de licitación da xestión parcial das escolas infantís de Tomas Alonso e de Bouzas, do Concello de Vigo .
2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**5(216).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE PRESENTADA POR CLECE, S.A. DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE BOUZAS E TOMÁS ALONSO. EXPTE. 21847/332.**

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

**6(217).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO A FAVOR DA FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE POLA DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA PROMOCIÓN DO DEPORTE NA CIUDE DE VIGO DURANTE O ANO 2019. EXPTE. 18190/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/02/19 e o informe de fiscalización de data 05/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/19, asinado polo xefe do Servizo de Deporte, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente 18190/333 sobre a transferencia de financiamento á Fundación Vigo en Deporte, atendendo á observación detallada no informe xurídico de data 18/02/19, procédese corrixir a referencia que se fai á Lei 15/1999, do 1 de outubro, substituíndo esta pola vixente Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Atendendo ós antecedentes descritos, faise o seguinte proposta:

A Fundación Vigo en Deporte (en adiante VIDE) é unha organización de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego, da Lei de Galicia 11/1991, de 8 de novembro, de reforma da anterior, do Decreto 248/1992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, e da Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral.

Na documentación achegada pola Fundación Vide consta a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2019, que ascende a un total de 163.000,00€ tal como se detalla:

- Gastos:

Axudas e outros	69.000,00 €
Persoal	25.000,00 €
Gastos de explotación	69.000,00 €
Total	163.000,00€

- Ingresos:

Transferencia Concello de Vigo	125.00,00 €
Achegas privadas	4.000,00 €
Cotas usuarios	34.000,00 €
Total	163.000,00€





## Concello de Vigo

A Fundación Vide, desde o ano 2014, tramita os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; da mesma forma, con carácter trimestral desde a Fundación Vide se cumprimenta na citada Oficina Virtual a información de pagamentos según o establecido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

VIDE reúne as circunstancias necesarias, segundo o establecido no artigo 113 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico, para ser considerada fundación do sector público.

Entre os seus obxectivos atopámonos no contido do artigo nº 6 dos seus estatutos que de forma xeral as actuacións de VIDE van encamiñadas ao fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda as entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes eventos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a tódolos cidadáns e do resto da Sociedade en xeral.

Entre as actuacións enmarcadas neste artigo destacamos o punto 12 onde reflexa a opción de "Interesar apoios, axudas das institucións públicas ou de calquera outra entidade interesada nos proxectos da fundación".

Tendo en conta estes criterios e ás actuacións realizadas dende a Fundación VIDE, considerando que a participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "*Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..*" e que "*...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*", e atendendo a que a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, ten determinado no seu orzamento para o presente ano na partida orzamentaria 3410.489.00.02 unha "Aportación ordinaria á Fundación Vide" por importe de 125.000,00€, plantéase a presente transferencia de financiamento por dito importe.

A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que

con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O obxecto da presente proposta de transferencia de financiamento é colaborar co financiamento da execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano 2019 dinamizado pola Fundación Vide. Esta non ten ningunha incompatibilidade con outras aportacións, axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Fundación Vigo Deporte presentará unha memoria xustificativa das actividades realizadas en base ao proxecto presentado, onde figurarán relacionadas as actividades realizadas.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto destino da achega municipal e se fora preciso proceder á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.

A tramitación da transferencia de financiamento implica a aceptación por parte da Fundación VIDE das obrigas sinaladas na lexislación vixente, segundo o sinalado no artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

No que respecta á comprobación, xustificación e control da aportación municipal, nos termos establecidos no artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procederase mediante técnicas de auditoría contratada ao efecto a auditores de contas ou sociedades de auditoría de contas.



## Concello de Vigo

A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.489.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2019.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.A aprobación da presente transferencia de financiamento por un importe de 125.000,00€. a favor da entidade Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos seguintes condicionantes:

a) O obxecto da transferencia de financiamento é colaborar na execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano 2019 dinamizado pola Fundación Vide, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro.

b) A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo.

c) Esta transferencia de financiamento non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

d) A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.489.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2019.

e) Obrigas da Fundación Vide:

- Desenvolver o programa de actividades detalladas no proxecto anual presentado ante o Concello de Vigo.
- Incorporar a imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade, proxecto...na que participe, dinamice ou participe.
- Adoptar as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte da Concellería de deportes-Concello Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, na súa web, nas presentacións e difusión ds súas actividades, etc, procurando previamente a conformidade da Concellería de deportes.
- Colaborar coa Concellería de deportes-Concello de Vigo nas iniciativas que desde éste poidan desenvolverse no ámbito do deporte na cidade de Vigo.
- Comunicar á Concellería de Deportes-Concello de Vigo as modificacións, alteracións ou cancelacións que puideran integrar parte do programa de actividade previsto.
- Achegar á Concellería de deportes a seguinte documentación:
  - Informes trimestrais sobre as actividades realizadas.
  - Relación de ingresos e gastos, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
  - Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Vide.
  - Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Vide de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír, como mínimo, os seguintes datos e documentos:
    - Datos sobre participantes nas actividades desenvoltas.
    - Memoria de prensa.



## Concello de Vigo

- Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

2) Utilizar a lingua galega como lingua oficial de comunicación, quedando a utilización doutras linguas nas publicacións e difusión sometidas aos acordos específicos coa concellería de deportes.

f) Obrigas do Concello de Vigo:

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades da Fundación Vide.
- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento de acordo co procedemento de pago establecido:
  - O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
  - O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2019.

g) A Fundación Vide achegará á Concellería de deportes, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen perxuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral do Concello de Vigo.

h) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia de financiamento.

k) A Fundación Vide está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a tramitación da transferencia de financiamento, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade obxecto da financiación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común e na Lei 3/2018, do 1 de outubro, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(218).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVES DO TRABALLO COLABORATIVO ANO 2019. EXPTE.16088/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 07/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 27/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**I. Obxecto:**

Desde a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, procédese á tramitación da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o fomento do emprego a través do emprendemento e a consolidación empresarial en entornas colaborativas (espazos de traballo compartidos entre varios usuarios que forman unha comunidade (coworking)) dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2019**.

Están dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

**II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, dacordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e



## Concello de Vigo

convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

### **III. Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

### **IV. Procedemento de concesión da subvención:**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

### **V. Contido:**

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de

<sup>1</sup> Empresa cunha plantilla inferior a 10 traballadores e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns de euros.

outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Modifícase a Base 1ª para definir con maior concreción o concepto de coworking.
- Modifícase a Base 2ª.1 de xeito que os/as beneficiarios/as teñan a súa sede fiscal e social no termo municipal de Vigo, ambas con data anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.
- Modifícase a Base 2ª.4 para a súa adaptación á reforma operada no artigo 28 LPAC pola DA 12ª da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- Explicítase a necesidade de asinar electronicamente a solicitude e os documentos indicados nas bases reguladoras, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.
- Actualízase a Base 9ª referida á documentación esixida para participar no procedemento.
- Modifícase a Base 12ª.5, adicada ao trámite de proposta de resolución provisional, co obxecto de evitar dilacións indebidas no procedemento, de xeito que o prazo de dez días hábiles para achegar alegacións comezará a contar desde o día seguinte ao da **publicación** da proposta de resolución provisional na páxina web, no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>.
- Modifícase a Base 12ª.6 ampliando o prazo de resolución e notificación do procedemento a **nove meses** contados a partir da publicación da convocatoria, dacordo coa LSG.
- Actualízase a Base 13ª, referida ao prazo e forma de xustificación das subvencións, reflectindo a documentación requirida dun xeito máis sistemático, con remisión aos modelos de documentos normalizados (Anexos VII a IX) que faciliten a remisión dos datos requiridos.
- Modifícase a Base 18ª para a súa adaptación ao vixente marco normativo en materia de protección de datos de carácter persoal.

## VI. Normativa de aplicación:

Dacordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.





## Concello de Vigo

A este respecto e, dacordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2019 - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### VII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2019 do Concello de Vigo é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

### VIII. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro" e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

#### **IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

#### **X. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 19/06/2015, é competente para aprobar as Bases, a convocatoria e o gasto, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2019.



## Concello de Vigo

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do traballo colaborativo” correspondentes ao ano 2019 e os modelos de formularios oficiais que se xuntan como Anexos ao presente acordo.

**TERCEIRO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o Fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do traballo colaborativo 2019” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (2019)**

#### **BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIOS DAS SUBVENCIÓNS**

##### **Obxecto:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a persoas emprendedoras e micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de

bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, para o fomento do emprego a través do emprendemento e a consolidación empresarial en entornas colaborativas (*espazos de traballo compartidos entre varios usuarios que forman unha comunidade (coworking)*) dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2019**.

### **Finalidade:**

Están dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e a consolidación dos proxectos empresariais das persoas emprendedoras e das micropemes e, en particular:

- Facilitar a consolidación de proxectos de emprendemento empresarial.
- Fomentar o uso de *entornas colaborativas de traballo entre varios usuarios que forman unha comunidade (coworking)* na cidade, cara á redución de custos e á eficiencia empresarial.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos empresariais e autónomos en entornas colaborativas.
- Facilitar os inicios ás persoas emprendedoras e ás micropemes, cunha axuda económica destinada ao aluguer de espazos para o desenvolvemento da súa actividade en colaboración con outros profesionais, na mesma entorna.
- Fomentar o traballo empresarial en rede (networking), mediante o compartimento de espazos físicos con outros empresarios e persoas emprendedoras, establecer novas relacións, coñecer outros puntos de vista e crear novas sinerxias.

### **Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

### **BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as persoas autónomas e micropemes, que reúnan os seguintes requisitos:

<sup>1</sup> Empresa cunha plantilla inferior a 10 traballadores e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns de euros.



## Concello de Vigo

1. Que teñan a súa sede fiscal e social no termo municipal de Vigo, ambas con data anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria
2. Estar en situación de alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos **agás oposición expresa do interesado que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no reverso do Anexo I**, en cuxo caso **xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
5. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
6. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
7. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.
8. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

### BASE 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

Considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de **xaneiro e setembro, ámbolos dous inclusive**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as persoas autónomas e as micropemes, poidan cumprir os fins que lle son propios, e que teñan acomodo no obxecto da convocatoria:

- Custes de aluguer de espazos de traballo en centros de coworking.
- Custes de aluguer de espazos para a realización de eventos empresariais.

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

O custe dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

## **BASE 4ª.- CONTÍA DAS AXUDAS E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

### **Contía das axudas:**

- Aluguer de espazos de traballo e para a realización de eventos empresariais:
  - 80% do importe total, cun máximo de 1.500,00 €

### **Crédito orzamentario:**

- A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2019) é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 “Axudas á creación de empresas”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo do aluguer subvencionado.
- A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

## **BASE 5ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Os/as beneficiarios/as deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, xa que neste caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

## **BASE 6ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN OS/AS BENEFICIARIOS/AS**

Os/as beneficiarios/as das subvencións conforme á presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da convocatoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados asumindo as obrigas e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todos os lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o Anexo VIII aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Desenvolvemento Local para todos/as aqueles/as que o soliciten. Así mesmo, na páxina web e/ou nas redes sociais, ata a finalización do ano 2019, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos.



## Concello de Vigo

4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

### BASE 8ª.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os seguintes suxeitos:**

- As persoas xurídicas
- Quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.

Xa que logo, **os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo** <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegarase debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no Servizo de Información do Concello de Vigo e **deberán asinarse electronicamente** antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo. .

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

**Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.**

#### **BASE 9ª.- DOCUMENTACIÓN**

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, será requirido para emendala a través da súa presentación electrónica.





## Concello de Vigo

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I “Solicitude”**, con expresión, segundo proceda, de:

- datos do/a solicitante
- datos do/a representante legal
- endereço
- identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- datos bancarios: en caso de non cumprimentar o cadro dos datos bancarios, deberán achegar certificación bancaria da titularidade da conta.
- contía solicitada.
- lugar, data e sinatura e selo

· Se o solicitante é persoa xurídica: xuntarase á solicitude unha copia do documento de constitución da entidade mercantil rexistrado no Rexistro público correspondente e unha copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade por parte de quen asina a solicitude.

**b)** Anexo II: Declaración responsable asinada de cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

**c)** Anexo III: Declaración responsable asinada das axudas solicitados e/ou concedidas.

**d)** Anexo IV: Declaración responsable asinada do número de persoas empregadas, con indicación de se son menores de 30 anos.

**e)** Anexo V: Declaración responsable asinada da condición de micropeme (só no caso de persoas xurídicas a efectos de facturación e de número de persoas empregadas).

**f)** Contrato de aluguer entre o solicitante e o centro de coworking.

**g)** Vida Laboral do solicitante e das persoas empregadas

**h)** Alta no IAE da entidade ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.

**i)** Documentación acreditativa do domicilio fiscal (tarxeta de identificación fiscal,...).

**j)** Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.

k) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos do solicitante** que consideren relevante, podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

## **BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, dacordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

- |   |                       |
|---|-----------------------|
| <b>1. Número de empregados:</b>                               | <b>Ata 10 puntos.</b> |
| a) 1º Traballador/a:  | 2 puntos              |
| b) Por cada traballador/a máis:                               | 1 punto.              |
| <b>2. Empregados/as menores de 30 anos</b>                    | <b>Ata 10 puntos.</b> |
| Por cada traballador/a  | 2 puntos.             |
| <b>3. Calidade da xustificación en convocatoria anterior:</b> | <b>Ata 5 puntos.</b>  |
| a) Xustificación superior ao 85%                              | 5 puntos              |
| b) Xustificación superior ao 50% e inferior ou igual ao 85%   | 4 puntos              |
| c) Xustificación superior ao 25% e inferior ou igual ao 50%   | 2 puntos              |
| d) Revogación ou renuncia                                     | 0 puntos              |



## Concello de Vigo

### **4. Antigüidade de constitución:**

- a) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta no 2018
- b) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta antes do 2018

**Ata 5 puntos.**

5 puntos

2 puntos

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados polo/a solicitante xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

### **BASE 11ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓNS**

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de beneficiarios/as das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polos/as interesados/as, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando non sexa unhas das entidades beneficiarias previstas na Base 1ª.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aquelas solicitudes que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vixente exercicio orzamentario.

### **BASE 12ª.- PROCEDIMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao/á solicitante para que nun prazo de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta

de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

4- As solicitudes avaliaranse dacordo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución provisional, na que se concretarán as solicitudes estimadas e as desestimadas con expresión da súa causa, facendo constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. Da devandita proposta darase audiencia aos interesados a fin de poidan achegar as alegacións que estimen pertinentes durante o prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da **publicación** da proposta de resolución provisional na páxina web no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>.



## Concello de Vigo

Esta proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor da beneficiaria ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

6- A Comisión de Valoración examinará as alegacións achegadas, e remitirá a acta coa valoración correspondente ao órgano instrutor, que formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as os/as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7- A resolución do procedemento notificarase aos/as solicitantes polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía. Con independencia do medio elixido a efectos de notificación, o Concello enviará un aviso ao dispositivo electrónico e/ou dirección de correo electrónico do interesado que consten na solicitude, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedi-

da e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencions.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencions da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio orzamentario.

### **BASE 13ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

O/A beneficiario/a no prazo de **un (1) mes** a contar desde o remate do aluguer e, **en todo caso, antes do 16 de outubro de 2019**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**Os solicitantes non obrigados** polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a documentación xustificativa, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar por achegala a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación se achegase presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, será requirido para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.



## Concello de Vigo

A tal efecto, os/as beneficiarios/as deberán achegar unha **conta xustificativa**: composta dunha **memoria de actividades** e dunha **memoria económica**, segundo se indica a continuación:

**1º Declaración responsable asinada (Anexo VII)** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

**2º Memoria de actividades realizadas asinada, na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:**

- Nome da empresa e NIF, ou identificación da persoa autónoma e DNI/NIE.
- Sector ao que pertence.
- Descrición da actividade empresarial (tamaño e organigrama da empresa, medios e recursos da mesma, produto/s ou servizo/s, segmento/s de mercado ao/s que vai dirixido, canles de distribución, etc).
- Importe do financiamento.
- Vida laboral actualizada por cada un dos/as empregados/as da solicitude; ou ben, Informe de Vida laboral do Código de conta de cotización da empresa onde figuren as persoas traballadoras coas súas datas de alta/baixa, ... na empresa; ou Informe de Datos de Cotización (IDC) de cada unha das persoas traballadoras.
- Memoria de prensa e comunicación (web, redes sociais, ...), onde describa os medios nos que se publicita ou interactúa cos clientes ou clientes potenciais.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web e redes sociais da entidade ou en calquera outra na que se difunda a subvención concedida, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo.:

**3º Memoria económica asinada:** os/as beneficiarios/as achegarán a través da sede electrónica unha memoria económica segundo o modelo a disposición na sede electrónica (**Anexo VIII**), que deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, facendo constar o **nome de empresa**, o número de **NIF**, a **data**, o **número de factura** e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto:

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada pola entidade de non dedución do IVE (**Anexo IX**) ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente).

As facturas, que serán **orixinais**, deberán recoller o **nome de empresa**, o seu enderezo, o número de **NIF**, a **data**, **número de factura** e o **IVE** e quedarán a disposición do Concello de Vigo (non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013).

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da

subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica, achegarán facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou dos demais documentos de valor probatorio equivalente.**

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

4º) **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

5º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

#### **BASE 14ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES**

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase ao/á beneficiario/a un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da LPAC.

O persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Local, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.





## Concello de Vigo

### **BASE 15ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

Os/as beneficiarios/as deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### **BASE 16ª.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e frónte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezcan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

### **BASE 17ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIONS**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da conta xustificativa ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira.
- A achega de copias simples das facturas en lugar dos orixinais, para xustificar a subvención.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Desenvolvemento Local.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

## **BASE 18ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello



## Concello de Vigo

sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### **BASE 19ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **BASE 20ª.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos

na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do Traballo Colaborativo” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG; a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

#### CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (2019)

##### **Primeiro.- Obxecto e Finalidade:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a persoas emprendedoras e micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, para o fomento do emprego a través do emprendemento e a consolidación empresarial en entornas colaborativas (*espazos de traballo compartidos entre varios usuarios que forman unha comunidade (coworking)*) dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2019**. Están dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e a consolidación dos proxectos empresariais das persoas emprendedoras e das micropemes e, en particular:

- Facilitar a consolidación de proxectos de emprendemento empresarial.



## Concello de Vigo

- Fomentar o uso de *entornas colaborativas de traballo entre varios usuarios que forman unha comunidade (coworking)* na cidade, cara á redución de custos e á eficiencia empresarial.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos empresariais e autónomos en entornas colaborativas.
- Facilitar os inicios ás persoas emprendedoras e ás micropemes, cunha axuda económica destinada ao aluguer de espazos para o desenvolvemento da súa actividade en colaboración con outros profesionais, na mesma entorna.
- Fomentar o traballo empresarial en rede (networking), mediante o compartimento de espazos físicos con outros empresarios e persoas emprendedoras, establecer novas relacións, coñecer outros puntos de vista e crear novas sinerxias.

### **Segundo.- Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

### **Terceiro.- Procedemento de concesión da subvención:**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

### **Cuarto.- Normativa de aplicación:**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado

### **Quinto.- Contía:**

#### **Contía das axudas:**

- Aluguer de espazos de traballo e para a realización de eventos empresariais:  
80% do importe total, cun máximo de 1.500,00 €

#### **Crédito orzamentario:**

- A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2019) é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á

<sup>1</sup> Empresa cunha plantilla inferior a 10 traballadores e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns de euros.

partida 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

- O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrència con outras subvencións ou axudas, supere o custo do aluguer subvencionado.
- A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

#### **Sexto.- Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os seguintes suxeitos:**

- As persoas xurídicas
- Quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.

Xa que logo, **os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo** <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención chegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no Servizo de Información do Concello de Vigo e **deberán asinarse electronicamente** antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

#### **Sétimo.- Documentación:**



## Concello de Vigo

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, será requirido para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I “Solicitude”**, con expresión, segundo proceda, de:

- datos do/a solicitante
- datos do/a representante legal
- endereço
- identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- datos bancarios: en caso de non cumprimentar o cadro dos datos bancarios, deberán achegar certificación bancaria da titularidade da conta.
- contía solicitada.
- lugar, data e sinatura e selo

**Se o solicitante é persoa xurídica:** xuntarase á solicitude unha copia do documento de constitución da entidade mercantil rexistrado no Rexistro público correspondente e unha copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade por parte de quen asina a solicitude.

b) Anexo II: Declaración responsable asinada de cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

- c) Anexo III: Declaración responsable asinada das axudas solicitados e/ou concedidas.
- d) Anexo IV: Declaración responsable asinada do número de persoas empregadas, con indicación de se son menores de 30 anos.
- e) Anexo V: Declaración responsable asinada da condición de micropeme (só no caso de persoas xurídicas a efectos de facturación e de número de persoas empregadas).
- f) Contrato de aluguer entre o solicitante e o centro de coworking.
- g) Vida Laboral do solicitante e das persoas empregadas
- h) Alta no IAE da entidade ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
- i) Documentación acreditativa do domicilio fiscal (tarxeta de identificación fiscal,...).
- j) Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.
- k) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos do solicitante** que consideren relevante, podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

#### **Oitavo.- Órganos competentes para a instrucción, resolución do procedemento, recursos procedentes e medios de notificación:**

1.- O Servizo de Desenvolvemento Local, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao/á solicitante para que nun prazo de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.





## Concello de Vigo

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Desenvolvemento Local, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

4- As solicitudes avaliaranse dacordo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano Colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución provisional, na que se concretarán as solicitudes estimadas e as desestimadas con expresión da súa causa, facendo constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. Da devandita proposta darase audiencia aos interesados a fin de poidan achegar as alegacións que estimen pertinentes durante o prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da **publicación** da proposta de resolución provisional na páxina web no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>.

Esta proposta de resolución provisional non crea dereito ningún a favor da beneficiaria ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

6- A Comisión de Valoración examinará as alegacións achegadas, e remitirá a acta coa valoración correspondente ao órgano instrutor, que formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as os/as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7- A resolución do procedemento notificarase aos/as solicitantes polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía. Con independencia do medio elixido a efectos de notificación, o Concello enviará un aviso ao dispositivo electrónico e/ou dirección de correo electrónico do interesado que consten na solicitude, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



## Concello de Vigo

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**8- Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio orzamentario.

### **Noveno.- Criterios de valoración dos proxectos:**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, dacordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

- |   |                       |
|---|-----------------------|
| <b>1. Número de empregados:</b>                                 | <b>Ata 10 puntos.</b> |
| a) 1º Traballador/a:  | 2 puntos              |
| b) Por cada traballador/a máis:                                 | 1 punto.              |
| <b>2. Empregados/as menores de 30 anos</b>                      | <b>Ata 10 puntos.</b> |
| Por cada traballador/a  | 2 puntos.             |
| <b>3. Calidade da xustificación en convocatoria anterior:</b>   | <b>Ata 5 puntos.</b>  |
| a) Xustificación superior ao 85%                                | 5 puntos              |
| b) Xustificación superior ao 50% e inferior ou igual ao 85%     | 4 puntos              |
| c) Xustificación superior ao 25% e inferior ou igual ao 50%     | 2 puntos              |
| d) Revogación ou renuncia                                       | 0 puntos              |
| <b>4. Antigüidade de constitución:</b>                          | <b>Ata 5 puntos.</b>  |
| a) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta no 2018       | 5 puntos              |
| b) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta antes do 2018 |                       |

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados polo/a solicitante xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

#### **Décimo.- Outros datos:**

O/A beneficiario/a no prazo de **un (1) mes** a contar desde o remate do aluguer **e, en todo caso, antes do 16 de outubro de 2019**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**Os solicitantes non obrigados** polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a documentación xustificativa, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar por achegala a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A tal efecto, os/as beneficiarios/as deberán achegar unha **conta xustificativa**: composta dunha **memoria de actividades** e dunha **memoria económica**, segundo se indica na Base 13ª.



## Concello de Vigo

### Décimo primeiro.- Publicación:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do Traballo Colaborativo” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG; a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

### EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO XX/XX/XX POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (2019)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdns-trans/index>):

### Primeiro.- Obxecto e Finalidade:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a persoas emprendedoras e micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, para o fomento do emprego a través do emprendemento e a consolidación empresarial en entornas colaborativas (*espazos de traballo compartidos entre varios usuarios que forman unha comunidade (coworking)*) dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2019**.

Están dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais.

### **Segundo.- Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

### **Terceiro.- Bases reguladoras:**

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do XX/XX/XX e publicadas en <http://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

### **Cuarto.- Contía:**

#### **Contía das axudas:**

- Aluguer de espazos de traballo e para a realización de eventos empresariais:
  - 80% do importe total, cun máximo de 1.500,00 €

#### **Crédito orzamentario:**

- A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2019) é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo do aluguer subvencionado.
- A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

### **Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

<sup>1</sup> Empresa cunha plantilla inferior a 10 traballadores e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns de euros.



## Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas
- Quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.

Xa que logo, os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no Servizo de Información do Concello de Vigo e **deberán asinarse electronicamente** antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

### **Sexto.- Documentación:**

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, será requirido para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Os solicitantes anexarán á solicitud a documentación que se indica a continuación:

a) Anexo I : “Solicitud”, con expresión, segundo proceda, de:

- datos do/a solicitante
- datos do/a representante legal
- endereço
- identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- datos bancarios: en caso de non cumprimentar o cadro dos datos bancarios, deberán achegar certificación bancaria da titularidade da conta.
- contía solicitada.
- lugar, data e sinatura e selo

· Se o solicitante é persoa xurídica: xuntarase á solicitud unha copia do documento de constitución da entidade mercantil rexistrado no Rexistro público correspondente e unha copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade por parte de quen asina a solicitud.

b) Anexo II: Declaración responsable asinada de cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

c) Anexo III: Declaración responsable asinada das axudas solicitados e/ou concedidas.

d) Anexo IV: Declaración responsable asinada do número de persoas empregadas, con indicación de se son menores de 30 anos.

e) Anexo V: Declaración responsable asinada da condición de micropeme (só no caso de persoas xurídicas a efectos de facturación e de número de persoas empregadas).

f) Contrato de aluguer entre o solicitante e o centro de coworking.





## Concello de Vigo

- g) Vida Laboral do solicitante e das persoas empregadas
- h) Alta no IAE da entidade ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
- i) Documentación acreditativa do domicilio fiscal (tarxeta de identificación fiscal,...).
- j) Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.
- k) Calquera outra comunicación de modificación ou actualización de datos do solicitante que consideren relevante, podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes

### **Sétimo.- Outros datos:**

O/A beneficiario/a no prazo de **un (1) mes** a contar desde o remate do aluguer e, **en todo caso, antes do 16 de outubro de 2019**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**Os solicitantes non obrigados** polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a documentación xustificativa, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar por achegala a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A tal efecto, os/as beneficiarios/as deberán achegar unha **conta xustificativa**: composta dunha **memoria de actividades** e dunha **memoria económica**, segundo se indica na Base 13ª.

**8(219).- PROXECTO CONVENIO ENTRE A “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO” PARA O APOIO AO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE REALIZARÁ DURANTE O ANO 2019. EXPTE. 9025/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/02/19 e o informe de fiscalización de data 07/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 12/02/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada da Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

O artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL), establece que o Municipio exercerá como competencias propias a materia de “Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.

O artigo 27 da LBRL faculta á Comunidade Autónoma de Galicia para delegar competencias da súa titularidade que se refiran a calquera tipo de ámbito material, citándose expresamente, no apartado c) do número 3 a Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre indicar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas



## Concello de Vigo

de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais como contemplan os seus estatutos son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración cuxo obxecto sexa apoiar os proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto “Sororidade”.
- Área de reincorporación psico-social, proxecto “Activas”
- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto “Visibles”
- Área de formación, proxecto “Con perspectiva de xénero”

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria “Programa actividades 2019” que a entidade presenta ao Concello e que se incorpora como Anexo I neste expediente.

A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda dun anticipo do 30% da subvención que se concede.

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Por isto, e previos os preceptivos informes da Asesora Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a *“Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo”* e o Concello de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades que realizará durante o ano 2019.

2º. Autorizar o gasto de 30.300,00€ (trinta mil trescentos euros) con cargo á partida presupostaria *“Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras” 2311 4890004* do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

3º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil dezanove

## **REUNIDAS**

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 9025-224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

## **MANIFESTAN**

I. Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de



## Concello de Vigo

Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

**II.** Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

**III.** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .

**IV.** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos

proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto “Sororidade”.
- Área de reincorporación psico-social, proxecto “Activas”
- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto “Visibles”
- Área de formación, proxecto “Con perspectiva de xénero”

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria “Programa actividades 2019” que se incorpora como Anexo I neste expediente.

**V.-** Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que forma parte deste convenio como Anexo III.

**VI.** Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

**VII.** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo , o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nas labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, no apoio á formación continua das mediadoras da Rede que realizan ditos acompañamentos así como ás xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias. Asemade, no marco desta subvención inclúense os proxectos que a entidade beneficiaria realizará no 2019 e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto “Sororidade”.
- Área de reincorporación psico-social, proxecto “Activas”
- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto “Visibles”
- Área de formación, proxecto “Con perspectiva de xénero”



## Concello de Vigo

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria “Programa actividades 2019” que se incorpora como Anexo I neste expediente.

As accións prioritarias obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soidade e angustia, transmitíndolles apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

### **SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA**

1. A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotar ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para acompañar ós casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederáse á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

2. Derivar a todas as beneficiarias dos acompañamentos que realice a entidade beneficiaria ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM), servizo adscrito á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, servizo responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

3. Comunicar á Concellería de Igualdade con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE, enderezo e teléfono/s de contacto.

Calquera dato de carácter persoal que a entidade obteña ao abeiro deste convenio non poderá ser obxecto de uso particular, nin cesión a terceiras persoas. Os datos necesarios que a entidade solicitante debe obter para cumprir as obrigas establecidas neste convenio deberán recollese, previa autorización asinada das mulleres beneficiarias dos programas obxecto deste convenio. Esa autorización firmada deberá recoller o uso que se vai facer dos datos, así como que serán cedidos exclusivamente á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo. En todo caso, deberá estar suxeito á normativa vixente de uso, protección e tratamento de datos de carácter persoal.

4. Achegar trimestralmente á Concellería de Igualdade as “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” segundo modelo do Anexo IV, debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade.

5. A Entidade beneficiaria “Rede de Mulleres veciñais contra os Malos Tratos” asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre a protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

6. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Concellería de Igualdade- Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no 2019 e que se enmarquen no programa de actividades 2019 incorporado como Anexo I, incluída a paxina web, blog e redes sociais propias. Para acadar este fin deberá cumprir co estipulado na cláusula oitava “Publicidade”.

7. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin.

8. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

9. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

10. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

11. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

12. As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

### **TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO**

O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1. Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social) a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

2. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 30.300,00€ co obxecto de coadxuvar o





## Concello de Vigo

financiamento da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

### **CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

### **QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA**

1. O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

- a) A primeira, por importe de 9.090,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.
- b) A segunda por importe de 10.605,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.
- c) A terceira por importe de 10.605,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

2. Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

## **SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN**

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

## **SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- 3) A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.
- 4) A xefa do servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.
- 5) Unha técnica do servizo de Igualdade.

Actuará como secretaria delegada unha das vogais da comisión que se designará para tal fin.

## **OITAVO.- PUBLICIDADE**

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade deste convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda "Colabora Concellería de Igualdade- Concello de Vigo" en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no 2019 e que se enmarquen no programa de actividades 2019, incorporado como Anexo I a este convenio. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará en lugar visible para o público un cartel que identifique ao Concello de Vigo e a Concellería de Igualdade e indique que o acto/actividade que se está a realizar está financiado polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á paxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará á Concellería de Igualdade coa suficiente antelación a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello.



## Concello de Vigo

Esta difusión da financiación municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, imaxes das actividades coa acreditación da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.)

### **NOVENO.- XUSTIFICACIÓN**

1. Prazo: antes do 31 de outubro de 2019, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

2. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

a) A xustificación do gasto imputable ao programa subvencionado deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 37.300,00€ (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos, tal e como se indica no parágrafo anterior xunto cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluirá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2019. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b) Anexo IV “ Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción”. Neste anexo deberá constar todos os acompañamentos realizados ás usuarias destinatarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das destinatarias, polas persoas voluntarias que realizasen o acompañamento e conformado pola responsable do programa na entidade beneficiaria.

Este anexo entregárase con carácter trimestral na Concellería de Igualdade, cuxo persoal acusará recibo de dita documentación.

c) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionable, en soporte impreso e dixital, que reflectan dun xeito cuantitativo e cualitativo todas as actividades realizadas no marco deste convenio e que se identifican no Anexo I deste convenio. As mulleres vítimas de violencia de xénero atendidas no marco deste programa de colaboración serán as identificadas no Anexo IV.

## **DÉCIMO. - GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 10 de decembro de 2018 ata o 31 de outubro de 2019 e de xeito indudable respondan á natureza da actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2019 e que forma parte deste convenio como Anexo II.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2019. Anexo II.

## **DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

## **DÉCIMO SEGUNDO .- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



## **Concello de Vigo**

### **DÉCIMO TERCEIRO.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

### **DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos da entidade solicitante, os da súa representante, así como os datos de carácter persoal que facilite ao Concello de Vigo ao abeiro deste convenio, serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención nominativa obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal

ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

## **DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal para o exercicio 2019 e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **9(220).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8. EXPTE. 9079/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 11/03/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de "Vivendas tuteladas" ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 1 de marzo de 2019 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI núm. 32681623, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un



## Concello de Vigo

acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI núm. 32681623 e o seu fillo, a ocupen por un período de seis meses, (a contar desde a data de ingreso da unidade familiar na vivenda, data fixada polo equipo multidisciplinar do Centro municipal de información dos dereitos da muller), transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 9079-224, por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(221).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE DECEMBRO DO ANO 2018. EXPTE. 9080/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05/03/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de decembro do ano 2018.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
8913-224	CMSE	Servizo pequeno refrixerio polo 25 aniversario do Consello Municipal da Muller	Delmiro Vidal Fernández	23112279906	12/12/18	714,75 €
8886-224	CMSE	Coordinación, montaxe e desmontaxe da exposición itinerante "violencia sexual na xuventude"	Ana M <sup>a</sup> Carbajal	23112279906	12/12/18	726,00 €
8887-224	CMSE	Exposición de 2 cubos con motivo do aniversario do consello municipal da muller	Ana M <sup>a</sup> Carbajal	23112279906	12/12/18	1.996,50 €
8940-224	CMSU	Adquisición de pulseiras co lema "EnlazaVigo contra a violencia de xénero"	Ediciones y Producciones Empresariales SA	23112260200	21/12/18	4.477,00 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **11(222).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE XANEIRO DO ANO 2019. EXPTE. 9087/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31<sup>a</sup> das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

### **PROPOSTA:**

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de xaneiro do ano 2019.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
8795-224	CMSE	Curso "Axilidade mental e memoria" na A VV As Nosas Rúas	Mónica Calvo Serrano	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
8797-224	CMSE	Curso "Autoestima e crecemento persoal" na A VV Fonte do Galo	Mónica Calvo Serrano	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
8798-224	CMSE	Curso "Axilidade mental e memoria" na A VV San M Zamáns	Asociación de Mulleres Monitoras	23112260600	16/01/19	1.440,00 €





## Concello de Vigo

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
8799-224	CMSE	Curso "Risoterapia" na A VV de Beade	Romina Milego Goberna	23112260600	16/01/19	720,00 €
8800-224	CMSE	Curso "Coñece a Cidade a través da súa historia e arte" na A VV de Beade	Purificación González Pérez	23112260600	16/01/19	720,00 €
8801-224	CMSE	Curso "Pilates" na A VV Rosalía Castro da Salgueira	Susana Docampo Táboas	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
8802-224	CMSE	Curso "Axilidade mental e memoria" na A VV S Xoan Poulo	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
8803-224	CMSE	Curso "Teatro" na A MM Xestas	Alejandra Abreu Pérez	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
8804-224	CMSE	Curso "Informática" na A VV Navia	Uxía Cazorla Silva	23112260600	16/01/19	720,00 €
8805-224	CMSE	Curso "Comunicación" na A VV Navia	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	720,00 €
8806-224	CMSE	Curso "Percusión e canto tradicional" na A VV O Freixo	Mª Elena Pérez Posada	23112260600	16/01/19	720,00 €
8807-224	CMSE	Curso "Pintura, debuxo, retrato e caricatura" na A VV O Freixo	Mª Carmen Lamas Estévez	23112260600	16/01/19	720,00 €
8808-224	CMSE	Curso "Axilidade mental e memoria" na A VV San Roque	Mónica Calvo Serrano	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
8809-224	CMSE	Curso "Pintura, debuxo, retrato e caricatura" na FPR El Olivo	Mª Carmen Lamas Estévez	23112260600	24/01/19	1.440,00 €
8810-224	CMSE	Curso "Coñece a Cidade a través da súa historia e arte" na A VV de Feira Cabral	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
8811-224	CMSE	Curso "Axilidade mental e memoria" na A VV Castrelos	Romina Milego Goberna	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
8812-224	CMSE	Curso "Percusión e canto tradicional" na AG Amigos Rocío	Mª Elena Pérez Posada	23112260600	16/01/19	1.008,00 €
8813-224	CMSE	Curso "Axilidade mental e memoria" na A VV Unión Matamá	Consuelo Vilasánchez Muñoz	23112260600	16/01/19	1.008,00 €
8814-224	CMSE	Curso "Pintura, debuxo, retrato e caricatura" na A VV S Xurxo Saiáns	Mª Carmen Lamas Estévez	23112260600	16/01/19	792,00 €
8815-224	CMSE	Curso "TaiChí" na A VV de Teis	Mª Sol Rodríguez Fernández	23112260600	16/01/19	792,00 €
8816-224	CMSE	Curso "Percusión e canto tradicional" na A VV Lavadores	Mª Elena Pérez Posada	23112260600	16/01/19	396,00 €
8817-224	CMSE	Curso "loga" na A VV Lavadores	Mª Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	396,00 €
8818-224	CMSE	Curso "loga" na AVCD Nautilus	CCAR de Valladares	23112260600	16/01/19	1.116,00 €

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
8819-224	CMSE	Curso "Pilates" na A VV Calvario	M <sup>a</sup> Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	900,00 €
8820-224	CMSE	Curso "Axilidade mental e memoria" no CCAR Valladares	Mónica Calvo Serrano	23112260600	16/01/19	936,00 €
8821-224	CMSE	Curso "Pilates" na A V Rúas Fontes	M <sup>a</sup> Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	972,00 €
8822-224	CMSE	Curso "Ximnasia de mantemento" na A VV Pardavila	M <sup>a</sup> Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	864,00 €
8823-224	CMSE	Curso "Percusión e canto tradicional" na A VV Sampaio	M <sup>a</sup> Elena Pérez Posada	23112260600	16/01/19	792,00 €
8905-224	CMSE	Curso "Informática" na A VV Cristo da Victoria	Uxía Cazorla Silva	23112260600	16/01/19	720,00 €
8926-224	CMSE	Curso "Axilidade mental e memoria" na SCD Helios	Asociación Mulleres Monitoras	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
8927-224	CMSE	Curso "Risoterapia" na A VV de S Miguel de Oia	Romina Milego Goberna	23112260600	16/01/19	720,00 €
8928-224	CMSE	Curso "Coñece a Cidade a través da súa historia e arte" na A VV de S Miguel de Oia	Purificación González Pérez	23112260600	16/01/19	720,00 €
8929-224	CMSE	Curso "TaiChí" na A Amas de Casa e Consumo Agarimo	M <sup>a</sup> Sol Rodríguez Fernández	23112260600	16/01/19	720,00 €
8930-224	CMSE	Curso "Coñece a Cidade a través da súa historia e arte" na A Amas de Casa e Consumo Agarimo	Purificación González Pérez	23112260600	16/01/19	720,00 €
8931-224	CMSE	Curso "Autoestima e crecemento persoal" na A VV Sárdoma	M <sup>a</sup> Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	720,00 €
8932-224	CMSE	Curso "Coñece a Cidade a través da súa historia e arte" na A VV Sárdoma	M <sup>a</sup> Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	720,00 €
8933-224	CMSE	Curso "Coñece a Cidade a través da súa historia e arte" no CCR de Cabral	M <sup>a</sup> Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
8934-224	CMSE	Curso "Comunicación" na Asociación Mulleres Dorna	M <sup>a</sup> Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	720,00 €
8935-224	CMSE	Curso "Coñece a Cidade a través da súa historia e arte" na Asociación Mulleres Dorna	M <sup>a</sup> Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	720,00 €
8996-224	CMSE	Curso "Pilates" na A VV As Fontes	M <sup>a</sup> Jesús Bendaña Rodríguez	23112260600	16/01/19	1.440,00 €
9000-224	CMSE	Curso "Pilates" na A MM Xordas	Susana Docampo Táboas	23112260600	17/01/19	720,00 €



## Concello de Vigo

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicataria	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9002-224	CMSE	Curso "Risoterapia" na A VV da Miñooca	Romina Milego Goberna	23112260600	17/01/19	1.440,00 €
9011-224	CMSE	Curso "Axilidade mental e memoria" na A VV Doutor Fleming	Consuelo Vilasánchez Muñoz	23112260600	24/01/19	720,00 €
9012-224	CMSE	Curso "Coñece a Cidade a través da súa historia e arte" na A VV Doutor Fleming	Purificación González Pérez	23112260600	24/01/19	720,00 €
9013-224	CMSE	Curso "Pilates" na A Viuvras Demócratas	CCAR de Valladares	23112260600	24/01/19	1.440,00 €
8990-224	CMSE	Intervención e apoio familiar ás usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero	Fundación Aldaba	23112279906	16/01/19	14.906,72 €
8993-224	CMSE	Talleres de coeducación en máis de 40 centros públicos de educación infantil e primaria	Asociación de Mulleres Progresistas	23112279906	16/01/19	10.740,00 €
8994-224	CMSE	Atención e apoio psicolóxico a fillas e fillos das mulleres vítimas de violencia de xénero usuarias do CMIDM	Gabinete de Psicología Karma	23112279906	16/01/19	6.906,41 €
8995-224	CMSE	Mantemento e pequenas reparacións nos servizos exteriores, adscritos á Concellería de Igualdade	Mars SCG	23112120000	16/01/19	5.400,00 €
9007-224	CMSE	Coordinación, montaxe e desmontaxe da exposición "A violencia sexual na xuventude. Infórmate"	Ana María Costas Carbajal	23112279906	21/01/19	2.178,00 €
9017-224	CMSE	Megafonía para as concentracións a prol da igualdade e en repulsa da violencia de xénero que se realizan na cidade durante o ano 2019.	Jesús Ruperto Andrés Tejada	23112279906	29/01/19	1.452,00 €
8991-224	CMSU	Adquisición de alimentos, hixiene persoal e limpeza para as persoas acollidas na rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia	Pontevicus SL	23112219900	16/01/19	5.500,00 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**12(223).- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE FEBREIRO DO ANO 2019. EXPTE. 9088/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 07/03/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

**PROPOSTA**

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de febreiro do ano 2019.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9036-224	CMSE	Xestión e dereitos de exhibición proxeccións de filmes no mes de marzo.	Cine Clube Lumière	23112260601	13/02/2019	1.710,60 €
9037-224	CMSE	Visita guiada ao "Roteiro feminino Sons de Mulleres" no mes de marzo.	María Casar Díaz	23112260601	13/02/2019	600,00 €
9020-224	CMSE	Subscrición anual dunha base de datos xurídica on-line "Essencial Plus Familia" para o CMIDM	Lefebvre-El Derecho, S.A	23112279906	13/02/2019	971,01 €
9041-224	CMSE	Actuación musical do grupo "Habelas Hainas" e gastos do equipo técnico de son para a actuación que se realizará no museo MARCO no mes de marzo.	Odaiko Krea SL	23112260601	14/02/2019	2.500,00 €
9038-224	CMSE	Impartición de dous módulos formativos en Igualdade dirixidos ao monitorado de animación sociocultural e tempo libre	Cristina Rodríguez Ramos	23112279906	14/02/2019	1.440,00 €
9048-224	CMSE	Contacontos infantil no mes de marzo.	Berrobambán,SL	23112260601	18/02/2019	400,00 €
9040-224	CMSE	Carga dos 11 extintores existentes no Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller-CMIDM- e na Casa das Mulleres	Marinex SL	23112190001	19/02/2019	120,45 €



## Concello de Vigo

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
9062-224	CMSE	Produción e montaxe lona e vinilo para o acto "Deporte en Igualdade" no Auditorio Mar de Vigo, con motivo da promoción da igualdade no deporte.	RP3 Vigo SL	23112260600	27/02/2019	1.222,10 €
9054-224	CMSE	Asistencia técnica no salón de actos do MARCO para realización de actividades organizadas pola Concellería de Igualdade no mes de marzo (proxección audiovisuais e actuación musical)	Fundación MARCO	23112260601	27/02/2019	435,01 €
9052-224	CMSE	Servizo de megafonía para lectura do manifesto ao peche da manifestación convocada con motivo do "8 de marzo, Día internacional das mulleres"	Sonido Collazo SL	23112260601	27/02/2019	1.040,60 €
9053-224	CMSE	Material (convites, e dípticos meseros) para a organización e desenvolvemento do Premio de Igualdade "Ernestina Otero",	Agua de Mayo Marketing	23112260200	27/02/2019	550,55 €
9061-224	CMSE	Servizo de produción (escenario, sonido, vixilancia,) do acto "Deporte en Igualdade" no Auditorio Mar de Vigo con motivo da promoción da igualdade no deporte.	Organización de Ideas de Éxito SL	23114890000	27/02/2019	1.289,86 €
9049-224	CMSU	Adquisición dunha peza en bronce para entregar á premiada 2019 do Premio de Igualdade "Ernestina Otero", que otorga cada ano o Consello Municipal da Muller.	Arte Bronce Fundación SL	23112260601	18/02/2019	895,40 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **13(224).- RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES DA EMPRESA ADXUDICATARIA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CONTROL DE ACCESO E ATENCIÓN Ó PÚBLICO NAS DEPENDENCIAS DE VIGOZOO. EXPTE. 7144/612.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo director do Réxime Interior de Vigo-Zoo, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, a xefa do Servizo de Contratación e pola cocelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

## I.- Antecedentes

1.- Na data 28/09/16, o Concello de Vigo e a entidade "Coyma Servicios Generales, S.L" (CIF B21339478) asinan o contrato que resulta da adxudicación a dita empresa do servizo de atención e control do público en VigoZoo, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 06 de maio de 2016 e a oferta presentada polo licitador, sendo o prezo do contrato de 80.972,49 euros, cunha duración de dous anos e posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha.

2.- Na cláusula 1 de dito contrato, "Coyma Servicios Generales, S.L" comprométese á prestación do servizo de control de acceso e atención ao público en VigoZoo ( Exp. 7144-612), con estrita subxección aos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

3.- O prego de cláusulas administrativas particulares desta contratación, documento asinado como anexo ao contrato, establece no apartado 3.J. das Follas de Características do Contrato, que non procede a revisión de prezos.

4.- Un dos criterios de adxudicación deste contrato, o principal na ponderación de puntos, consistía na baixa proporcional a aplicar nos prezos unitarios de horas de prestación do servizo de atención ao público. Na oferta da empresa de referencia a baixa (un 10%) nos prezos unitarios planteada foi un dos elementos fundamentais para a adxudicación do contrato.

5.- O contrato ten unha duración de dous anos e comenzo a prestarse o 1 de outubro de 2016, contemplándose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha delas.

6.- En data 16/01/18 (doc. 180010147), a empresa "Coyma Servicios Generales, S.L." presenta un escrito no Rexistro deste Concello no que sinala que debido ao incremento do salario mínimo interprofesional, vense na obriga de incrementalos prezos do contrato de taquilla en VigoZoo para poder seguir prestando o servizo.

7.- En data 02/02/18 ( rexistro de saída nº 3760), faise un requirimento a dita empresa indicándolle que non é posible a revisión de prezos do contrato e, a súa vez, tamén se lle indica que é preciso coñecer con antelación suficiente a súa disposición para prorrogar ou non dito contrato. Dito requirimento debería contestarse no prazo de 10 días hábiles dende a súa notificación.

8.- Transcorrido dito prazo sen ningunha comunicación por parte de "Coyma Servicios Generales, S.L.", iniciouse un novo expediente para a licitación do contrato de servizo de control e atención ao público en VigoZoo (Exp. 9363-612).

9.- En data 30/07/2018, doc. 180125982, a contratista solicitou a aceptación da prórroga do contrato de control e atención ao público, polo que non se continuo coa tramitación do novo expediente de contratación e iniciáronse os trámites para a aprobación da prórroga do contrato, cal se acordou pola Xunta de Goberno Local na sesión do 20/09/2018 (exp. 9429-612), cunha duración dun ano, 01/10/2018 ao 30/09/2019.

10.- En data 16/11/18, D. José Antonio García, como Director Comercial de "Coyma Servicios Generales, S.L.", presentou novo escrito en relación ao contrato de servizo de control de acceso e atención ao público (Exp. 7144-612 y 9429-612), no que expoñía que,



## Concello de Vigo

por diversos motivos, se vían obrigados a incrementar os prezos para poder seguir prestando o servizo de atención e control de acceso.

11. O 16/01/2019, o Concello de Vigo fai un requirimento á contratista para indicarlle que non se podían incrementar os prezos do contrato asinado entre ambas partes e que manifestaran a súa intención de prorrogar, ou non, o contrato para a segunda anualidade de prórroga. En caso de non contestar a este requirimento no prazo de 10 días hábiles entenderíase que esa entidade non estaba interesada na prórroga do contrato e iniciárase un novo procedemento de contratación.

12. O pasado 31/01/2019 ( doc. 190015741), recibíuse unha solicitude de D. Andrés Brito Muñoz, actuando en nome e representación de “Coyma Servicios Generales, S.L.” na que comunica que dita empresa ten a intención de non prorrogar o contrato de servizo de atención ao público e control de accesos en VigoZoo para a segunda anualidade e, ademais, solicita a resolución do referido contrato de mutuo acordo entre esta Administración e “Coyma Servicios Generales, S.L.”, e que dita petición se resolva entre un mes e tres meses.

13. En data 28/02/2019 (doc. 19003155), tivo entrada no Concello de Vigo, escrito no que D. Andrés Brito Muñoz en nome e representación de Coyma Servicios Generales, S.L., solicita que se teña por anunciada a suspensión e retirada do servizo a partir do próximo día 28 de febreiro de 2019, ás 19:15 horas.

14. En data 28/02/2019, a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable requiriu formalmente a “Coyma Servicios Generales, S.L.” para que continuase prestando os servizos contratados durante o período de vixencia do contrato, podendo incorrer nas responsabilidades e penalidades establecidas na lexislación vixente.

15.- En data 04/03/2019, o Director de Réxime Interior de VigoZoo adscrito o servizo municipal de Medio Ambiente, informa que a empresa Coyma Servicios Generales, S.L. dende o pasado día 01/03/2019 ata o día de hoxe non prestou servizos nas instalacións de VigoZoo.

### II.- Normativa aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSF).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña ó Real decreto legislativo 3/2011.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto do servizo de control de acceso e atención ó público nas dependencias de VigoZoo aprobado pola Xunta de Goberno Local do 06/05/2016.
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto do servizo de control de acceso e atención ó público nas dependencias de VigoZoo aprobado pola Xunta de Goberno Local do 06/05/2016.

### **III.- Fundamentos xurídicos**

A Disposición transitoria primeira, apartado 2., da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), establece que “os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto ós seus efectos, cumprimentos e extinción, incluída modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

A normativa anterior e, por tanto, aplicable ó contrato que nos ocupa está constituída fundamentalmente polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP) e normativa que a desenvolven e de concordante aplicación.

A entidade Coyma Servizos Generales, S.L. presentou sendos escritos en relación co citado contrato de prestación de servizos de control de acceso e atención ó público nas dependencias de VigoZoo.

1.- Escrito presentado pola contratista con data de entrada no Concello de Vigo do 30/01/2019 (doc. 190015741), o cal contén dúas peticións:

A primeira, refírese á petittio de non prorrogar o contrato de servizos de control de acceso e atención ó público a partir do próximo 30 de setembro de 2019.

Respecto desta petición cómpre informar o seguinte:

O artigo 303.1. do TRLCSP establece expresamente respecto dos contratos do sector público de servizos a posibilidade de preverse neste contrato a súa prórroga de mutuo acordo entre as partes antes da finalización daquel.

O apartado 4.c) das follas de características do contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o presente contrato, contempla a posibilidade de dúas





## Concello de Vigo

prórrogas dun ano cada unha. No presente caso, acordouse a primeira prórroga dun ano ata o 30 de setembro de 2019, sendo posible unha segunda de mutuo acordo entre as partes.

A empresa Coyma Servicios Generales, S.L. comunicou no seu escrito a solicitude de non prorrogar o contrato de servizos a partir do próximo 30 de setembro de 2019, polo que, esixindo dita prórroga o mutuo acordo das partes conforme ó artigo 303.1. do TRLCSP, procede aceptar a solicitude de non prorrogar o contrato a partir do próximo 30 de setembro de 2019.

A segunda petición, refírese á solicitude de resolución do referido contrato de mutuo acordo entre a administración e a contratista.

Respecto desta segunda petición compre informar o seguinte:

O artigo 223.c) do TRLCSP prevé como causa de resolución do contrato “*O mutuo acordo entre a Administración e o contratista*” o que esixe o acordo expreso das dúas partes e a Administración municipal en ningún momento prestou o consentimento para a resolución do contrato por mutuo acordo.

Tampouco pode invocarse polo contratista silencio positivo pola falla de contestación ó escrito de data 30/01/2019 (entrada Rexistro Electrónico municipal do 31/01/2019, doc. 190015741), e isto porque o prazo para resolver é de tres meses e, en todo caso, o sentido do silencio administrativo sería negativo.

En efecto, a Administración ten a obriga de ditar resolución expresa en todos os procedementos que instrúa e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación segundo establece o artigo 42.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, RXAP-PAC (Lei aplicable ó caso que nos ocupa en virtude da Disposición transitoria terceira, a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, PACAP), con excepción dos supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio ou nos procedementos sometidos unicamente ó deber de declaración responsable ou comunicación á Administración.

Esta resolución deberá ditarse e notificarse no prazo fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. No entanto, para o caso que o procedemento en cuestión non teña fixado expresamente un prazo, como no suposto que nos ocupa, a lei de procedemento fixa un prazo supletorio para a resolución.

Dispón o artigo 42.3 LRXA-PAC que “Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses”. E a continuación fixa regras para o cómputo deste prazo. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, o prazo contarase dende a data en que a solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, no presente caso o 31/01/2019, polo que administración municipal ten ata o 30 de abril de 2019, para ditar resolución e notificala de forma expresa.

Tamén, aínda que o prazo para resolver e notificar a resolución expresa tivera transcorrido -que non é o caso-, o silencio administrativo sería negativo ao abeiro do artigo 43 da LRXA-PAC que sinala que “*o silencio terá efecto desestimatorio nos procedementos (...) cuxa estimación tivese como consecuencia que se transferisen ao solicitante ou a terceiros facultades relativas (...) ó servizo público*”.

Pero é máis, a Disposición final terceira, apartado 3, do TRLCSP establece expresamente o silencio administrativo con efectos desestimatorios no caso que nos ocupa.

Por tanto, baixo ningún concepto pode aceptarse a existencia da resolución do contrato por mutuo acordo invocando a falla de resolución da citada petición.

O artigo 223 do TRLCSP establece que “ *son causas de resolución de contrato: .... c) o mutuo acordo entre a Administración e o contratista .....* ” . Tamén, o artigo 224 dispón que “ *.... A resolución por mutuo acordo solo poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución que sexa imputable ó contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato....*”.

Non se aprecia ningunha circunstancia de interese público para a administración que xustifique a aceptación da resolución do contrato por mutuo acordo.

Argumenta o contratista, como motivo de fondo para a resolución do contrato de mutuo acordo, a ruptura do equilibrio económico financeiro do contrato por causa sobrevida cal é a subida do salario mínimo interprofesional (SMI) producida a partir do 1 de xaneiro de 2019.

A lexislación de contratos vixente a sazón so prevé a posibilidade de reequilibrar o contrato cando se trate de concesións de obra pública (artigos 245 e 258 do TRLCSP) ou de xestión de servizos (artigo 282.4 do TRLCSP). E isto é así, por canto, habitualmente estes contratos son de longa duración, e non resulta fácil predicir a evolución dos custes do contratista e os seus ingresos cun escaso marxe de error a longo prazo.

Tamén hai que ter en conta que ao longo do prazo contractual poden producirse circunstancias que alteren a base do negocio facéndoo moi oneroso para unha das partes.

Nestes casos, a lei prevé mecanismos para poder equilibrar a economía da concesión, de modo que se manteña a equivalencia dos dereitos e obrigas de cada unha das partes, e deste modo garantir a prestación do servizo público de que se trate.

A regra xeral na execución dos contratos é que estes execútanse a risco e ventura do contratista.

O principio de risco e ventura está recollido no artigo 215 do TRLCSP segundo o cal “*A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido para o de obras no artigo 231, e do pactado nas cláusulas de reparto de risco que se inclúan nos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado*”. É dicir, as únicas excepcións á aplicación do principio de execución do contrato a risco e ventura do contratista previstas na norma citada son: os supostos de forza maior recollidos no artigo 231 do TRLCSP, o pactado nas cláusulas de risco no caso de contratos de colaboración e a ruptura do equilibrio económico do contrato nos contratos de concesión de obra pública ou xestión de servizos.

No entanto, existe unha consolidada doutrina xurisprudencial, así como dos órganos consultivos en materia de contratación, que matiza a aplicación do principio de risco e ventura. Tal e como di o Ditame do Consello Consultivo de Aragón no 52/2013, de 30 de abril de 2013, “por vía jurisprudencial se haya introducido la doctrina sobre la equivalencia de las prestaciones fundamentada, de una parte, en el principio de buena fe (art 7 CC, art. 1258 CC) y en la prohibición de que el cumplimiento del contrato quede abandonado al arbitrio de una de las partes contratantes (art. 1256 CC) y, de otra parte, en la “Cláusula Rebus Sic Stantibus” (mientras las circunstancias permanezcan), como un instrumento para intentar paliar las consecuencias derivadas del desequilibrio patrimonial producido por la alteración de las circunstancias contractuales, entendiéndose que todo contrato,



## Concello de Vigo

fundamentalmente los de larga duración, aun cuando no se diga expresamente, contiene una cláusula oculta, que en definitiva establece que las obligaciones derivadas de ese contrato son válidas y vinculan a las partes, solo en tanto se mantengan las circunstancias iniciales en que se sustentó el contrato (contractus qui habent tractum succesivum vel depend entiam de futuro rebus sic stantibus intelligitur)".

De acordo con esta xurisprudencia e doutrina consultiva, o principio de risco e ventura cedería en caso de "risco imprevisible" ou de "factum principis". Analizaremos a continuación o concepto e requisitos necesarios para a aplicación destas excepcións.

A teoría do risco imprevisible refírese a situacións, feitos, de excepción equiparable á "forza maior", nas que se produce un desequilibrio económico de tal magnitude que o cumprimento polo contratista das súas obrigas pode devir excesivamente oneroso.

A Sentencia do TSX de Murcia de 25 de setembro de 2017, recurso 160/2017, recorda que a STS 30 abril 2001 acude á cláusula rebus sic stantibus ou risco imprevisible, para restablecer o equilibrio financeiro do contratista cando concorran circunstancias e alteracións económicas extraordinarias, anormais, imprevistas e profundas que afecten grandemente a este. Segundo a xurisprudencia a imprevisibilidade que permite aplicar a mencionada cláusula debe acreditarse, esixindo una alteración extraordinaria das circunstancias no momento de cumprir o contrato coas concorrentes ó tempo da súa realización, así como unha desproporción exorbitante, fora de todo cálculo, entre as prestacións das partes, que derrube o contrato por aniquilación do equilibrio das prestacións, e aconteza coa sobrevivencia de circunstancias radicalmente imprevisibles ( STS 23 xuño 1997 , 23 abril 1991 , 24 xuño 1993 ). E toda esta doutrina debe interpretarse desde a perspectiva do interese público para poder continuar prestándose o servizo en circunstancias anormais sobrevidas, para o que é preciso acreditar que o desequilibrio é suficientemente importante e significativo, de maneira que no poda ser subsumido na estipulación xeral de risco e ventura do contratista.

A súa aplicación require, por tanto, a concorrencia de dous requisitos:

- Que se trate de circunstancias derivadas de feitos radicalmente imprevisibles que a Administración ou o contratista non puideron prever, incluso empregando unha dilixencia maior da esixible.
- Debe existir unha desproporción obxectiva e evidente, extraordinaria, anormal e non xustificada.

Esta técnica ten carácter excepcional, tal e como establece a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria de 29 de abril de 1997 "es una fórmula excepcional que debe combinarse con el principio de riesgo y ventura al objeto de impedir que esa excepcionalidad se convierta en una garantía ordinaria de los intereses del concesionario a modo de seguro gratuito que cubra todos los riesgos de la empresa trasladándolos íntegros a la res pública en contra de lo que constituye la esencia misma de la institución y sus límites naturales".

No presente caso, non queda acreditado que se dean as circunstancias que permitan a aplicación da teoría do risco imprevisible, é mais, as subidas salariais ben sexan en virtude de convenio ou de normas non resultan imprevisibles, xa que é o habitual.

O contrato que nos ocupa non contemplaba a posibilidade de revisión de prezos, polo que o contratista debeu de ter a dilixencia esixible para prever as subidas salariais que puideran afectarse ó contrato e cuxa afección ó suposto concreto, tampouco xustifica, máis alá das súas afirmacións.

E máis, trátase dun contrato de curta duración e no que a propia contratista manifestou ou seu desexo de continuar co servizo en data 30/07/2018. Así, segundo doc. 180125982, de data 30/07/18, a empresa Coyma Servicios Generales, S.L. aceptou a prórroga do contrato de control e atención ao público en VigoZoo para o período 01/10/2018 a 30/09/2019, polo que a Administración municipal non continuou coa tramitación do novo expediente de contratación iniciado (expte. 9363/612) e acordou a prórroga do contrato, aceptada expresamente pola contratista, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/09/2018 (exp. 9429-612), por un ano ata o 30/09/2019.

Por outra banda, a subida do SMI por unha norma regulamentaria é unha circunstancia que pode incidir de forma indirecta no contrato, pero non se trata dun feito directamente relacionada co obxecto do contrato o que o aparta do "risco imprevisible ou forza maior.

Por último, cómpre indicar como sinala D. José Manuel Martínez Fernández, funcionario de Admón. Local con habilitación de carácter nacional, na súa publicación do 22/02/2019 (Observatorio da Contratación Pública), a doutrina maiorita non considera risco imprevisible os supostos nos que a causa deriva de decisións económicas de carácter xeral, como é o caso que nos ocupa. Neste sentido indica:

"Además, los órganos consultivos y jurisdiccionales no han admitido la calificación de riesgos imprevisibles en supuestos en los que la causa derivaba de decisiones o incidencias económicas generales, como los ciclos económicos, las devaluaciones de la moneda o las fluctuaciones del precio del petróleo y sus derivados (dictámenes del Consejo de Estado 632/1994, de 14 de marzo; 21/92, de 13 de febrero; IJCCA de Aragón 18/2012, de 19 de septiembre y 8/2013; Sentencia de la Audiencia Nacional de 21 de Octubre de 2013, sección 8ª; STS de 28 de enero de 2015 rec. 449/2012). Y aunque en alguna ocasión han analizado la incidencia de supuestos riesgos imprevisibles en contratos diferentes a las concesiones, siempre han rechazado la concurrencia de tales circunstancias confieran derechos indemnizatorios a los contratistas (STS de 26 de diciembre de 1990, 30 de abril de 1999, en relación con el incremento de los precios en los ligantes asfálticos en contratos de obras, o las STS de 30 de abril de 2001 o de 9 de diciembre de 2003, en relación a contratos de servicio de mantenimiento)."

A doutrina do "factum principis" refírese a disposicións ou medidas, basicamente, de ordenación económica ou de enteiros sectores de actividade que, polo tanto, non se adoptan coa finalidade de modificar a relación contractual, aínda que incidan nela, facéndoa ou podendo facela máis onerosa para o contratista.

Atopamos unha definición deste no Ditame número 3.725, de 12 de novembro de 1948, do Consello de Estado repetida en numerosos ditames posteriores ata a actualidade, segundo o cal "existe «factum principis» cuando la Administración está vinculada con un particular y lesiona la materia económica sinalagmáticamente acordada a través de un acto propio, nacido del poder general del «imperium». Resulta pacífico que el fundamento de la indemnización en el caso del "factum principis" es el mismo de la responsabilidad extracontractual de la Administración en general" (Ditame do Consello de Estado, expediente 31/1992).



## Concello de Vigo

O Tribunal Supremo considera (STS de 25 de abril e de 20 de decembro de 1986), necesario para que se de o nacemento do dereito indemnizatorio nestes casos, que debe de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e que produzan un dano especial ao contratista para dar lugar a súa compensación.

A circunstancia alegada polo contratista para a ruptura do reequilibrio do contrato, parece encadrarse na aplicación do “factum principis”: unha modificación normativa regulamentaria que incrementa os seus custes salariais polo incremento do SMI.

No entanto, tal e como sinala D. José Manuel Martínez Fernández, funcionario de Admón. Local con habilitación de carácter nacional, na citada publicación do 22/02/2019 (Observatorio da Contratación Pública) sobre a subida do SMI e a súa incidencias nos contratos públicos, para que se de o suposto de “factum principis” o acto normativo debe provir da propia administración, doutrina legal moi maioritaria, que recolle expresamente os artigos 270.2.b) e 290.4.b) da vixente LCSP para o contrato de concesión de obras e para o de concesión de servizos, respectivamente. Neste sentido indica:

“Por lo que respecta a la limitación de los supuestos calificables como factum principis, la regulación de los artículos 270.2.b) y 290.4.b) de la LCSP recogen la doctrina legal muy mayoritaria que sólo admite la tipificación como ‘hecho del príncipe’ se trata de actos propios de la entidad contratante: dictámenes del Consejo de Estado 3725/1948; 31/92, 632/1994; 661/2004; 634/2005; etc.; dictamen del Consejo Consultivo de Castilla y León 107/2015; STS de 12 de diciembre de 1979; STS de 16 de mayo de 2011; STS de 12 de mayo de 2016, rec. 451/2012; STS 23 de marzo de 2018, rec. 734/2014; ATACP de Aragón 51/2014, de 4 de septiembre; IJCAE 7/2003, de 22 de diciembre y 61/2008. Por todas, la STS de 24 de abril de 1985 ya había señalado que “(..) ni siquiera se haya producido un «factum principis», en cuanto esta Corporación Local no es causa directa de esas elevaciones en la masa salarial”. Por lo tanto, descartamos que para el sector público no estatal, la medida de incremento del SMI pueda ser calificada como factum principis, por lo que no existirá identidad con el supuesto analizado en el informe de la Abogacía del Estado 1/2019, y por lo tanto, no se aplicaría el procedimiento que se señala.”

Do exposto, despréndese que o «factum principis» debe reunir, cando menos, os seguintes requisitos:

- Debe de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade, imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista.
- Debe ser imputable á propia Administración contratante.
- Trátase dun suposto claramente excepcional.

Pero é máis, como sinala a Avogacía Xeral do Estado no seu informe de 1/02/2019, respecto a un caso semellante respecto dun contrato da Administración do Estado, sendo a figura do “factum principis” a técnica de garantía do equilibrio económico do contrato cando a maior onerosidade da relación contractual ten lugar por razón da adopción dunha disposición de ordenación económica cuxos efectos inciden en dita relación, isto non ten por obrigada

consecuencia que en todo caso de adopción de medidas de ordenación económica necesariamente xurda a obriga de compensar ou reparar a maior onerosidade da relación contractual.

O “factum principis” non é unha potestade ou prerrogativa contractual, polo que as consecuencias que se deriven deste, non poden resolverse con arranxo ó marco normativo constituído pola lexislación sobre contratación pública. Polo tanto, a maior onerosidade da relación contractual a que dea lugar o “factum principis” deberá recibir o tratamento que resulte do réxime xurídico sobre responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, pois, en definitiva, esa maior onerosidade que se produce no seo da relación contractual por razón do “factum principis” e respecto da cal se pretende unha compensación ou indemnización, non deixa de ser un prexuízo ocasionado por consecuencia do exercicio dunha potestade xurídico-pública de conformación ou ordenación económico-social, allea á material contractual.

Tamén, se indica no citado informe que traslada así a cuestión ó marco da responsabilidade patrimonial da Administración, *“non pode descoñecerse que nestes supostos o funcionamento normal do servizo público (legalidade da actuación administrativa) o canon ou medida da antixuricidade do prexuízo está constituído, como postula a doutrina da igualdade ante as cargas públicas, polo carácter xeral ou singular do prexuízo: a xeneralidade do prexuízo causado polo funcionamento normal do servizo -licitude da actuación administrativa- determina que o prexuízo no sexa indemnizable porque precisamente pola súa xeneralidade existe o deber xurídico de soportalo; polo contrario, a singularidade do prexuízo, isto é, a súa concreción ou limitación a algúns administrados e a súa maior intensidade para estes determina que o prexuízo sexa antixurídico, sen que, por tanto, exista o deber xurídico de soportalo, o que ten como consecuencia a súa indemnizabilidade.”*

*... “En efecto, o incremento do SMI disposto polo Rd 1462/2018, de 29 de decembro, é unha medida de carácter xeral, posto que afecta a todos os operados ou axentes económicos que teñan persoal ó seu servizo sen excepción ningunha, polo que de admitirse a compensación ou indemnización, esta habería de recoñecerse, no só ós adxudicatarios de contratos concertados con todas as administracións públicas, senón tamén ós demais operadores ou axentes económicos por razón de contratos concertados por estes entre si ou cos seus clientes, xa que outro caso privilexiaríase a uns empresarios respecto a outros, rompendo así a igualdade ante as cargas públicas”.*

Por todo exposto, o incremento dos custes salariais derivado da subida do SMI determinado polo Rd 1462/2018, de 29 de decembro, non constitúe un “factum principis” que implique a obriga da Administración de indemnizar ó contratista, primeiro, porque a referida norma regulamentaria non foi ditada pola Administración contratante, neste caso, o Concello de Vigo e, segundo, porque a xeneralidade do prexuízo causado (afecta a todos e non a uns concretos administrados) determina que non sexa indemnizable existindo o deber xurídico de soportalo, neste caso, por parte da empresa contratista.

2.- Escrito presentado pola contratista con data de entrada no Concello de Vigo do 28/02/2019 (doc. 190030155), no que anuncia a suspensión e retirada do servizo a partir do próximo 28 de febreiro de 2019, ás 19:15 horas.

Reitéranse o manifestado anteriormente xa que en ningún momento existiu acordo de resolución do contrato por mutuo acordo, polo que a contratista non pode suspender



## Concello de Vigo

unilateralmente a execución do contrato, como xa se lle indicou en escrito de data 28/02/2019, advertíndolle que dita actuación pode ser constitutiva de infracción administrativa moi grave tipificada na cláusula 34,b),1. do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato e que literalmente di:

*“A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ó contratista, por un prazo que exceda de 24 horas, salvo no suposto de folga legal.”*

Asimesmo, deixar de prestar o servizo contratado de forma unilateral e continuada, sendo este o obxecto e a obriga esencial do contratista, é causa de resolución culposa do contrato ao abeiro do artigo 223.f) do TRLCSP a cal implicaría a indemnización á Administración dos danos e prexuízos ocasionados (artigo 225.3. do TRLCSP).

Se a entidade contratista entendía que procedía un reequilibrio económico debeu xustificalo en debida forma na correspondente solicitude e, no seu caso, acudir a vía xurisdiccional para a defensa dos seus dereitos, pero non deixar de prestar o servizo de forma unilateral cos consecuentes prexuízos para a Administración municipal.

Por todo o exposto, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo conforme ó previsto na Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude da empresa “Coyma Servicios Generales, S.L.” de non prorrogar o contrato de servizo de atención e control do público en VigoZoo a partir do 30 de setembro de 2019 (exptes. 7144/612, 9429/612), en virtude dos fundamentos de feito e dereito que se recollen na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Desestimar a petición da empresa “Coyma Servicios Generales, S.L.” de resolver o contrato de servizo de atención e control do público en VigoZoo (Exp. 7144/612, 9429/612) de mutuo acordo entre a administración e a contratista, así como non aceptar a comunicación de suspensión e retirada do servizo con entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo de data 28/02/2019, doc. 190030155, en virtude dos fundamentos de feito e dereito que se recollen na parte expositiva deste acordo.

TERCEIRO.- Dar conta deste acordo á Área Municipal de Contratación ós efectos da incoación de procedemento de resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista.

CUARTO.- contra este acordo, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén,

interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(225).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS, XIMNÁSTICAS E MOBILIARIO URBANO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 11552/446.**

Visto o informe xurídico do 21/02/19 e o informe de fiscalización de data 28/02/19, dáse conta do informe-proposta de data 14/02/19, asinado polo xefe de Montes Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Parques e Xardíns e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

1.- O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 25 de xaneiro de 2019, emitiu informe no que se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

#### **“ACORDO**

*PRIMEIRO.- Autorizar a **prórroga de UN ANO**, para o período comprendido **entre o 1 de maio de 2019 e o 30 de abril de 2020**, do contrato para a prestación do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaludables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo, dependente da concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, do que é actualmente adxudicataria a entidade mercantil, **Ferrovial Servicios, SA** (CIF A80241789) por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de data 10 de abril de 2015 (expte. 7524/446).*

*O importe da prórroga será de **420.729,28 euros**, dos que 273.819,52 euros corresponden ao orzamento do ano 2019 e 136.909,76 euros ao orzamento do ano 2020, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 1710.2279902 “MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES”.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e*





## Concello de Vigo

8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

*Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dítar e notificar resolución.”*

2.- A letrada – xefa de asesoramento da Asesoría Xurídica, en data 1 de febreiro de 2019 e a letrada – titular da Asesoría Xurídica Municipal, en data 4 de febreiro de 2019, emitiron informe favorable.

3.- Detectado un erro aritmético no importe da prórroga indicado no segundo parágrafo do primeiro punto do informe proposta, que di “**O importe da prórroga será de 420.729,28 euros, dos que 273.819,52 euros corresponden ao orzamento do ano 2019 e 136.909,76 euros ao orzamento do ano 2020, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 1710.2279902 “MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES”.**”, cando realmente, debería dicir “**O importe da prórroga será de 410.729,28 euros, dos que 273.819,52 euros corresponden ao orzamento do ano 2019 e 136.909,76 euros ao orzamento do ano 2020, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 1710.2279902 “MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES”.**”, procede rectificar dito informe proposta que queda coa seguinte redacción:

### INFORME PROPOSTA

#### ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 10 de abril de 2015, adoptou o seguinte acordo (expte. 7524/446):

Primeiro.- “Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido). Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Segundo.- Reducir o prazo de execución respecto da prestación relativa ó mantemento, conservación e reposición das áreas biosaudables e áreas deportivas-ximnásticas, incluída no obxecto do contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo, que no comezará a prestarse ata o 15 de xullo de 2015, coa correspondente detracción do importe relativo as citadas prestacións das mensualidades a aboar ó adxudicatario ata a citada data, que ascenden a 5.405,48 euros mensuais”.

II.- A Xunta de Goberno Local, da súa sesión ordinaria de data 13 de maio de 2016, adoptou o seguinte acordo (expte. 8732/446):

“1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo. As

modificacións, nos termos que constan no informe do enxeñeiro municipal de data 18 de febreiro de 2016, consistirán en:

1. Un incremento da superficie dos parques infantís obxecto do contrato de 754,18 m<sup>2</sup>, resultado da creación dos novos parques infantís de Aragón Redomeira, Teixugueiras Nº 34 e Pizarro (Urbanización), do incremento da superficie do parque infantil da Praza da Independencia e da supresión do parque infantil de Bouzas.
2. Un incremento da superficie das áreas biosaudables obxecto do contrato de 3054,32 m<sup>2</sup>, resultado da creación das novas áreas de P.B. Samil, P.B. Aragón, P.B. Praia de Sta Baia, P.B. Alameda de S. Pelaio de Navia, P.B. Rúa Moaña, P.B. Polideportivo Berbés, P.B. Pizarro, P.B. Mestre Montes, P.B. Barrio das Flores, P.B. Mondariz, P.B. Alameda Andrés Gaos, P.B. Balaídos Lagares, P.B. Relfas, P.B. Independencia, P.B. Mercado-Toural de Abaixo, P.B. Centro Cultural Becerreira, P.B. A. VV Beade, P.B. Capela do Vao; e do incremento da superficie dos P. B. Pablo Iglesias e P. B. Parque de Castrelos.
3. Un incremento de 419 Bancos.

2º.- A modificación representa un 6,54% do prezo primitivo do contrato, se ben o primeiro 5 % non afectará ó prezo do mesmo, segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas e 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares. Compensarase ó contratista por mor desta modificación cos importes reflectidos na seguinte táboa:

Ano de aplicación	Período	Importe
Ano 2016	Do 1 de Marzo a 31 de decembro	5.746,90
Ano 2017	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	6.896,28
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	6.896,28
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 30 de Abril	2.298,76
Total		21.838,22

No caso que a modificación se formalice con posterioridade ó 1 de marzo, reaxustarase o importe correspondente ó ano 2016 (5.746,90 €), o cal imputarase á partida 1710-227.99.02.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.

III.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 27 de setembro de 2018, adoptou o seguinte acordo (expte. 7425/446):



## Concello de Vigo

**“Primeiro.-** Aprobar a 1ª Revisión do prezos do contrato de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaúdables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/05/2016 ata 30/04/2017 en 362.535,20 €/ano ive incluído.

**Segundo.-** Aprobar 2ª Revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaúdables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/05/2017 ata 30/04/2018 en 366.558,56 €/ano ive incluído.

**Terceiro.-** Aprobar a 3ª Revisión de prezos do contrato de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaúdables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo, fixando o mesmo a partires do 01/05/2018 ata 30/04/2019 en **369.857,64 €/ano ive incluído.**

**Cuarto.-** Aprobar en concepto de atrasos correspondentes a 1ª, 2ª e 3ª revisión de prezos, para o período 01/05/2016 ata 31/08/2018, o importe de **13.013,55 €**, o cal se imputará á partida 1710.2279902 “Mantemento de Parques Infantís e Biosaúdables” con cargo á bolsa de vinculación, segundo cadro que se achega.

	Período 01/05/2016 30/04/2017	Período 01/05/2017 30/04/2018	Período 01/05/2018- 31/08/2018	Total
1ª Rev	3.233,74 €/ano			3.233,74 €
2ª Rev	3.240,48 €/ano	3.269,64€/ano		6.510,12€
3ª Rev	1.080,16 €/ano	1.080,16 €/ano	1.099,68 €/ano	3.269,72€
<b>TOTAL ATRASOS 1ª, 2ª E 3ª REV PREZOS PERÍODO 01/05/2016 – 31/08/2018</b>				<b>13.013,55€</b>

**Quinto.-** Aprobar o importe da facturación mensual a partir da aprobación do presente acordo en 30.821,47€/mes (8 meses) o cal se imputará a partida 1710.2279902 “Mantemento de Parques Infantís e Biosaúdables” con cargo á bolsa de vinculación (...)”

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 18 de decembro de 2018 (expte. 9688/446), adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 11 de outubro de 2018, e o informe complementario de data 13 de decembro do mesmo ano, que consistirán nun incremento de superficie en parques infantís ampliados, en incorporación de novas áreas recepcionadas ou de nova instalación en fase de execución da obra, incremento de unidades de bebedeiros, incremento de unidades de bancos, e no incremento ou detracción de superficie en determinadas áreas biosaludables nos termos sinalados no citado informe.

2º.- Autorizar o gasto correspondente á modificación, que supón un incremento do seu importe anual en 15.701,71 euros, que se distribuirían orzamentariamente segundo o indicado no informe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 11 de outubro de 2018, e o informe complementario de data 13 de decembro do mesmo ano:

\* Ano 2018 (17 de decembro ao 31 de decembro):

TOTAL: 1.189,26 € (0,08%)

\* Ano 2019 (1 de xaneiro ao 30 de abril):

TOTAL: 14.512,45 € (1,03%)”

Este importe pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTENIMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación.

3º.- Comprobar a garantía definitiva depositada na Tesourería municipal con nº operación 201800093710 con carácter previo á formalización do contrato.

4º.- Formalizar por escrito a presente modificación.”

V.- Toda vez que o contrato foi formalizado en data 21 de decembro de 2018, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 28 de decembro de 2018, emite o seguinte informe:

“ (...) En data 17 de decembro de 2018, realizouse retención de crédito polo importe correspondente ao ano 2018, nunha contía de 1.189,26€, número de operación 201800100980.

Dita contía, 1.189,26€ abrangue o período do 17 de decembro ao 31 de decembro do ano 2018, se ben o contrato foi formalizado en data 21 de decembro de 2018 polo que procede facer un recálculo da citada contía, co fin de que o importe corresponda ao período de vixencia do contrato, é dicir, do 22 de decembro ao 31 de decembro de 2018.

Ante o exposto, procede formular a seguinte **proposta económica da modificación Parques infantís nos que a prestación se inicia o 22 de decembro de 2018:**

Tipoloxías		Custe 22/12 /2018 ata 31/12/2018
------------	--	-------------------------------------

Parques infantís		
	P.I Teixugueiras	6,38 €
	P.I Beade	24,67 €
	P.I Barrio das Flores	11,46 €



## Concello de Vigo

	P.I Centro Cívico de Teis	63,73 €
	P.I de Pizarro	13,73 €
	P.I Más que Auga	30,36 €
<b>SUBTOTAL:</b>		150,33 €

<b>Áreas Biosaludables</b>		
	Vilagarcía-Bueu	20,70 €
	Centro Cívico de Teis	19,84 €
<b>SUBTOTAL:</b>		40,54 €

<b>Bancos</b>	509 Unidades	213,50 €
<b>Bebedeiros</b>	5 Unidades	1,20 €
<b>SUBTOTAL:</b>		214,70 €

<b>TOTAL:</b>		405,57 €
---------------	--	----------

### Parques infantís nos que a prestación iniciábase en función da data de recepción:

Tipoloxías Parques infantís		Custe Dende a data de recepción das obras ata 31/12/2018
Acta de recepción 12/12/2018	P.I.Praza Independencia	68,40 €
Acta de recepción 26/12/2018	P.I Barreiro	52,6 €
No recepcionado	P.I Pedro Alvarado	0 €
No recepcionado	P.I Navia	0 €
Acta de recepción	P.I Rúa Venezuela	47,3 €

21/12/2018		
<b>SUBTOTAL:</b>		168,30 €

**Os importes económicos que se imputarán no ano 2018 son:**

Ano aplicación	de	Período	Importe
Ano 2018		Do 22 o a 31 decembro	
<b>TOTAL:</b>			573,87 €

Ante o exposto, o importe correspondente ao ano 2018 (22 de decembro ao 31 de decembro de 2018) é de **573,87€.**"

VI.- Segundo a cláusula 4ª do contrato, o prazo do contrato será de 4 anos. A execución do contrato iniciouse en data 1 de maio de 2015, agás para as prestacións relativas ao mantemento, conservación e reposición das áreas biosaludables e áreas deportivas e ximnásticas, que comezou o día 15 de xullo de 2015, polo que, o prazo remata o 30 de abril de 2019.

VII.- Con data 23 de xaneiro de 2019, o concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, a proposta do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, resolveu iniciar a tramitación do expediente de prórroga do contrato maio de servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaludables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

De conformidade co disposto no punto 2 da disposición transitoria primeira da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior (TRLCSPP).

O artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, dispón no seu apartado 2º que o contrato poderá prevén unha ou varias prórrogas, sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevea expresamente o contrario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

O artigo 303 da citada norma sinala, a súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a caro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións Públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización de aquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis



## Concello de Vigo

anos e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

Na cláusula 4 do contrato dispónse que o prazo do contrato será de catro anos, contado a partir do 1 de maio de 2015, agás para as prestacións relativas ao mantemento, conservación e reposición das áreas biosaludables e áreas deportivas e ximnásticas, que comezou o día 15 de xullo de 2015, polo que, o prazo remata o 30 de abril de 2019.

Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7 establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas Características do Contrato (FEC), sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e que o contratista non se opoña á mesma.

Finalmente, o apartado 4.C das FEC prevé dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Na actualidade, o servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo desenvólvese conforme ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares, en canto que os labores de conservación, mantemento e reposición das distintas áreas comprendidas no contrato están sendo aplicados en tempo e forma.

Asemade, as características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga, tendo en conta as revisións de prezos e ampliacións aprobadas pola Xunta de Goberno Local, acordos transcritos nos antecedentes da presente proposta.

Como xa se expuxo anteriormente, o prazo de execución do contrato remata o 30 de abril de 2019, polo que, debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a cal no seu artigo 3 dispón que:

“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Ante o exposto, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 303 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e no apartado 4.C das FEC do contrato, e atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL), a aprobación do seguinte

## ACORDO

PRIMEIRO.- Autorizar a **prórroga de UN ANO**, para o período comprendido **entre o 1 de maio de 2019 e o 30 de abril de 2020**, do contrato para a prestación do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaludables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbano do concello de Vigo, dependente da concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, do que é actualmente adxudicataria a entidade mercantil, **Ferrovial Servicios, SA** (CIF A80241789) por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de data 10 de abril de 2015 (expte. 7524/446).

O importe da prórroga será de **410.729,28 euros**, dos que 273.819,52 euros corresponden ao orzamento do ano 2019 e 136.909,76 euros ao orzamento do ano 2020, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 1710.2279902 "MANTEMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES".

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución."

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(226).- REINTEGRO DE GASTOS XURÍDICOS DO FUNCIONARIO MUNICIPAL NP 77055. EXPTE. 32089/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 05/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 26/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:





## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES

I.- En escrito de data da sinatura electrónica (nº doc. 180081559) o/ funcionario/a, con nº de persoal 77055 e DNI nº 3\*01\*\*\*0 \*, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento dilixencias previas-procedemento abreviado 3428/14, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 04/12/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións.

A Letrada da Administración de xustiza do xulgado de instrución nº 1 de Vigo, certificou na data 05/10/2018, a firmeza do auto de 04/12/2017 respecto ao solicitante.

II.- O importe solicitado ascende a unha contía de 6.050 euros. Se aportan a tal efecto as respectivas minutas P 274/15 (3.025 euros) e 107/18 (3.025 euros); escrito do avogado co desglose da intervención en Defensa do solicitante nas dilixencias previas de referencia, así como os xustificantes do pago das minutas efectuados polo solicitante.

III.- Solicitado informe a Asesoría xurídica deste concello, o mesmo foi emitido constando nos trámites 15 e 18 do expte de referencia.

Así mesmo, Asesoría xurídica ten informado a “necesaria xustificación e consideración da cuantía reclamada, en relación á aplicación do baremo colexial, que como referencia orientativa daría como resultado a cantidade de 4.416,50 € salvo erro ou omisión.” (expte 32692-220)

IV.- Solicitado á vista das alegacións, novo informe a asesoría xurídica, se emite en data 09/01/2019 nos seguintes termos “A Asesoría Xurídica non é un órgano propoñente nin substituto do servizo xestor. Con todo, xa en dúas ocasións informamos con carácter non preceptivo, con datas do 23/08/2018 e 17/12/2018, para subministrarlles os elementos de xuízo precisos que coadruven a elaborar e formar a opinión fundada do servizo xestor (a maiores de anteriores informes nos que sinalábamos a conveniencia do establecemento de pautas para este tipo de indemnizacións en materia de persoal). Non existe unha proposta de resolución para avaliar e sobre á que emitir un resultado ou ditame favorable ou desfavorable, este resultado dependerá da valoración dos feitos e das razóns e motivación que se leve a cabo no informe-proposta. O informe da Asesoría Xurídica é previo ao de fiscalización e á adopción do acordo ou resolución que proceda pero en todo caso posterior á proposta de resolución do expediente que elabora o servizo xestor, pois carécese de proposta á que prestar conformidade ou sobre a que emitir o informe no sentido pretendido. Así pois, neste caso non figura no expediente administrativo que se remite proposta de resolución do servizo xestor, a diferenza doutros expedientes (vid. Exptes 29765/220, 31518/220, 31275/220, nos que consta informe xurídico con proposta de resolución redactado con toda normalidade polo departamento de Recursos Humanos con carácter previo aos informes da Asesoría e da Intervención).”

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-** O Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

**II.-** O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

**III.-** A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.



## Concello de Vigo

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, tal e como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

**IV.-** Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexado ao expediente, do que destacamos ... “Cando se aprecie que a contía da factura exceda inxustificadamente o orzamento inicial ou poida incorrer en honorarios excesivos ou indebidos poderá suspenderse o procedemento para subsanación e xustificación (podendo fixarse, por acordo xeral, cantidades de referencia ou máximas conforme aos baremos de honorarios colexiais ou outros criterios obxectivables).”

É de advertir que aínda concorrendo os requisitos esixidos pola doutrina do Tribunal Supremo, a eventual estimación da solicitude de indemnización dos gastos xudiciais, non presupón sen máis, a obriga de abono das cantidades reclamadas polos interesados, xa que logo, é preciso ter en conta que a indemnización que pode acordarse en favor dos funcionarios solicitantes, non ten por que coincidir cos importes que se pague por eles aos seus letrados en virtude dos correspondentes contratos existentes entre eles; nin tampouco, o feito de que se acredite que os honorarios de letrado que se reclaman se pagaran, da dereito ao reembolso da mesma cantidade, sendo en todo caso necesario seu exame e súa confrontación cos referidos criterios orientativos do Colexio de avogados.

Ademais as ditas cantidades están sometidas a control interno de conformidade cos artigos 214 e ss do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que permita verificar e controlar o gasto, que existe crédito ou consignación orzamentaria.

De todo o anteriormente exposto cabe concluír que o que debe indemnizarse son os gastos que realmente foran necesarios para o proceso, con exclusión dos que non sexan obrigados, e sen que podan satisfacerse cantidades excesivas ou abusivas, podendo atender, a modo indicativo, tal como resulta do informe de asesoría xurídica, ao establecido nos criterios orientativos que teñen fixados os Colexios de Avogados.

No presente caso o importe solicitado ascende a unha contía de 6.050 euros. Se aportan a tal efecto as respectivas minutas P 274/15 (3.025 euros) e 107/18 (3,025 euros); escrito do avogado co desglose da intervención en defensa do solicitante nas dilixencias previas de referencia, así como os xustificantes do pago das minutas efectuados polo solicitante.

Na minuta presentada se fixa unha cantidade global, sen que poda determinarse e xustificarse o exceso en relación aos criterios orientativos do Colexio de avogados que referiamos nos parágrafos anteriores, polo que a cantidade solicitada, debe limitarse e reducirse de conformidade cos mesmos, debendo abonarse 4.416,50 € en concepto de honorarios de avogado.

**VI.-** De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013,

do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO.-** Acordar, en base aos informes emitidos no expediente, o aboamento parcial dos gastos xudiciais ocasionados nº de persoal 77055 e DNI nº 3\*01\*\*\*0 \*, como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- dilixencias previas-procedemento abreviado 3428/14, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 04/12/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións, sendo certificado pola Letrada da Administración de xustiza do xulgado de instrución nº 1 de Vigo, a firmeza do auto de 04/12/2017 respecto ao solicitante.

Os gastos a aboar concréntanse nun importe total de **4.416,50 €**

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(227).- REINTEGRO DE GASTOS XURÍDICOS DO FUNCIONARIO MUNICIPAL NP 77549. EXPTE. 32479/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 05/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 22/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de



## Concello de Vigo

Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

I.- En escrito de data da sinatura electrónica (nº doc. 180123483) o/ funcionario/a, con nº de persoal 77549 e DNI nº 3\*08\*\*\*2 \*, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións.

A Letrada da Administración de xustiza do xulgado de instrución nº 7 de Vigo, certificou na data 28/02/2018, a firmeza do auto de 13/09/2018 respecto ao solicitante.

II.- O importe solicitado ascende a unha contía de 14.943,91 euros. Se aportan a tal efecto as respectivas facturas así como os xustificantes do pago das mesmas efectuados polo solicitante. Factura A-0000607 en concepto de poder para pleitos (45,14 euros); Factura nº 36-1/15 en concepto de provisión de fondos (2.000 euros); Factura nº 121 do procurador (378,77 euros); e Factura 14/18 honorarios de avogados (12.520 euros descontado os 2.000 euros de provisión de fondos).

III.- Solicitado informe a Asesoría xurídica deste concello, os mesmos foron emitidos (trámites 20 e 23 do expte de referencia) entendendo necesaria unha xustificación e consideración da cuantía reclamada, en relación á aplicación do baremo colexial, que como referencia orientativa daría como resultado a cantidade de 4.416,50 € salvo erro ou omisión.

IV.- Mediante dilixencia de data da sinatura electrónica, se require ao solicitante que xustifique a contía da factura en relación coa aplicación do baremo colexial.

V.- Na data 15/10/2018, presenta escrito no que xustifica os honorarios na gravidade e multiplicidade dos delitos imputados, ao tempo de desenvolvemento do traballo (tres anos), a necesidade de análise de 30 tomos de sumario, 20.000 folios, os escritos e recursos presentados, dilixencias, atención ao cliente, entre outros.

VI.- Solicitado á vista das alegacións, novo informe a asesoría xurídica, se emite en data 09/01/2019 nos seguintes termos "A Asesoría Xurídica non é un órgano propoñente nin substituto do servizo xestor. Con todo, xa en dúas ocasións informamos con carácter non preceptivo, con datas do 23/08/2018 e 17/12/2018, para subministrarlles os elementos de xuízo precisos que coadxuven a elaborar e formar a opinión fundada do servizo xestor (a maiores de anteriores informes nos que sinalábamos a conveniencia do establecemento de pautas para este tipo de indemnizacións en materia de persoal). Non existe unha proposta de resolución para avaliar e sobre á que emitir un resultado ou ditame favorable ou desfavorable, este resultado dependerá da valoración dos feitos e das razóns e motivación que se leve a cabo no informe-proposta. O informe da Asesoría Xurídica é previo ao de fiscalización e á adopción do acordo ou resolución que proceda pero en todo caso posterior á proposta de resolución do expediente que elabora o servizo xestor, pois carécese de proposta á que prestar conformidade ou sobre a que emitir o informe no sentido pretendido. Así pois, neste caso non figura no expediente administrativo que se remite proposta de resolución do servizo xestor, a diferenza doutros expedientes (vid. Exptes 29765/220,

31518/220, 31275/220, nos que consta informe xurídico con proposta de resolución redactado con toda normalidade polo departamento de Recursos Humanos con carácter previo aos informes da Asesoría e da Intervención).”

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-** O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

**II.-** O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

**III.-** A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.



## Concello de Vigo

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, talse como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

**IV.-** Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexado ao expediente, do que destacamos ... “Cando se aprecie que a contía da factura exceda inxustificadamente o orzamento inicial ou poida incorrer en honorarios excesivos ou indebidos poderá suspenderse o procedemento para subsanación e xustificación (podendo fixarse, por acordo xeral, cantidades de referencia ou máximas conforme aos baremos de honorarios colexiais ou outros criterios obxectivables).”

É de advertir que aínda concorrendo os requisitos esixidos pola doutrina do Tribunal Supremo, a eventual estimación da solicitude de indemnización dos gastos xudiciais, non presupón sen máis, a obriga de abono das cantidades reclamadas polos interesados, xa que logo, é preciso ter en conta que a indemnización que pode acordarse en favor dos funcionarios solicitantes, non ten por que coincidir cos importes que se pague por eles aos seus letrados en virtude dos correspondentes contratos existentes entre eles; nin tampouco, o feito de que se acredite que os honorarios de letrado que se reclaman se pagaran, dá dereito ao reembolso da mesma cantidade, sendo en todo caso necesario seu exame e súa confrontación cos referidos criterios orientativos do Colexio de avogados.

Ademais as ditas cantidades están sometidas a control interno de conformidade cos artigos 214 e ss do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que permita verificar e controlar o gasto, que existe crédito ou consignación orzamentaria.

De todo o anteriormente exposto cabe concluír que o que debe indemnizarse son os gastos que realmente foran necesarios para o proceso, con exclusión dos que non sexan obrigados, e sen que podan satisfacerse cantidades excesivas ou abusivas, podendo atender, a modo indicativo, tal como resulta do informe de asesoría xurídica, ao establecido nos criterios orientativos que teñen fixados os Colexios de Avogados.

No presente caso o importe solicitado ascende a unha contía de 14.943,91 euros. Se aportan a tal efecto as respectivas facturas así como os xustificantes do pago das mesmas efectuados polo solicitante. Factura A-0000607 en concepto de poder para pleitos (45,14 euros); Factura nº 36-1/15 en concepto de provisión de fondos (2.000 euros); Factura nº 121 do procurador (378,77 euros); e Factura 14/18 honorarios de avogados (12.520 euros descontado os 2.000 euros de provisión de fondos). Se xustifica os elevados honorarios na gravidade e multiplicidade dos delitos imputados, ao tempo de desenvolvemento do traballo (tres anos), a necesidade de análise de 30 tomos de sumario, 20.000 folios, os escritos e recursos presentados, dilixencias, atención ao cliente, entre outros. Sen embargo na minuta presentada se fixa unha cantidade global, sen que poda determinarse e xustificarse o exceso en relación aos criterios orientativos do Colexio de avogados que referiamos nos parágrafos anteriores, polo que a cantidade solicitada, debe limitarse e reducirse de conformidade cos mesmos, debendo abonarse: 4.416,50 € en concepto de honorarios de avogado; 45,14 € (Factura A-0000607 en concepto de poder para pleitos); 378,77 € (Factura nº 121 do procurador), en total: **4.840,41 €**

**VI.-** De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Acordar, en base aos informes emitidos no expediente, o aboamento parcial dos gastos xudiciais ocasionados ao/á funcionario/a con nº de persoal 77549 e DNI nº 3\*08\*\*\*2 \*, como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións, sendo certificado pola Letrada da Administración de xustiza do xulgado de instrución nº 7 de Vigo, a firmeza do auto de 13/09/2017 respecto ao solicitante.

Os gastos a aboar concréntanse nun importe total de **4.840,41 €**. Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

**SEGUNDO.-** Acordar que se proceda ao inicio de expediente tendente á definición e establecemento de criterios reguladores da defensa xurídica e asistencia letrada do persoal municipal, en aplicación do disposto no artigo 36 do Acordo Regulador, aos efectos do cal trasládese o presente acordo á titularidade de Asesoría Xurídica e a xefatura de Recursos Humanos e Formación para a realización das actuacións oportunas.

**TERCERO.-** Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### **17(228).- REINTEGRO DE GASTOS XURÍDICOS DO FUNCIONARIO MUNICIPAL NP 81985. EXPTE. .32692/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 05/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- En escrito de data da sinatura electrónica (nº doc. 180057640) o/ funcionario/a, con nº de persoal 81985 e DNI nº 3\*10\*\*\*8 \*, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións.

A Letrada da Administración de xustiza do xulgado de instrución nº 7 de Vigo, certificou na data 24/10/2018, a firmeza do auto de 13/09/2018 respecto ao solicitante.

II.- O importe solicitado ascende a unha contía de 5.863 euros. Se aportan a tal efecto as respectivas facturas así como os xustificantes do pago das mesmas efectuados polo solicitante. Factura nº 120/15-B da procuradora, de data 12/10/2015 (363,03 euros); minutas de honorarios de avogada: minuta 023/2015-L -provisión de fondos- de data 26/10/2015 (3.080 euros) e minuta nº 2018/209-LU de data 06/04/2008 (2.420 euros)

III.- Solicitado informe a Asesoría xurídica deste concello, o mesmo foi emitido constando nos trámites 14 e 15 do expte de referencia.

Así mesmo, Asesoría xurídica ten informado a “necesaria xustificación e consideración da cuantía reclamada, en relación á aplicación do baremo colexial, que como referencia orientativa daría como resultado a cantidade de 4.416,50 € salvo erro ou omisión.” (expte 32692-220)

IV.- Mediante dilixencias de datas da sinatura electrónica, se requiriu ao solicitante para que acredite a firmeza do auto, e xustifique o ingreso das cuantías reclamadas. O solicitante aportou a estos efectos os documentos nº 180189304, 190001336, 190001338 e 190001339

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

**II.-** O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

**III.-** A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, talse como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madri, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

**IV.-** Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente, do que destacamos ... “Cando se aprecie que a contía da factura exceda inxustificadamente o orzamento inicial ou poida incorrer en honorarios excesivos ou indebidos poderá suspenderse o procedemento para subsanación



## Concello de Vigo

e xustificación (podendo fixarse, por acordo xeral, cantidades de referencia ou máximas conforme aos baremos de honorarios colexiais ou outros criterios obxectivables).”

É de advertir que aínda concorrendo os requisitos esixidos pola doutrina do Tribunal Supremo, a eventual estimación da solicitude de indemnización dos gastos xudiciais, non presupón sen máis, a obriga de abono das cantidades reclamadas polos interesados, xa que logo, é preciso ter en conta que a indemnización que pode acordarse en favor dos funcionarios solicitantes, non ten por que coincidir cos importes que se pague por eles aos seus letrados en virtude dos correspondentes contratos existentes entre eles; nin tampouco, o feito de que se acredite que os honorarios de letrado que se reclaman se pagaran, dá dereito ao reembolso da mesma cantidade, sendo en todo caso necesario seu exame e súa confrontación cos referidos criterios orientativos do Colexio de avogados.

Ademais as ditas cantidades están sometidas a control interno de conformidade cos artigos 214 e ss do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que permita verificar e controlar o gasto, que existe crédito ou consignación orzamentaria.

De todo o anteriormente exposto cabe concluír que o que debe indemnizarse son os gastos que realmente foran necesarios para o proceso, con exclusión dos que non sexan obrigados, e sen que podan satisfacerse cantidades excesivas ou abusivas, podendo atender, a modo indicativo, tal como resulta do informe de asesoría xurídica, ao establecido nos criterios orientativos que teñen fixados os Colexios de Avogados.

No presente caso o importe solicitado ascende a unha contía de 5.863 euros. Se aportan a tal efecto as respectivas facturas así como os xustificantes do pago das mesmas efectuados polo solicitante. Factura nº 120/15-B da procuradora, de data 12/10/2015 (363,03 euros); minutas de honorarios de avogada: minuta 023/2015-L -provisión de fondos- de data 26/10/2015 (3.080 euros) e minuta nº 2018/209-LU de data 06/04/2008 (2.420 euros). Total honorarios de avogado (5.500 euros).

Na minuta presentada se fixa unha cantidade global, sen que poda determinarse e xustificarse o exceso en relación aos criterios orientativos do Colexio de avogados que referiamos nos parágrafos anteriores, polo que a cantidade solicitada, debe limitarse e reducirse de conformidade cos mesmos, debendo abonarse: 4.416,50 € en concepto de honorarios de avogado; e 363,03 honorarios da procuradora, en total: **4.779,53 €**

**VI.-** De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Acordar, en base aos informes emitidos no expediente, o aboamento parcial dos gastos xudiciais ocasionados nº de persoal 81985 e DNI nº 3\*10\*\*\*8 \*, como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- dilixencias previas-procedemento abreviado 3890/13, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 13/09/2017 polo que se acordou o sobresemento provisional e arquivo das actuacións, sendo certificado pola Letrada da Administración de xustiza do xulgado de instrución nº 7 de Vigo, a firmeza do auto de 13/09/2017 respecto ao solicitante.

Os gastos a aboar concréntanse nun importe total de **4.779,53 €**

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(229).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS DUN SARXENTO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO CON CARGO Á PRAZA VACANTE DA OEP 2014. EXPTE. 33526/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 05/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 26/02/19, asinado polo técnico de Organización e Planificación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES:**

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade dúas prazas de Sarxento SEIS en réxime funcional e incluídas no subgrupo C1 de



## Concello de Vigo

titulación, pola quenda de promoción interna, vacantes no Cadro de Persoal Municipal e incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2014 e 2016, na súa sesión de 12 de febreiro de 2019, acordou “declarar aprobado nos exercicios 1º, 2º e 3º ao aspirante Sr. Don José Antonio Villar Comesaña”. Así mesmo, en data 14/02/2019 remite a esta área de recursos humanos e formación o expediente completo do proceso selectivo ao obxecto de proceder consonte ao previsto no epígrafe Sétimo das bases específicas (curso selectivo-nomeamento en prácticas) en concordancia coa base xeral Décimo cuarta.

Así, propónse o nomeamento de D. José Antonio Villar Comesaña, con DNI \*\*\*\*6904\*, como funcionario en prácticas na praza de Sarxento SEIS, enmarcada no Subgrupo C1 de titulación; escala de administración especial; subescala, servizos especiais; clase extinción de incendios, categoría sarxento, que figura incluída na Oferta de Emprego Público 2014 do Concello de Vigo, toda vez que é o único aspirante que superou o proceso selectivo:

APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
VILLAR COMESAÑA	JOSÉ ANTONIO	****6904*	18,233

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 19/02/2019.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, o aspirante aprobado unha vez aportada toda a documentación esixida nestas, será nomeado funcionario en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación (no seu caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación, e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas), debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionario de carreira.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

## **PROPOSTA DE ACORDO:**

**"PRIMEIRO:** Nomear **funcionario en prácticas** con cargo á praza convocada de **Sarxento SEIS**, a **D. JOSÉ ANTONIO VILLAR COMESAÑA**, con DNI \*\*\*\*6904\*, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de **18,233 puntos**.

**SEGUNDO.-** De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base décimo cuarta das xerais, o aspirante aprobado unha vez aportada a documentación esixida, será nomeado funcionario en practicas, percibindo en tanto realiza o correspondente curso teórico-practico, as retribucións que lle correspondan (neste caso unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o Corpo ou Escala na que aspiren a ingresar-Subgrupo C1 de titulación) e demais previsións contidas no art. 2. do RD. 456/1986, de 10 de febreiro, modificado polo Real Decreto 213/2003, de 21 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

**TERCEIRO.-** O aspirante nomeado deberá tomar posesión da súa praza como funcionario en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionario de carreira a que supere o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria, sen prexuízo de que de conformidade co previsto na Base décimo sexta das Xerais da convocatoria, o nomeamento como funcionario de carreira, unha vez superado o curso teórico práctico, unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión definitiva, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**QUINTO:** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **19(230).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES SUBALTERNOS, BAIXO A MODALIDADE DO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 33540/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 07/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 27/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 31/01/2019, a Xefa de Subalternos, remite oficio, conformado pola Xefa da área de réxime interior manifestando a urxente necesidade de seis subalternos/as para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 21/02/2019 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres subalternos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 26/02/2019, emítase polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

##### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del**





## Concello de Vigo

**ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”**

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-ordenanza-porteiro/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa de Subalternos, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de tres subalternos/as para Conserxería, supón un gasto de **32.735,43 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **10.623,96 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".



## Concello de Vigo

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Subalterno/a, de D<sup>a</sup>. Jessica Tato Pérez con DNI \*\*09\*1\*0\*, D<sup>a</sup>. Tatiana Cobos Casás con DNI \*\*\*835\*5\* e D. Miguel Cayo González con DNI 538\*\*8\*\*\* de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **subalternos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades de **Conserxería** contidas no escrito do 31/01/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **32.735,43 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **subalternos/as** a D<sup>a</sup>. Jessica Tato Pérez con DNI \*\*09\*1\*0\*, D<sup>a</sup>. Tatiana Cobos Casás con DNI \*\*\*835\*5\* e D. Miguel Cayo González con DNI 538\*\*8\*\*\*, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola

Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 155-ordenanza-porteiro/a), sendo adscritos/as a Conserxería, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Instar a Xefatura da Área/Servizo para a realización do correspondente documento organizativo no cal se analicen as necesidades estruturais e temporais de efectivos nos departamentos ao seu cargo, establecendo a obriga de remitilo á Concellaría-delegada de xestión municipal para a realización das actuacións pertinentes.

**SEXTO:** Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, Á Xefa da Área de réxime interior, á Xefa de Subalternos, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **20(231).- NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2019) DE CATRO AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 33550/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 11/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 01/03/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14/01/2019 aprobou o programa "PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN-2019".(expte. 180188/301).

II.- Entre as necesidades referenciadas no expediente contéplase, catro auxiliares de administración xeral, cunha duración de 11 meses. (Tendo en conta a data do presente Informe-Proposta, e contando que o programa finalizará o 31/12/2019, o tempo estimado será de 9 meses e 21 días)

III.- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Miniño Valverde, con DNI 3\*1\*\*\*65-\*, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Collazo Saavedra, con DNI con DNI 3\*0\*3\*\*6-\*, D<sup>a</sup> Noelia Carballeira Fernández, con DNI 3\*7\*8\*2\*-\* e de D<sup>a</sup> Bárbara María Caride Nimes, con DNI \*70\*1\*5\*-\* , de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

IV.- En base ao anterior o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 26/02/2019, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por execución de programa temporal (Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación 2019), de catro auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de 11 meses, finalizando en todo caso ao finalizar o programa, xustificada nas necesidades da Área de Benestar Social, que constan no programa que figura no expediente 180188/301.(Tendo en conta a data do presente Informe-Proposta, e contando que o programa finalizará o 31/12/2019, o tempo estimado será de 9 meses e 21 días)

V.- Con data 01/03/2019, polo Técnico de Organización e Planificación, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de*



## Concello de Vigo

*la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

**“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”**

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 138- auxiliar de administración xeral), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III. Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no informe do xefe da Área de Benestar Social, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 26/02/2019, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un





## Concello de Vigo

dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño, neste caso, ao considerarse a Área de Benestar Social, como servizos públicos esenciais, de carácter interno e transversal, cuxa actividade resulta imprescindible para o funcionamento do propio Concello.

### IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período de 9 meses e 21 días (data prevista de nomeamento 11/03/2019 ata 31/12/2019) para o referido programa, supón un gasto de **76.107,86 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **24.125,49 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente"

### V. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial de instalacións municipais e de Auxiliar de administración xeral, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Miniño Valverde, con DNI 3\*1\*\*\*65-\*, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Collazo Saavedra, con DNI con DNI 3\*0\*3\*\*6-\*, D<sup>a</sup> Noelia Carballeira Fernández, con DNI 3\*7\*8\*2\*-\* e de D<sup>a</sup> Bárbara María Caride Nimes, con DNI \*70\*1\*5\*-\* , de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por execución dun programa de carácter temporal segundo o disposto no artigo 10.1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

## VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal, como **Auxiliares de administración xeral**, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de 9 meses e 21 días (11/03/2019 ao 31/12/2019), finalizando en todo caso ao rematar o programa, xustificada nas necesidades da Área de Benestar Social, que constan no programa que figura no expediente 180188/301, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14/02/2019.

En consecuencia, autorizar o gasto de **76.107,86 €** xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

**SEGUNDO:** Nomear funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal "**Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación 2019**", como **Auxiliares de administración xeral**, por un período máximo de 9 meses e 21 días (11/03/2019 ao 31/12/2019), finalizando en todo caso ao rematar o programa), a **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Miniño Valverde, con DNI 3\*1\*\*\*65-\***, **D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Collazo Saavedra, con DNI con DNI 3\*0\*3\*\*6-\***, **D<sup>a</sup> Noelia Carballeira Fernández, con DNI 3\*7\*8\*2\*-\*** e de **D<sup>a</sup> Bárbara María Caride Nimes, con DNI \*70\*1\*5\*-\***, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (31/12/2019) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-auxiliar, sendo adscritos á Área de Benestar Social, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións



## Concello de Vigo

noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Instar a Xefatura da Área/Servizo para a realización do correspondente documento organizativo no cal se analicen as necesidades estruturais e temporais de efectivos nos departamentos ao seu cargo, establecendo a obriga de remitilo á Concellaría-delegada de xestión municipal para a realización das actuacións pertinentes.

**SEXTO:** Notificar o presente acordo ás aspirantes nomeadas, ao Xefe da Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(232).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO ACORDO DE SUBVENCIÓN "5G-MOBIX" APROBADA POLO INEA, POR PODERES EXPRESAMENTE DELEGADOS DA COMISIÓN EUROPEA. EXPTE. 108484/210.**

Visto o informe de fiscalización de data 07/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 04/03/19, asinado polo enxeñeiro técnico industrial de Mobilidade, Transporte e Seguridade, o xefe de Área de seguridade e Mobilidade, e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**PRIMEIRO.-**No marco dos proxectos europeos en materia de mobilidade sostible e intelixente nos que ven participando nos últimos anos o Concello de Vigo a través de ERTICO (European Road Transport Telematics Implementation Coordination Organisation-Intelligent Transport Systems & Services EUROPE, unha asociación fundada no ano 1991 e con sede en Bruselas que recolle aos principais actores europeos involucrados na cadea de valor dos sistemas intelixentes de transporte, incluíndo organismos e entidades tanto públicas como privadas), a Comisión Europea aprobou recentemente o acordo de subvención (Grant agreement) nº. 825496 (5G for cooperative & connected automated MOBility on X-border corridors), denominado "**5G-MOBIX**".

Na proposta técnica previa dos interesados que desembocou no citado acordo, o Concello de Vigo manifestou a ERTICO o seu interese en participar na acción a someter por dita sociedade á Comisión Europea.

**SEGUNDO.-** A acción a implementar obxecto da subvención europea consiste en desenvolver a través dun consorcio de entidades públicas e privadas ben balanceadas e durante 36 meses, experiencias técnicas co ánimo de dotar en viales urbanos e o corredor Vigo-Oporto de tecnoloxía 5G nas infraestruturas e validar os beneficios da conexión automática para a mobilidade, a identificación de novos escenarios necesarios que o desenvolvemento da tecnoloxía 5G poida prover en diferentes países europeos, China e Korea, a estandarización dos requirimentos e o desenvolvemento da próxima tecnoloxía das conexións móbiles.

**TERCEIRO.-** ERTICO é o coordinador da acción subvencionada.

Como beneficiarios da acción subvencionada figuran:

- AALTO KORKEAKOULUSAATIO SR (AALTO),
- SOCIAION ESPANOLA DEL VEHICULO AUTONOMO CONECTADO (AEVAC)
- AKKA INFORMATIQUE ET SYSTEMES (AKKA)
- ALSA GRUPO SLU (ALSA)
- ASELSAN ELEKTRONIK SANAYI VE TICARET ANONIM SIRKETI (ASELSAN)
- BRISA INOVACAO E TECNOLOGIA SA (A-TO-BE)
- SATELLITE APPLICATIONS CATAPULT LIMITED (CATAPULT)
- Associação CCG/ZGDV - Centro de Computação Gráfica (CCG)
- COSMOTE KINITES TILEPIKOINONIES AE (COSM)
- FUNDACION PARA LA PROMOCION DE LA INNOVACION, INVESTIGACION Y DESARROLLO TECNOLOGICO EN LA INDUSTRIA DE AUTOMOCION DE GALICIA (CTAG)
- DAIMLER AG (DAIMLER AG)
- DEKRA TESTING AND CERTIFICATION SAU (DEKRA)
- JEFATURA CENTRAL DE TRAFICO (DGT)



## Concello de Vigo

- ERICSSON HELLAS SA TILEPIKOINONIAKOY ILINOX (ERICSSONGR)
- FORD OTOMOTIV SANAYI ANONIM SIRKETI (FORD)
- FRAUNHOFER GESELLSCHAFT ZUR FOERDERUNG DER ANGEWANDTEN FORSCHUNG E.V. (Fraunhofer)
- GT-ARC GEMEINNUTZIGE GMBH (GT-ARC)
- GEMEENTE HELMOND (HELMOND)
- INSTITUTE OF COMMUNICATION AND COMPUTER SYSTEMS (ICCS)
- INSTITUTO DA MOBILIDADE E DOS TRANSPORTES TERRESTRES INSTITUTO PUBLICO (IMT)
- INFRAESTRUTURAS DE PORTUGAL SA (INFRAPT)
- INTRASOFT INTERNATIONAL SA (INTRA)
- INSTITUTO SUPERIOR DE ENGENHARIA DE LISBOA (ISEL)
- INSTITUTO DE TELECOMUNICACOES (IT)
- KONINKLIJKE KPN NV (KPN)
- LUXEMBOURG INSTITUTE OF SCIENCE AND TECHNOLOGY (LIST)
- NOKIA SPAIN SA (NOKIASP)
- AUTO - ESTRADAS NORTE LITORAL SOCIEDADE CONCESSIONARIA - AENL SA (NORTE)
- SENSIBLE 4 OY (SENSIBLE4)
- SIEMENS MOBILITY UNIPESOAAL LDA (SIEMENS)
- TELEFONICA INVESTIGACION Y DESARROLLO SA (TELEFONICA)
- TIS PT, CONSULTORES EM TRANSPORTES, INOVACAO E SISTEMAS, SA (TIS)
- NEDERLANDSE ORGANISATIE VOOR TOEGEPAST NATUURWETENSCHAPPELIJK ONDERZOEK TNO (TNO)
- TECHNISCHE UNIVERSITAT BERLIN (TUB)
- TECHNISCHE UNIVERSITEIT EINDHOVEN (TU/e)
- TURKCELL TEKNOLOJI ARASTIRMA VE GELISTIRME ANONIM SIKETI (TURKCELL)
- UNIVERSITE DU LUXEMBOURG (UL)
- UNIVERSIDAD DE MURCIA (UMU)
- VALEO SCHALTER UND SENSOREN GMBH (VALEO)
- FONDATION PARTENARIAL MOV'EOTEC (VED)
- FUNDACION CENTRO DE TECNOLOGIAS DE INTERACCION VISUAL YCOMUNICACIONES VICOMTECH (VICOM)
- AYUNTAMIENTO DE VIGO (VIGO)

- Teknologian tutkimuskeskus VTT Oy (VTT)
- WINGS ICT SOLUTIONS INFORMATION & COMMUNICATION TECHNOLOGIES IKE (WINGS)
- NOKIA SOLUTIONS AND NETWORKS PORTUGAL SA (NOKIAPT)

**CUARTO.-** A participación do Concello de Vigo esténdese a todo o piloto (do mes 1 ao 36), e comprende a identificación da arquitectura, especificacións e requirimentos dos escenarios urbanos nos que o potencial desta tecnoloxía poida ser desenvolvida para o desenrolo da conectividade 5G, segundo os diferentes paquetes de traballo.

**WP1** - Xestión de proxectos: centrarase nos aspectos administrativos, técnicos, de datos, innovación e xestión da calidade do proxecto para garantir que o traballo se leve a cabo de maneira harmoniosa e que os recursos utilízanse de maneira eficiente.

**WP2** - Especificacións: describirá as especificacións e os requisitos de 5G-MOBIX" (2,0 persoas/mes).

**WP3** - Desenvolvemento, integración e despregue - implicará a actualización do vehículo instalando tecnoloxía para soportar os casos de uso de CCAM mellorados, e o despregue e integración de la 5G definida tecnoloxías (é dicir compoñentes e dispositivos de infraestrutura) nos corredores e situacións do sitios de proba.

**WP4** - Probas: preparará, organizará e coordinará as probas 5G para garantir a recompilación de datos consistentes e útiles para a fase de avaliación de 5G-MOBIX. WP4 inclúe unha tarefa de proba específica detallada para cada corredor sitio de proba transfronterizos (6,0 persoas/mes).

**WP5** - Avaliación: definirá o plan de avaliación e levará a cabo la avaliación de impacto da proposta de tecnoloxías e casos de uso. Os potenciais impactos empresariais e sociais dos sistemas e aplicacións demostrados nos corredores transfronterizos 5G-MOBIX e os sitios de proba.

**WP6** - Habilitadores de implementación: identificará as barreiras de implementación e proporcionará recomendacións e opcións de despregue. As tarefas de WP6 centraranse na adopción de novos modelos de negocio para a mobilidade automatizada, estandarización e asignación de espectro, así como as políticas e regulacións da UE relevantes para 5G-MOBIX (6,0 persoas/mes).

**WP7** - Difusión e explotación: definirá a estratexia xeneral, o calendario e os procedementos para actividades de comunicación e difusión para 5G-MOBIX. Creará conciencia sobre o proxecto e a súa innovación, promover os resultados do proxecto os diferentes grupos obxectivo definidos e fomentar a explotación destes resultados(1,0 persoas/mes).

**WP8** - Ética: pretende garantir que as actividades de innovación en 5G cumpran cos máis altos estándares éticos e respectar toda a lexislación e normativa internacional e da UE.



## Concello de Vigo

**QUINTO.-** A actividade subvencionable dedúcese do artigo 6 do Grant Agreement aprobado pola CE no que se indica que as entidades legais sen ánimo de lucro subvencionase o 100% dos custes totais.

En cada paquete de traballo (WP) e previa xustificación documental das horas efectivamente empregadas, os respectivos importes serán obxecto da subvención con cargo ao programa.

Así mesmo, con cargo ao programa subvenciónanse tamén os viaxes para atender as reunións dos socios acordadas polo coordinador do programa (ERTICO) durante a execución do mesmo.

Así o Concello recibirá con cargo ao programa un máximo de **102.762,50€** segundo o seguinte detalle:

- Custes de persoal: 68.850,00€
- Viaxes: 7200€ (2 persoas, 3 reunións de proxecto e 3 eventos)
- Equipamentos, outros bens e servizos: 10.000€ (Publicidade local, organización de eventos en Vigo)
- Custes indirectos: 21.512,50€

En mérito de canto antecede, o funcionario que subscribe ven en propor ao Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade que, previo informe da Intervención Xeral, eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

### ACORDO

1º.- Autorizar a participación do Concello de Vigo no acordo de subvención (Grant agreement, en adiante G.A.) nº **825496 — 5G-MOBIX — H2020-ICT-2018-2020/H2020-ICT-2018-2** para a implementación da acción denominada "**5G-MOBIX**" aprobada polo INEA (Innovation and Networks Executive Agency) por poderes expresamente delegados da Comisión Europea e no que figura como COORDINADOR e REPRESENTANTE de todos os beneficiarios a DIRECCIÓN GENERAL DE TRÁFICO do Ministerio del Interior.

2º.- A participación en 5G-MOBIX implicará unha subvención máxima ao favor do Concello por importe de **102.762,50€** durante os 36 meses de duración do mesmo.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(233).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA PROGRAMA DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2019 EXPTE. 2341/341.**

Visto o informe xurídico do 08/02/19 e o informe de fiscalización de data 07/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 29/01/19, asinado polo xefe de Museos Municipais, o xefe de servizo de xestión e promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 14 de xaneiro de 2019 a Presidenta da Fundación Liste solicita a través do Rexistro Xeral o financiamento do Concello de Vigo por importe de 125.000,00 € para levar a cabo o seu programa de funcionamento relativo ao ano 2019, como aportación á Fundación Liste.

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (en diante Fundación Liste) xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2018 por importe de 125.000,00 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 15 de febreiro de 2018. Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 16 de marzo, 20 de abril de 2016, 20 de xaneiro de 2017 e tamén 7 de febreiro de 2018.

Dos informes do Servizo de Fiscalización, anteriores fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2019:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Liste é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.





## Concello de Vigo

- A Fundación Liste reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2019 ten previsto financiarse nun 95,20 % polo Concello de Vigo.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016, 2017 e 2018, tamén aplicables a 2019, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Liste é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Liste debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo coa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste, Fundación Laxeiro): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

Con data 28 de novembro de 2016, 15 de xaneiro de 2018 e 16 de xaneiro de 2019 o concelleiro-delegado da Área consulta ao Interventor Xeral do Concello sobre “se a tramitación e/ou resultados do control financeiro ou auditoría estipulados, nos expedientes de transferencia de financiamento que se realizarán por parte dese Intervención Xeral, condicionaban o inicio da tramitación e/ou a aprobación do expediente das novas transferencias, ou ben se deberíamos esperar a que nos comunicades os seus resultados”.

Con data 17 de xaneiro de 2019 o Interventor Xeral informa ao concelleiro-delegado da Área de Cultura o seguinte no mesmo sentido que o fixera para o exercicio 2017 e 2018: *“En contestación a súa consulta sobre as transferencias de financiamento a favor da Fundación MARCO, Fundación Laxeiro e Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, comunícolle que estas poden ser tramitadas e levadas a proposta de aprobación da Xunta de Goberno Local, independentemente e non condicionada polo posible resultado do control financeiro ou auditoría que realizará esta Intervención Xeral, polo que procede a súa tramitación, de ser o caso.”*

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2019 non establecen ningunha normativa á que deberan suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Museos só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia; xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención

Xeral. Como a Fundación Liste non formula na súa solicitude ningunha proposta de calendario de pagamentos das transferencias, considérase adecuado o calendario de exercicio anterior: *unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local; unha segunda achega antes do 27 de maio de 2019; unha terceira achega, antes do 27 de setembro de 2019 (as tres achegas igual ao 33,33% do importe concedido).*

### **Fundación Liste.-**

A Fundación Liste promóvese polo Concello de Vigo e por D. Olimpio Liste Regueiro, en virtude do convenio que subscribiran as partes e aprobado polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Vigo, na súa sesión do 5 de outubro de 1998. A Fundación Liste, CIF G36855310, constitúese en escritura pública o 15 de xuño de 1999 na Casa do Concello de Vigo, diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 1.361.

Os Estatutos da Fundación establecen no seu artigo 21 as seguintes finalidades

- a) A protección, promoción e defensa do patrimonio etnográfico, nos termos definidos na lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia (art 64 e concordantes) e na lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español (art 46 e concordantes).
- b) A creación e xestión do Museo Etnográfico Liste de Vigo, conforme á normativa reitora destas institucións;
- c) Desenvolver actividades de recuperación, investigación, formación, conservación e difusión do patrimonio etnográfico de Galicia.

### **Composición do Padroado da Fundación.-**

#### **Artigo 15. e 13 dos Estatutos da Fundación.**

Presidente.- D. Olimpio Liste Regueiro, con carácter vitalicio. Co falecemento deste corresponden a Presidencia a súa esposa D<sup>a</sup> Josefina Fernández Mosquera ou á súa filla D<sup>a</sup> Araceli Liste Fernández ou ao fillo desta D. Atreo Francisco Lozano Liste. Se todos os citados faleceran ou tiveran imposibilidade legal de exercer a presidencia, recaería na persoa nomeada polo Concello de Vigo en Pleno.

Vicepresidente.- Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

Secretario.- Será designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-

- a) Dous membros representantes do Concello de Vigo.
- b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2).
- c) Un representante da Xunta de Galicia, nomeado por esta institución.



## Concello de Vigo

d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b).

### Composición actual do Padroado da Fundación Liste.-

Presidenta.- D<sup>a</sup> Josefina Fernández Mosquera (de acordo co art. 15.1. dos Estatutos da Fundación).

Vicepresidente.- Alcalde do Concello de Vigo.

Secretario.- D. Manuel Corredera Hernández; que fora designado polo Presidente da Fundación, previa proposta pola maioría de dous terzos do Padroado.

Membros.-

a) Dous membros representantes do Concello de Vigo: D. Cayetano Rodríguez Escudero, concelleiro-delegado da Área de Cultura e D. Rafael Vallejo Pousada.

b) Dous membros designados por Olimpio Liste Regueiro (e no seu defecto polas persoas previstas nos Estatutos, art 13.1.b) e 15.2), con carácter vitalicio).

D<sup>a</sup>. Araceli Liste Fernández e D<sup>a</sup> Victoria Vázquez López (que substitúe a D<sup>a</sup> Josefina Fernández Mosquera que actualmente ostenta a Presidencia por falecemento de D. Olimpio Liste Regueiro).

c) Un representante da Xunta de Galicia, nomeado por esta institución.

d) Unha persoa de recoñecido prestixio no ámbito do obxecto da Fundación designada conxuntamente polos dous grupos de membros a) e b): actualmente D Enrique Ares Gómez.

### Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Liste, foi clasificada de interese cultural, por orde de 1 de setembro de 1999, da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG num 175, do 9 de xuño de 1999); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por orde de 18 de outubro de 1999 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG num 217, do 10 de novembro de 1999). Nesta última data a Fundación tamén quedou inscrita no Rexistro de Fundacións do Protectorado que, pola súa declaración de interese galego, lle corresponde á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

### **SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-**

A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2019 do Museo Liste:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 125.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 14 de xaneiro de 2019 xunto coa seguinte documentación:

- Certificación da Aprobación do Programa de Activades e Presupostario da Fundación Liste Museo Etnográfico de Vigo para o ano 2019, na súa do Padroado do día 18 de decembro de 2018.

- Programa de Activades e Presupostario da Fundación Liste Museo Etnográfico de Vigo para o ano 2019.

Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento.

### **ORZAMENTO 2019 DA FUNDACIÓN LISTE.**-

Na documentación achegada pola Fundación Liste inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2019, que ascende a un total de 131.300,00 €.

Gastos.- A distribución dos gastos establécese nos seguintes grupos:

1. Gastos de persoal Fundación Liste: 93.595,24 € (71,28%)
2. Outros gastos (reparacións, conservación, servizos profesionais, seguros, servizos bancarios, subministro, comunicacións, outros): 21.342,76 € (16,25%)
3. Gastos financeiros e asimilados: 500,00 € (0,38%)
4. Gastos actividades didácticas e difusión Museo Liste: 15.862,00 € (12,08%)

Ingresos.- A previsión de ingresos provén de:

- Achega do Concello de Vigo: 125.000,00 € (95,20%)
- Resultado de explotación do Museo: 4.000 € (3,05%)



## Concello de Vigo

- Resultado de explotación da actividade Mercantil de tenda: 300,00 € (0,23%)
- Ingresos de promocións, Patrocinadores e colaboracións: 2.000,00 € (1,52%)

O programa e presuposto da Fundación Liste, non contempla a xestión do CAT do Concello de Vigo; na acta do Padroado do 18 de decembro de 2018 (pendente de aprobación) figura que o concelleiro de Cultura “expón que no proxecto de presupostos do Concello de Vigo para o próximo exercicio (...) xa non se contempla a xestión polo museo Liste do CAT do Concello de Vigo, como sucedeu o ano anterior (...)”.

### **XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LISTE.**

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Liste víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por un convenio no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención; no caso da Fundación Marco e da Fundación Laxeiro era o propio acordo de concesión o que establecía a regulación das condicións e obrigas. Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: “*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*”

Como, actualmente, a achega municipal á Fundación Liste vai resultar unha transferencia de financiamento, que controlará posteriormente a Intervención Xeral, cumpriría establecer unhas normas de colaboración (antes recollidas nas obrigas do acordo de concesión das subvencións nominativas) que permitan á Concellería-delegada da Área de Cultura seguir coñecendo o funcionamento do centro, as súas actividades e proxección; desta forma, con independencia dos controles financeiros e de fiscalización que realice a Intervención Xeral, concretaríase o cumprimento da competencia-delegada de xestionar a colaboración coa Fundación Liste; que fora promovida e fundada polo Concello de Vigo e D. Olimpio Liste Regueira, financiada pola administración.

O programa e presuposto da Fundación Liste, non contempla a xestión do CAT do Concello de Vigo; na acta do Padroado do 18 de decembro de 2018 (pendente de aprobación) figura que o concelleiro de Cultura “expón que no proxecto de presupostos do Concello de Vigo para o próximo exercicio (...) xa non se contempla a xestión polo museo Liste do CAT do Concello de Vigo, como sucedeu o ano anterior (...)”.

municipal no seu funcionamento e actividade (ata o 95,20% en 2019), que se beneficia da cesión do uso dun edificio de titularidade municipal e que conta con representación municipal no seu Padroado.

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tras o informe xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

## **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

### **PRIMEIRO.-**

1.- Transferir á Fundación Liste, CIF: G36855310, un importe de 125.000,00 € (cento vinte e cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2019, para a Fundación Liste, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 41.666,67 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda achega antes do 27 de maio de 2019, por importe de 41.666,67 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 27 de setembro de 2019, por importe de 41.666,66 € (33,33% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.00 "Aportación á Fundación Liste e CAT", que figura no orzamento de 2019 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente a través dos servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

### **SEGUNDO.-**

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados*".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Liste (Fundación Liste), complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Liste:

### **PRIMEIRA.-**

As liñas xerais do programa da Fundación Liste consistirán na conservación, promoción, estudo e defensa do patrimonio etnográfico galego e a súa utilización como instrumento de aprendizaxe, así como calquera outra actividade derivada da finalidade da Fundación Liste prevista nos seus estatutos; detalladas no programa aprobado polo Padroado da Fundación Liste na súa sesión do 18 de decembro de 2018.



## Concello de Vigo

### SEGUNDA.-

O presuposto xeral da Fundación Liste, aprobado polo seu Padroado con data 18 de de 2018 ascende a 131.300,00 €, que a Fundación Liste financiará do seguinte xeito:

- Achega do Concello de Vigo: 125.000,00 € (95,20%)
- Resultado de explotación do Museo: 4.000 € (3,05%)
- Resultado de explotación da actividade Mercantil de tenda: 300,00 € (0,23%)
- Ingresos de promocións, Patrocinadores e colaboracións: 2.000,00 € (1,52%)

### TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN LISTE.

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Liste, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Liste, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

### CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Liste e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

### QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Liste é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

## SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Liste adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Liste asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao MUSEO LISTE (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Liste comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

## LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan subvencionables.

## SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN LISTE.-

A Fundación Liste achegará á concellería-delegada da Área de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.





## Concello de Vigo

### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN LISTE.-

- a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Liste; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Liste, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Liste, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Liste
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Liste de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
  - h)
    - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
    - Memoria de prensa.
    - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Liste deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A Fundación Liste deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza

#### OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Liste de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **23(234).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CINE CLUB LUMIÈRE PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2019. EXPTE. 2497/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/02/19 e o informe de fiscalización de data 7/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 26/02/19, asinado polo xefe de servizo de xestión e promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

Realizadas as correccións indicadas no informe xurídico de data 22 de febreiro, emítense de novo o seguinte informe-proposta:

Con data 25 de xaneiro pasado, o Cineclub Lumiere Vigo presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 22 de xaneiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización da programación de cine en versión orixinal, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

CINECLUB LUMIÈRE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

### **PROGRAMA E ORZAMENTO**

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Auditorio Municipal do Concello, os luns ás 20:30 h, entre o 16 de novembro de 2018 e o 30 de xuño de 2019 e do 2 de setembro ao 11 de decembro de 2019.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 20.469,82 € (vinte mil catrocentos sesenta e nove euros con oitenta e dous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (48,85 %)
- Venda de entradas: 4.251 € (20,77 %)
- Cotas de socios e colaboradores: 5.495 € (26,84 %)
- Publicidade: 723,82 € (3,54 %)

### **DOCUMENTACIÓN.-**

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo e póliza de seguro RC.
- Escrito asinado polo presidente do CINECLUB LUMIÈRE VIGO de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á programación de cine en versión orixinal para o presente exercicio.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE.-**

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación CINECLUB LUMIÈRE VIGO para a organización da programación de cine en versión orixinal para o presente exercicio, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á asociación CINECLUB LUMIÈRE VIGO deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### **ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-**

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.



## Concello de Vigo

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### **FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-**

A subvención do Concello de Vigo á asociación CINECLUB LUMIÈRE VIGO ten como obxecto financiar a organización da programación de cine en versión orixinal para o presente exercicio e figura na aplicación **3340.480.00.02** do orzamento municipal vixente, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á asociación CINECLUB LUMIÈRE VIGO, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

### **CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á asociación CINECLUB LUMIÈRE VIGO, CIF. G36758696, para o financiamento da programación de proxeccións de cine en versión orixinal para o presente exercicio, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 “CONVENIO CINE LUMIERE”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

**SEGUNDO.-** Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a asociación CINECLUB LUMIÈRE VIGO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de proxeccións de cine en versión orixinal durante o presente exercicio.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MAILLO CINE CLUB LUMIERE PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2019.

En Vigo, \_ de \_\_\_\_\_ de dous mil dezanove.

**REÚNENSE**

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodriguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. XOÁN MANUEL NOVEGIL GONZÁLEZ-ANLEO, na súa condición de presidente da entidade CINECLUB LUMIÈRE VIGO, CIF G-36.758.696, e enderezo social na rúa Doutor Cadaval, 33 da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

**MANIFESTAN**

*I.- Que **CINECLUB LUMIÈRE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación do **CINECLUB LUMIÈRE VIGO**, como medio que é de promover o interese polas proxeccións cinematográficas en versión orixinal.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.02, como subvención nominativa, a favor do **CINECLUB LUMIÈRE VIGO**, a cantidade de 10.000 euros.*

*IV.- Que o **CINECLUB LUMIÈRE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*



## Concello de Vigo

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa de proxeccións cinematográficas en versión orixinal, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio, e que se desenvolverá no Auditorio Municipal do Concello, entre o 16 de novembro de 2018 e o 30 de xuño de 2019 e do 2 de setembro ao 11 de novembro de 2019.

#### **SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 20.469,82 € (vinte mil catrocentos sesenta e nove euros con oitenta e dous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (48,85 %)
- Venda de entradas: 4.251 € (20,77 %)
- Cotas de socios e colaboradores: 5.495 € (26,84 %)
- Publicidade: 723,82 € (3,54 %)

#### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Auditorio Municipal do Concello, os luns ás 20:30 h, entre o 16 de novembro de 2018 e o 30 de xuño de 2019 e do 2 de setembro ao 11 de novembro de 2019.

#### **CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1.- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D<sup>a</sup>. Emilia López Alonso, secretaria da entidade.

2.- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3.- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4.- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5.- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6.- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.

7.- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.- A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- 1) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- 2) Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.
- 3) Ceder gratuitamente o Auditorio Municipal do Concello, según a súa dispoñibilidade e necesidades do propio Concello, para o que a ASOCIACIÓN presentará a solicitude correspondente, cunha antelación mínima de un mes respecto ao comezo de cada un dos trimestres de programación.





## Concello de Vigo

### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

#### Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN en dous prazos, polo 50% do importe da subvención outorgada ou resultante, correspondente a cada un dos periodos (entre o 16 de novembro de 2018 e o 30 de xuño de 2019 e do 2 de setembro ao 11 de novembro de 2019), logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Para cada periodo indicado, a xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subven-



## Concello de Vigo

cións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

### Documentación a incluír na conta xustificativa para cada un dos periodos indicados:

- ┐ Solicitude de pagamento da subvención, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite máximo o 13 de novembro de 2019.
  - ┐ Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
  - ┐ Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
    - 1) Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    - 2) Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
    - 3) Memoria de prensa.
    - 4) Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
    - 5) Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
  - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
  - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
  - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
  - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados nos periodos indicados de programación (entre o 16 de novembro de 2018 e o 30 de xuño de 2019 e do 2 de setembro ao 11 de novembro de 2019) que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



## Concello de Vigo

### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

#### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



## Concello de Vigo

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área  
de Cultura

O presidente do Cineclub Lumière Vigo

Cayetano Rodríguez Escudero

Xoán Manuel Novegil González-Anleo

### ANEXO I

#### ORZAMENTO DO PROGRAMA DE PROXECCÍONS CINEMATOGRÁFICA EN VERSIÓN ORIXINAL 2019

##### **1.- GASTOS:**

Aluguer de películas	6.350 €
Aluguer de oficina	2.501,42 €
Portes películas	328,30 €
Organización, xestión e gastos xerais	11.290,10 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>20.469,82 €</b>

##### **2.- INGRESOS:**

Subvención Concello de Vigo	10.000 €
Venda de entradas	4.251 €
Cotas de socios e colaboradores	5.495 €
Publicidade	723,82 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>20.469,82 €</b>

#### **24(235).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA NOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2019. EXPTE. 2552/330.**

Dáse conta do informe-proposta de data 07/03/19, asinado polo xefe de servizo de xestión e promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo **servizo da Área de Cultura, no mes de XANEIRO e FEBREIRO de 2019.**

**SERVIZO: Área de Cultura**

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2429/330	CONTRATAÇÃO DO SERVIZO DE VENDA DE ENTRADAS (ONLINE, TELEFÓNICA E PRESENCIAL) DA PROGRAMACIÓN ORGANIZADA POLA CONCELLEIRÍA DE CULTURA PARA O ANO 2019	B85741312 - TICKETEA S.L.	10.000,00 eur
2430/330	CONTRATAÇÃO DE CATRO PASES DOS ESPECTÁCULOS EZ SUBMARINO + EZ AVIADOR OS DÍAS 25 E 26 DE XANEIRO ÁS 18,30 E 19,30 HORAS, NA RÚA DO PRÍNCIPE, COMO PRESENTACIÓN NA RÚA DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	33291564F - MARÍA JOSEFA MARIÑO CARREIRA	7.865,00 eur
2431/330	CONTRATAÇÃO DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "COMMEDIA" DA COMPAÑÍA CONTRAPRODUCIÓNS O VENRES 1 E O SÁBADO 2 DE FEBREIRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	B70217336 - CONTRAPRODUCIÓNS S.L.	9.559,00 eur
2432/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "UMMM!" DA COMPAÑÍA TEATRO AVENTO, O DOMINGO 3 DE FEBREIRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	36061864A - JUAN MANUEL ABREU FERNÁNDEZ	1.250,00 eur
2433/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "LA NOVIA DE DON QUIJOTE" O VENRES 8 DE FEBREIRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	B15778236 - EMEDOUS PRODUCIÓNS E DISTRIBUCIÓN	1.754,00 eur
2434/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "FACENDO O INDIO" DA COMPAÑÍA GALITTON, O DOMINGO 10 DE FEBREIRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	B15998966 - GALITTON CSA 2005 S.L.	2.100,00 eur
2436/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "LO NUNCA VISTO" DA COMPAÑÍA LA ESTAMPIDA, O VENRES 15 DE FEBREIRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	44041507A - JOSÉ ANTONIO TRONCOSO SEGURA	4.840,00 eur
2437/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "SAAAABOR!" DA COMPAÑÍA CULTURACTIVA, O DOMINGO 17 DE FEBREIRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	F15983067 - CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIV	1.210,00 eur





## Concello de Vigo

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2438/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "HISTORIA DE UN CALCETÍN" DA COMPAÑÍA LA CANICA TEATRO, O DOMINGO 24 DE FEBREIRO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	50321710X - PABLO VERGNE QUIROGA	2.290,00 eur
2439/330	CONTRATAÇÃO DE CATRO FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "SORPRESA!", DA COMPAÑÍA ENCONARTE PRODUCIÓNS, OS DÍAS 1 E 2 DE MARZO, ÁS 21 E 21,20 HORAS RESPECTIVAMENTE, NO VESTÍBULO DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	36147773F - ARANTXA FIGUEROA TREUS	2.000,00 eur
2440/330	CONTRATAÇÃO DE CATRO FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "UNHA ROSA ENTRE AS PERNAS" OS DÍAS 1 E 2 DE MARZO, ÁS 21 E 21,20 HORAS RESPECTIVAMENTE, NOS CAMERÍNS DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	32651525N - GLORIA MARÍA RICO GALÁN	2.000,00 eur
2441/330	CONTRATAÇÃO DE DÚAS FUNCIÓNS DO ESPECTÁCULO "HOY PUEDE SER MI GRAN NOCHE" DA COMPAÑÍA TEATRO EN VILO, NO ESCENARIO DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, O 1 E 2 DE MARZO, ÁS 21, 45 HORAS, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	05294330Y - ANDREA JIMÉNEZ GARCÍA	4.114,00 eur
2442/330	CONTRATAÇÃO DE 3 PASES DO ESPECTÁCULO "PERCUBE BÉ" O DOMINGO 3 DE MARZO, ÁS 12, 16,30 E 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	F70353982 - URDIME SOCIEDADE COOPERATIVA GALE	2.325,00 eur
2443/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "ANATOMÍA DUNHA SEREA" DA COMPAÑÍA CHÉVERE -A A BERBERECHEIRA, O VENRES 8 DE MARZO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	B15636517 - CHÉVERE PRODUCIÓNS S.L.	1.500,00 eur
2444/330	CONTRATAÇÃO DE UNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "LAFAYETTE SHOW" DA COMPAÑÍA DO MAGO CAYETANO LLEDÓ, O DOMINGO 10 DE MARZO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	36118318S - CAYETANO LLEDÓ MARTÍNEZ	1.900,00 eur
2445/330	CONTRATAÇÃO DUN CONCERTO DE TALABARTE + DOMINIQUE MOLARD O VENRES 15 DE MARZO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	F15983067 - CULTURACTIVA SOCIEDADE COOPERATIV	4.114,00 eur

Nº EXP.	CONCEPTO	ADJUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2446/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "A NENA E O GRILO MÁIS ALÓ" DA COMPAÑÍA MAGÍN BLANCO, O DOMINGO 17 DE MARZO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA-	F70353982 - URDIME SOCIEDADE COOPERATIVA GALE	2.150,00 eur
2447/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "D.E.P" DA COMPAÑÍA DE TEATRO MALASOMBRA, O VENRES 22 DE MARZO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	B70195722 - MALASOMBRA PRODUCCIÓN S.L.	2.200,00 eur
2448/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "OS FABULOSOS CLEANERS" DA COMPAÑÍA MALASOMBRA, O DOMINGO 24 DE MARZO, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	B70195722 - MALASOMBRA PRODUCCIÓN S.L.	2.299,00 eur
2449/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "RUNNING" DA COMPAÑÍA DE STE XEITO PRODUCCIÓN S, O VENRES 5 DE ABRIL, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	X1889405R - STEPHANIE MAYBELLE LLARYORA	1.850,00 eur
2450/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "LA DESNUDEZ" DA COMPAÑÍA DE DANIEL ABREU, O VENRES 26 DE ABRIL, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	B85891331 - CÍA DANIEL ABREU S.L.	4.400,00 eur
2453/330	CONTRATAÇÃO DA PRODUCCIÓN TÉCNICA DOS ESPECTÁCULOS DE ARTES ESCÉNICAS PROGRAMADOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO NOS MESES DE XANEIRO-ABRIL	B27862135 - SOLIMUSIC PRODUCCIONES S.L.	1.1113,86 eur
2455/330	XESTIÓN DAS REDES SOCIAIS DA PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS VIGOCULTURA NO ANO 2019	36123425Q - ARANCHA VILAS PÉREZ	8.470,00 eur
2456/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "PLAYOFF" DE LA JOVEN COMPAÑÍA, O VENRES 22 DE FEBREIRO, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	G87716320 - FUNDACIÓN TEATRO JOVEN	6.900,00 eur
2471/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "YEE HAW" DA COMPAÑÍA LA BANDA DE OTRO, O DOMINGO 7 DE ABRIL, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	52664164Y - DANIEL FONCUBIERTA CAMPANO	3.430,35 eur



## Concello de Vigo

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2472/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "PLASTIC" DE PAULA QUINTAS E TRASPEDIANTE, O SÁBADO 27 DE ABRIL, ÁS 21 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	44479631T - PAULA QUINTAS SANTOS	1.400,00 eur
2473/330	CONTRATAÇÃO DUNHA FUNCIÓN DO ESPECTÁCULO "AKARI" DA COMPAÑÍA DATE DANZA, O DOMINGO 28 DE ABRIL, ÁS 18 HORAS, NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA	76655906B - JOSE OMAR MESA FRÍAS	2.904,00 eur
2510/330	CONTRATAÇÃO DUNHA INSERCIÓN PUBLICITARIA NA REVISTA ESPECIALIZADA DE ARTES ESCÉNICAS ERREGUETÉ	G36209062 - ASOCIACIÓN CULTURAL ENTRE BAMBALI	600,00 eur
2525/330	CONTRATAÇÃO DO DESEÑO, EDICIÓN E REPARTO DE MATERIAIS DE DIFUSIÓN PARA A PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA DO PRIMEIRO SEMESTRE	B36620151 - PUBLIGAL S.L.	3.584,32 eur
2545/330	CONTRATAÇÃO DUNHA CAMPAÑA DE DIFUSIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NA REVISTA DE ARTES ESCÉNICAS ARTEZBLAI	B95380168 - ARTEZBLAI S.L.	3.652,08 eur
2459/330	CONTRATAÇÃO DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DA AXENDA CULTURAL DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA PARA INSERCIÓNS PUBLICITARIAS EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN	B36614808 - ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L.	6.110,50 eur
2460/330	CONTRATAÇÃO DE INSERCIÓNS PUBLICITARIAS DA AXENDA CULTURAL DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA NO SUPLEMENTO DOMINICAL "VIDA" DE ATLÁNTICO DIARIO	A36643674 - RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN, S.A.	16.750,32 eur
2461/330	CONTRATAÇÃO DE INSERCIÓNS PUBLICITARIAS DA AXENDA CULTURAL DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA NO SUPLEMENTO DOMINICAL DO XORNAL "LA REGIÓN"	A32100653 - LA REGIÓN, S.A.	18.144,00 eur
2462/330	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE MENSAXERÍA E DISTRIBUCIÓN DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA	B36821494 - REPARTO GESTIÓN URGENTE, S.L.	800,00 eur
2464/330	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E MANTENIMENTO DE CONTIDOS RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN CULTURAL NA WEB "VIGOCULTURA.ORG"	B27737352 - HERMES SISTEMAS S.L.	4.840,00 eur
2465/330	CONTRATAÇÃO DO SUBMINISTRO DE PRENSA ESCRITA "FARO DE VIGO"	A36600815 - FARO DE VIGO, S.A.U.	380,00 eur
2474/330	CONTRATAÇÃO DO SUBMINISTRO DE PRENSA ESCRITA "LA VOZ DE GALICIA"	A15000649 - LA VOZ DE GALICIA, S.A.	359,82eur

Nº EXP.	CONCEPTO	ADJUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
2505/330	CONTRATAÇÃO DA SUBMINISTRACIÓN DE GASEOLEO PARA CALDEIRA DE CALEFACCIÓN DOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA	A79322947 - CODISOIL, S.A.	15.290,00 eur
2522/330	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DOS SERVIZOS DA ÁREA DE CULTURA	A15208408 - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	203,28 eur
2480/330	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO	B36422905 - CELTSENER, S.L.	592,04 eur
2492/330	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DO GRUPO ELECTRÓXENO DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO	B36977254 - ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO, S.L.	256,20 eur
2483/330	CONTRATAÇÃO DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO	B36796829 - ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L.	4.249,60 eur
2484/330	CONTRATAÇÃO DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE FERRETERÍA PARA O AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO	B36966836 - RINXELA FERR, S.L.U.	2.607,72 eur
2490/330	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE TRABALLOS TÉCNICOS PARA A RESOLUCIÓN DE AVARÍAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO	B94081353 - CAL BAIXO MIÑO CONSTRUCCIONES Y S	11.724,90 eur
2487/330	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE REPARACIÓN DO ASEO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA DO AUDITORIO MUNICIPAL	B94081353 - CAL BAIXO MIÑO CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L	223,73 eur
2517/330	CONTRATAÇÃO DE PÓLIZAS DE SEGUROS PARA AS COLECCIÓNS DO PATRIMONIO CULTURAL ADSCRITAS Á CONCELLERÍA DE CULTURA POR PERIODO DE SEIS MESES	W0185688I - HISCOX S.A. SUCURSAL EN ESPAÑA	13.276,28 eur
2337/341	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO DE CONTIDOS RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN E PROMOCIÓN DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS NA WEB "VIGOCULTURA.ORG"	B277377352 - HERMES SISTEMAS S.L.	10.890,00 eur
15943/331	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS	A15208408 - VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	2.443,06 eur
15944/331	CONTRATAÇÃO DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DE ELEVADORES DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS	A28791069 - KONE ELEVADORES, S.A.	1.030,92 eur



## Concello de Vigo

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
15951/331	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DE PORTAS AUTOMÁTICAS DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA	B36826162 - PUERTAS ATLANTICO, S.L.	105,27 eur
15952/331	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DO GRUPO ELECTRÓXENO DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA	B36977254 - ELECTRONAVIA INSTALACIONES Y MANT	256,20 eur
15953/331	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA	B15259765 - SISTEMAS DE SEGURIDADE A1, S.L.	2.338,93 eur
15954/331		rc	
15945/331	CONTRATACIÓN DA REPARACIÓN DO PROXECTOR DO SALÓN DE ACTOS DA CASA GALEGA DA CULTURA	B87037883 - FLUGE GALICIA, S.L.	405,35 eur
15946/331	CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE MANTEMENTO PARA AS BIBLIOTECAS PÚBLICAS	B27815539 - SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	12.526,71eur
15955/331	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE REPARACIÓN DA PORTA AUTOMÁTICA E DO ELEVADOR DA BIBLIOTECA PÚBLICA JUAN COMPAÑEL	B36650992 - ASCENSORES ENOR, S.L.	4.640,33 eur

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **25(236).- PROPOSTA PARA APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “ADECUACIÓN DE ESPAZO PARA APARCAMENTO PROVISIONAL NA PARCELA SITA NA RÚA COUTADAS”. EXPTE. 82516/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 05/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 19/02/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras e responsable do contrato, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

## **INFORME-PROPOSTA:**

Con data 28 de novembro de 2014 este Concello asinou coa mercantil “Civisglobal, S.L.” o contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de 18.10.2018 acordou autorizar a prórroga do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo por un prazo de un ano, polo período comprendido dende o 01.12.2018 ata o 30.11.2019.

De conformidade co previsto na cláusula 2 do prego de cláusulas administrativas particulares (no sucesivo, PCAP), a súa natureza é de contrato mixto de servizo e obra e segundo o apartado 2.A das FEC, o seu obxecto abrangue a prestación dos servizos indicados no encabezamento e ademais as obras complementarias necesarias, podendo estenderse tamén a calquera elemento das infraestruturas.

Así mesmo, na cláusula 9 do prego de prescricións técnicas particulares (no sucesivo, PPTP) inclúese como obriga do adxudicatario, a redacción a súa costa dos proxectos técnicos ou memorias valoradas para obter as autorizacións ou licenzas precisas.

Con data 2 de agosto pasado o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu “autorizar á mercantil “Civisglobal, S.L.”, adxudicataria do contrato de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, para redactar por medio de facultativo competente, o correspondente proxecto técnico para execución das obras de **“ADECUACIÓN DE DOUS APARCAMENTOS PROVISIONAIS EN DÚAS PARCELAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO BARRIO DE TEIS”**.

Con data de setembro de 2018 o Sr. delegado de “CIVISGLOBAL, S.L.” presenta un/unha proxecto para execución das obras de redactado polo facultativo D. Fidel Fernández Mosquera, **“ADECUACION DE ESPAZO PARA APARCAMENTO PROVISIONAL NA PARCELA SITA EN RUA COUTADAS”**.

Os prezos unitarios utilizados son os que figuran no cadro de prezos do Anexo I do PPTP.

Ao resultado da suma das medicións contempladas aos prezos descritos aplicáronse, de acordo co establecido na cláusula 12 das FEC as seguintes porcentaxes: Beneficio industrial 6,0 %, Gastos Xerais 13,0 %, Xestión de Residuos 1,5 % e Seguridade e Saúde 2,0 %. Aplicando a baixa ofertada por Civisglobal S.L. Para a execución do contrato de 29,74 %, resultan as seguintes cantidades: base imponible 62.582,33 €, o IVE correspondente 13.142,29 €, o que supón un presuposto de adxudicación de **75.724,61 euros**.

O proxecto foi supervisado pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras (OSPPIO) con data 17 de xaneiro de 2019.

A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).



## Concello de Vigo

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

1º.- Aprobar o proxecto para a execución das obras de “**ADECUACION DE ESPAZO PARA APARCAMENTO PROVISIONAL NA PARCELA SITA EN RUA COUTADAS**”, redactado polo facultativo D. Fidel Fernández Mosquera por encarga de “CIVISGLOBAL, SL.”, contratista do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, cun presuposto base de 62.582,33 € ao que corresponde un I.V.E de 13.142,29 €, resultando un presuposto base de licitación de **75.724,61 €** e un prazo de execución de 2 meses. Aos devanditos prezos aplicóuselles previamente a baixa ofertada por “CIVISGLOBAL, S.L.” para a execución do contrato do 29,74%.

2º.- Encargar a execución das obras á referida contratista, ao amparo do previsto no apartado 2.A das Follas de Características do Contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, con cargo ao crédito existente para a súa execución na partida 1532.210.00.01.

3º.- Designar director da obra ao Xefe do Servizo de Vías e Obras e director do contrato, Dª Fátima Martínez Giráldez. O coordinador de seguridade e saúde será D. Pablo Coello Pardo, enxeñeiro técnico industrial, designado pola Consultora “Eletrentayuno S.L.U”, contratista das obras a desenvolver dentro do contrato do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.

4º.- Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento os diferentes trámites a aprobar no ámbito da execución da obra: aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras, e, de ser necesario, os seus Anexos, aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra, aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade e das certificacións da mesma.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(237).- CONTRATO AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA DA LEI 9/2017 DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA O SUMINISTRO DE BASES XURÍDICAS E ACCESO A PUBLICACIÓNS DO GRUPO EDITORIAL ARENZADI S.A.U PARA O PERÍODO MARZO 2019-FEBREIRO 2020. EXPTE. 4848/550.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 07/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 05/03/19, asinado polo vogal do Tribunal Económico-Administrativo, e polo concellerio-delgado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En Vigo, a 22 de febreiro de 2019, en relación có asunto de referencia, emíttese o presente en base ás seguintes consideracións:

**PRIMEIRO.-** Pola Asesoría Xurídica Municipal, e coa conformidade do Sr. Concelleiro de Facenda e Orzamentos, púxose de manifesto a conveniencia de contratar o servizo ó que se refire o presente.

Aranzadi SAU presentou oferta de acceso a :

"Revista Doctrinal Aranzadi Civil Mercantil	2174-1840	Mercantil	11 exemplares anuales
Revista Actualidad Jurídica Aranzadi	1132-0257	General	11 exemplares anuales
Revista Aranzadi Doctrinal	1889-4380	General	11 exemplares anuales
Revista Aranzadi Unión Europea	1579-0452	Europeo	11 exemplares anuales
Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación	1576-9380	Administrativo	3 exemplares anuales
Revista Aranzadi de Derecho y Nuevas Tecnologías	1696-0351	General	3 exemplares anuales
Revista Aranzadi de Derecho de Deporte y Entretenimiento	2171-5556	Administrativo	4 exemplares anuales
Revista de Derecho de Sociedades	1134-7686	Mercantil	2 exemplares anuales
Revista de Derecho Patrimonial	1139-7179	Civil	3 exemplares anuales
Revista Aranzadi de Derecho y Proceso Penal	1575-4022	Penal	4 exemplares anuales
Revista Aranzadi de Derecho Ambiental	1695-2588	Administrativo	3 exemplares anuales
La Administración Práctica	0210-2781	Administrativo	12 exemplares anuales
Revista española de Derecho Administrativo	0210-8461	Administrativo	7 exemplares anuales
Revista española de Derecho Financiero	0210-8453	Fiscal/tributario	4 exemplares anuales
Revista Española de Derecho del Trabajo	2444-3476	Laboral	11 exemplares anuales
Revista Española de Derecho Europeo	1579-6302	Europeo	4 exemplares anuales
Revista Cuadernos Civitas de Jurisprudencia Civil	0212-6206	Civil	3 exemplares anuales
Anuario de Derecho Concursal anuales	1698-997X	Mercantil/concursal	3 exemplares
Revista de Derecho Mercantil	0210-0797	Mercantil	4 exemplares anuales
Revista Quincena Fiscal	1132-8576	Fiscal/tributario	22 exemplares anuales
Revista Información Laboral	0214-6045	Laboral	12 exemplares anuales
Revista de Derecho de Familia	1139-5168	Civil	4 exemplares anuales
Revista de derecho migratorio y extranjería	1695-3509	Administrativo	3 exemplares anuales
Revista de Derecho Bancario y Bursátil	0211-6138	Mercantil	4 exemplares anuales
Revista Fiscalidad Internacional y Negocios Transnacionales	2445-2165	Fiscal/tributario	3 exemplares anuales

O acceso ás citadas publicacións é concurrente em ata 10 usuarios adicionais e qa ofertta inclúe asimesmo cinco licenzas de acceso á base de datos Aranzadi Instituciones (Westlaw)

A citada proposta ten un custe total de 18,477'06 € (Base 15,270'30,€ máis 21% Ive 3,206'76 €), para o período marzo de 2019 a febreiro de 2020, e con este importe se daría adecuado suministro aos Servizos, xa que se estima que os accesos son suficientes para este fin. Por outra banda, disporíase de cinco licenzas á base de datos Aranzadi Instituciones (Westlaw), cuxas claves se entregarán seguindo as instrucións ó respecto do Sr. Concelleiro da Área





## Concello de Vigo

**TERCEIRO.-** A Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público establece o seguinte:

Disposición adicional novena. Normas especiales para la contratación del acceso a bases de datos y la suscripción a publicaciones.

1. La suscripción a revistas y otras publicaciones, cualquiera que sea su soporte, así como la contratación del acceso a la información contenida en bases de datos especializadas, y en la medida en que resulten imprescindibles, la contratación de los servicios necesarios para la suscripción o la contratación citadas anteriormente, podrán efectuarse, cualquiera que sea su cuantía siempre que no tengan el carácter de contratos sujetos a regulación armonizada, de acuerdo con las normas establecidas en esta Ley para los contratos menores y con sujeción a las condiciones generales que apliquen los proveedores, incluyendo las referidas a las fórmulas de pago. El abono del precio, en estos casos, se hará en la forma prevista en las condiciones que rijan estos contratos, siendo admisible el pago con anterioridad a la entrega o realización de la prestación, siempre que ello responda a los usos habituales del mercado.

2. Cuando los contratos a que se refiere el apartado anterior se celebren por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, las entidades del sector público contratantes tendrán la consideración de consumidores, a los efectos previstos en la legislación de servicios de la sociedad de la información y comercio electrónico.

**CARTO.-** O gasto pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 “Libros e outras publicacións”, do orzamento corrente.

Polo exposto, propóñse á Xunta de Goberno Local, competente segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda.4 da Lei 9/2017, previa remisión á Intervención Xeral ós efectos oportunos, a adopción do seguinte,

### ACORDO

1.- Autoriza-lo réxime excepcional previsto na Disposición Adicional 9ª da Lei 7/2017 para a suscripción a Bases Xurídicas e publicacións especializadas, segundo a proposta remitida pola empresa e que se adxunta ó expediente, para o período marzo de 2019 a febreiro de 2020, có tratamento de contrato menor de servizos, para o contrato ó que se refire a oferta adxunta

2.- Autoriza-lo gasto e comprometer o pago a prol de EDITORIAL ARANZADI SAU con NIF A81962201, de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo importe da citada proposta de 18,477'06 € (Base 15,270'30,€ máis 21% IVE 3,206'76 €), para o período marzo de 2019 a febreiro de 2020,, que pode ser imputado á partida 9200.220.01.00 “Libros e outras publicacións” do orzamento corrente.

3.- En ningún suposto a execución desta resolución dará lugar ó fraccionamento do obxecto do contrato, entendéndose que o mesmo debe de abarcala totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do mesmo.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **27(238).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DA “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2019” ORGANIZADA POR FARO DE VIGO, S.A.U. EXPTE. 16907/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 13/03/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Administración Xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 11/03/19) e a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario da “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2019” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (PCAP).

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de marzo de 2019, adoptou o seguinte acordo:



## Concello de Vigo

*“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario da GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2019, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Deportes – Director deportivo, de data 28 de febreiro de 2019.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 1 de marzo de 2019.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros.*

*O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía).*

*O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art 101.1 LCSP é de 61.983,47 euros.*

*Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

*Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP”.*

**Segundo.-** O 8 de marzo de 2019 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Terceiro.-** Con data do 8 de marzo de 2019 FARO DE VIGO, S.A.U., presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello a través da plataforma de licitación electrónica, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Cuarto.-** O 12 de marzo de 2019, reúnense a responsable do contrato, a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, xunto coa técnica de Administración xeral de Contratación (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 11.03.19), na oficina de Contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa. Ao non estar debidamente cumprimentado o DEUC, concedéuselle un prazo de tres días ao licitador para a súa emenda.

O 13 de marzo de 2019 FARO DE VIGO, S.A.U. presentou documentación para emendar a documentación persoal.

Recibida a citada documentación reuníronse na Oficina de Contratación a xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e a técnica de Administración xeral de Contratación para a súa cualificación e apertura do sobre B. Revisada a documentación acordaron admitir a FARO DE VIGO, S.A.U. segundo consta na acta incorporada ao expediente.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorgou puntuación.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, ao ter presentado el os certificados de estar ao corrente nas obrigas coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social. Comprobouse así mesmo que está inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. Toda esta documentación foi incorporada ao expediente.

**Quinto.-** Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, a xefa do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FARO DE VIGO, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 13 de marzo de 2019 de emenda do sobre A e apertura do sobre B.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario da “Gran gala do deporte de Vigo e a súa comarca 2019” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (16907-101) por un prezo total de 70.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.148,76 euros.*”



## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **28(239).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE RÉPLICAS DA ESCULTURA DO BICENTENARIO DA CIDADE DE VIGO, OBRA DE SILVERIO RIVAS ALONSO, PARA ENTREGAR AOS GALARDONADOS COMO “VIGUESES DISTINGUIDOS 2019”. EXPTE. 16894/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12/03/19 e o informe de fiscalización de data 14/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 11/03/19, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico (en funcións de sinatura técnica da actividade administrativa do Gabinete de Alcaldía, Resolución do 06/07/2018), e a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial (en funcións de sinatura técnica superior no ámbito da unidade administrativa de Alcaldía, Resolución 14/04/2016), o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I.- Antecedentes

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade que consta no expediente, o Concelleiro delegado da Área de de Xestión municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica dispón que se inicie expediente administrativo dirixido á contratación por procedemento negociado sen publicidade da subministración de réplicas da escultura do Bicentenario da cidade de Vigo, obra de Silverio Rivas, para entregar aos galardonados como vigueses distinguidos 2019.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais previstas no artigo 25.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (promoción da cultura).

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola Xefa de Patrimonio Histórico, en funcións de sinatura técnica da actividade administrativa do Gabinete de Alcaldía, Resolución 06.07.2018, de data 7 de marzo de 2019.
- Memoria xustificativa do contrato de data 8 de marzo de 2019 asinada pola Xefa de Patrimonio Histórico, en funcións de sinatura técnica da actividade administrativa do Gabinete de Alcaldía, Resolución 06.07.2018.

- Prego de Prescricións técnicas particulares de data 7 de marzo de 2019, asinado pola Xefa de Patrimonio Histórico, en funcións de sinatura técnica da actividade administrativa do Gabinete de Alcaldía, Resolución 06.07.2018.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 8 de marzo de 2019.

## **II.- Condicións definatorias do contrato**

### II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do presente contrato consiste na subministración de dezanove réplicas da escultura do Bicentenario da cidade de Vigo, realizada polo prestixioso escultor galego, Silverio Rivas Alonso (35.983.583Z).

En concreto, trátase de dezanove pezas en aceiro inoxidable pulido brillante, escala 1/22, con texto gravado na base (que será determinado polo Concello).

Non é posible acudir a unha división contractual en lotes toda vez que a natureza do contrato, creación de dezanove réplicas dunha escultura única cuos dereitos de explotación corresponden ó propio autor, non admite prestacións separables.

A tenor do establecido no artigo 28 da LCSP, en relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive deste expediente, así como os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, os mesmos atópanse xustificados no informe de necesidade e idoneidade da contratación do subministro.

Con este contrato preténdese satisfacer a facultade de distinguir as persoas que sobresaíron ao longo das súas vidas, polas súas virtudes humanas ou polo seu facer profesional. Para elo outorgáselle o título de “Vigués distinguido”. Para agasallar os nomeados outorgáselles, entre outros galardóns, unha escultura. Con este contrato preténdese adquirir estas esculturas.

### II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación

Tendo en conta o obxecto do contrato e o importe do mesmo, resulta aplicable o procedemento negociado sen publicidade en virtude do artigo 168.a).2º da Lei 9/2017, que ampara aqueles supostos nos que **proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial.**

Deste xeito, a subministración de réplicas da escultura do Bicentenario da cidade de Vigo só pode ser encomendada ao artista Silveiro Rivas Alonso, como autor da escultura obxecto da réplica, como consecuencia dos seus dereitos, recollidos no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

### II.3.- Prezo e valor do contrato

En cumprimento do artigo 102.3 da Lei 9/2017, “os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta



## Concello de Vigo

estimación do seu importe, atendendo ao prezo xeral do mercado, no momento de fixar o orzamento base de licitación”.

Trátase do límite máximo de gasto que en virtude do contrato poda comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE

Neste caso, tómase como valor de referencia o prezo das réplicas desta escultura en anos anteriores, sendo axeitado xa que logo aos prezos do mercado, concretamente 2016, 2017 e 2018, que ascendía a 1.500 euros cada unidade, máis o 10% do IVE, que sumaría un valor unitario de 1.650 euros.

Así, o prezo do contrato é de TRINTA E UN MIL TRESCENTOS CINCUENTA EUROS ( 31.350,00 € ) sendo o importe correspondente ao IVE de DOUS MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS ( 2.850 €).

Tal e como establece o artigo 101 LCSP, o valor estimado do contrato é de VINTE E OITO MIL CINCOCENTOS EUROS (28.500 €). Téñense en conta a natureza do contrato, suministro de 19 esculturas réplica do mesmo modelo realizadas polo mesmo autor, polo se consideran tódolos custos de execución material, gastos xerais e beneficio, sen que se admitan modificacións á alza, así como os custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes.

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2260100 (GASTOS ÓRGANOS DE GOBERNO) do vixente orzamento para o ano 2019.

### II.4.- Criterios de valoración e xustificación e materias obxecto de negociación

En relación os criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 145 da Lei 9/2017, “a adxudicación dos contratos realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo” e “en todo caso estarán vinculados ao obxecto do contrato”.

Neste caso, a subministración só pode ser encomendada ao artista Silveiro Rivas Alonso, como autor da escultura obxecto da réplica, como consecuencia dos seus dereitos, recollidos no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Así, fíxase como criterio de adxudicación a redución do prezo do contrato, en virtude do sinalado 146.1 LCSP. Dado que neste procedemento hai un único licitador, non se lle outorgará puntuación.

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato. No entanto, neste caso, dado que a empresa foi seleccionada, as esculturas determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma.

### II.5 Revisión de prezos

Non procede.

#### II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

#### II.7.- Subcontratación

Dada a natureza do contrato, non se admite subcontratación por canto o seu obxecto abarca prestacións persoalísimas que só poden ser executadas polo artista.

#### II.8.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución do contrato será de dez días.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

#### II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

#### II.10.- Responsable do Contrato

A responsable do contrato será a Xefa de Patrimonio Histórico, en funcións de sinatura técnica da actividade administrativa do Gabinete de Alcaldía, Resolución 06.07.2018

#### II.11.- Entrega e recepción dos subministros:

O adxudicatario estará obrigado a subministrar os bens no prazo e lugar fixados neste prego.

As esculturas entregaránse nas dependencias da Alcaldía na Casa Consistorial.

#### II.12.- Condicións especiais de execución:

Establécense como condicións especiais de execución as seguintes de tipo medioambiental:

1. A minimización do consumo de recursos naturais como materias primas, combustibles e auga.
2. A mínima xeración de residuos perigosos e non perigosos así como a súa reutilización ou reciclaxe.

O cumprimento destas condicións especiais de execución poderá verificarse en calquera momento polo responsable do contrato, solicitando ao contratista a documentación que estime pertinente. En todo caso, comprobarase esta circunstancia ao tempo da finalización do contrato. Para estes efectos, en todos os contratos, coa última factura, o contratista presentará unha memoria xustificativa deste cumprimento.





## Concello de Vigo

### II.13.- Solvencia

#### 13.1.- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior a 10.000,00 euros.

#### 13.2.- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre venta de esculturas de natureza semellante por valor de 10.000,00 euros.

### **III.-Proposta**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, da subministración de dezanove réplicas da escultura do Bicentenario da cidade de Vigo, realizada polo prestixioso escultor galego, Silverio Rivas Alonso.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola Xefa de Patrimonio Histórico, en funcións de sinatura técnica da actividade administrativa do Gabinete de Alcaldía, Resolución 06.07.2018., con data 7 de marzo de 2019.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 8 de marzo de 2019.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de TRINTA E UN MIL TRESCENTOS CINCUENTA EUROS ( 31.350,00 € ) sendo o importe correspondente ao IVE de DOUS MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS ( 2.850 €).

·O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 9120.2260100 (GASTOS ÓRGANOS DE GOBERNO).

·O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art 101.1 LCSP é de VINTE E OITO MIL CINCOCENTOS EUROS (28.500 €).

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de que só pode encomendado a un empresario determinado (artigo 168.a).2º), e ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**29(240).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez